



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 21

Sesión plenaria
25 de setembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-BzoZ5CJT2-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 767 (12/PNP-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que deben desenvolver, respectivamente, as consellarías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

6.2 3402 (12/PNP-000378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

6.3 6108 (12/PNP-000643)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que elabore un estudo dos custos que suporía o rescate e a gratuidade da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

6.4 9285 (12/PNP-000795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que concirne ao incremento de prazas de persoal docente en educación primaria e secundaria logo da previsible eliminación da taxa de reposición

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

6.5 10670 (12/PNP-000876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia co fin de promover políticas para xerar un maior valor engadido no sector lácteo galego e afrontar as consecuencias que sofre pola actual crise de prezos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 81f1, do 11.09.2024



6.6 10753 (12/PNP-000886)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás medidas que afectan a Sogama adoptadas tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 81f1, do 11.09.2024

Punto 7. Interpelacións**7.1 1377 (12/INT-000068)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre o balance das políticas de normalización lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

7.2 2985 (12/INT-000201)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e tres deputados/as máis**

Sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

7.3 5103 (12/INT-000306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Insua Lema, Óscar**

Sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

7.4 5504 (12/INT-000329)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

7.5 10609 (12/INT-000467)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024



Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

8.1 11329 (12/POPX-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a situación actual da xestión económica respecto do financiamento e da xestión dos fondos públicos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

8.2 11330 (12/POPX-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as propostas que prevé defender o Goberno galego para reclamar un financiamento xusto para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 7388 (12/POP-000980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a planificación da estratexia fronte á aparición de especies invasoras que afectan o litoral galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 61, do 06.08.2024

9.2 7417 (12/POP-000995)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia co fin de acadar o traspaso dos medios materiais e persoais para asumir a xestión completa do litoral galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

9.3 9948 (12/POP-001566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a suficiencia da dotación de profesorado do CPIP Cabo da Area, de Laxe, para garantir a atención ao alumnado con necesidades especiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

9.4 10200 (12/POP-001631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Rianxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024



9.5 11306 (12/PUP-000043)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre o prazo en que o Goberno galego pensa abrir os cinco centros de crise 24 horas prometidos hai máis dun ano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

9.6 9978 (12/POP-001571)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como *Bono Remuda* para o fomento da remuda xeracional no pequeno comercio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

9.7 11191 (12/PUP-000040)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre os compromisos do Goberno central en relación cos descontos nas tarifas das autoestradas estatais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

9.8 9058 (12/POP-001480)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do plan desenvolvido pola Xunta de Galicia para a cobertura especial levada a cabo na atención sanitaria durante o verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

9.9 11326 (12/PUP-000044)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego ante a situación das frotas do cerco e de artes menores derivada da falta de cota de sardiña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dezasete minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual da xestión económica respecto do financiamento e da xestión dos fondos públicos en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 15S.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as propostas que prevé defender o Goberno galego para reclamar un financiamento xusto para Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás medidas que afectan a Sogama adoptadas tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 25.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 30.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 32.)

O señor Trenor López (P) intervéñ para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 34.)

O señor presidente xustifica a inasistencia da señora Longueira Castro (S). (Páx. 36.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Iria Carreira Pazos, sobre as accións que deben desenvolver, respectivamente, as consellarías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención* (Páx. 36.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que elabore un estudo dos custos que suporía o rescate e a gratuidade da autoestrada AP-9: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que concirne ao incremento de prazas de persoal docente en educación primaria e secundaria logo da previsible eliminación da taxa de reposición: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia co fin de promover políticas para xerar un maior valor engadido no sector lácteo galego e afrontar as consecuencias que sofre pola actual crise de prezos: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás medidas que afectan a Sogama adoptadas tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular: *aprobada por 39 votos a favor, 33 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 38.)

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance das políticas de normalización lingüística. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 38)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 42.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 45.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 47.)

Interpelación de D. Julio Abalde Alonso e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 52.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 57.)



Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) anuncia o debate acumulado de dúas interpelacións, as rexistradas cos documentos 5103 e 5504. (Páx. 59.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Óscar Insua Lema, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais. (Punto sétimo da orde do día.)

Interpelación de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 60.) e Sra. Castro Rey (S). (Páx. 62.)
Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 65.)
Réplica do autor e da autora: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 69.) e Sra. Castro Rey (S). (Páx. 71.)
Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 73.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 75.)
Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 79.)
Réplica da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 81.)
Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 83.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia co fin de acadar o traspaso dos medios materiais e persoais para asumir a xestión completa do litoral galego. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Trenor López (P). (Páx. 85.)
Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 86.)
Réplica do autor: Sr. Trenor López (P). (Páx. 87.)
Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 87.)

Pregunta de D. Xosé Daniel Pérez López e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a suficiencia da dotación de profesorado do CPIP Cabo da Area, de Laxe, para garantir a atención ao alumnado con necesidades especiais. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 88.)
Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 90.)



Réplica da autora: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 92.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Rianxo. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 96.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo en que o Goberno galego pensa abrir os cinco centros de crise 24 horas prometidos hai máis dun ano. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 100.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional no pequeno comercio. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (BNG)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez)*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (BNG)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez)*. (Páx. 103)

Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central en relación cos descontos nas tarifas das autoestradas estatais en Galicia. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 108.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do plan desenvolvido pola Xunta de Galicia para a cobertura especial levada a cabo na atención sanitaria durante o verán. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 112.)

Remata a sesión ás cinco e vinte e catro minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e dezasete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto oitavo da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual da xestión económica respecto do financiamento e da xestión dos fondos públicos en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben.

Moitas grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Esta longa fin de semana falou vostede moito de financiamento. É certo que probablemente non falou onde debería falar e con quen debería falar, que é onde se deben defender os intereses do noso país. Falou para o seu partido, falou nos medios de comunicación, e, máis ou menos, na liña xeral, falou de Cataluña, de confrontación, de que o mundo se acaba, de que esta lexislatura non vale para nada... En definitiva, de cuestións das que ata ese punto nos tiña vostede acostumbrados.

A verdade é que, noutra orde de cousas e falando de financiamento, esta fin de semana tamén deu para moito. Falaban vostedes dun financiamento que ía perder Galicia co futuro marco de financiamento autonómico, e aí a verdade é que deron cifras de todo tipo. Eu vou falar nesta intervención só das cifras que vostedes dan; non vou poñer cifra ningunha do Partido Socialista, senón das que vostedes estiveron dando durante este longa fin de semana. O domingo dixeron que eran 400 millóns o que perdía Galicia co novo marco de financiamento autonómico —que aínda non está aprobado, pero, bueno, vostedes xa teñen a cifra de 400 millóns—, o luns dixeron que 450, e eu tiña apuntado onte, para esta intervención, que hoxe serían 500 ou 550. Pero ¡ai, non!, ¡cal é a miña sorpresa que hoxe xa o conselleiro fala de 628! Aí afinamos xa dunha maneira absolutamente clara.

En canto a infrafinanciamento, a fin de semana tamén deu para moito. O venres o conselleiro falaba de 600 millóns nun artigo, nun medio de comunicación. (*O señor Gómez Besteiro mostra un documento.*) O domingo, o presidente da Xunta falaba de 700, con case 48 horas de diferenza. Pero o luns xa desbordamos e falamos de 800 nunha entrevista que publicou o diario *El Mundo*, (*O señor Gómez Besteiro mostra outro documento.*) case 200 millóns de diferenza. A verdade é que iso é inflación, e non a de Argentina nos seus tempos. ¡Certo! A única cifra fixa da que lle falo eu e da que lle levamos falando durante estes últimos meses é a de 470 millóns —469.422— que é a débeda do sobrecusto do Álvaro Cunqueiro.



Pero é verdade que vostede esta fin de semana —e no venres en concreto— tiña unha oportunidade de defender e de falar de Galicia e do financiamento singular, de falar de por que nós queremos financiamento singular, de por que necesitamos un financiamento singular. Pois necesitamos un financiamento singular porque temos unhas necesidades singulares no noso país. Pero vostede, ¿apostou polo financiamento singular de Galicia? Non, apostou, na entrevista co presidente, polo financiamento singular de Altri; iso si lle preocupaba, aí si que aceptaba unha relación bilateral. Financiamento singular para Galicia, non; pero financiamento singular para un proxecto empresarial, si.

Plantexouse o tema da débeda; 2.500 millóns dixo vostede que ten Galicia de débeda co FLA e tampouco quere falar da débeda, de condonar a débeda para Galicia. A verdade é que é sorprendente. Espero que nos conte a todos os galegos e galegas, máis alá dos medios de comunicación e das xuntanzas do Partido Popular, por que vostede non quere que a Galicia se lle condone a débeda. É unha cuestión curiosa.

E perdeu tamén unha oportunidade importante de falar dos orzamentos do Estado. Si, eses orzamentos que deberían reflectir as cuestións que preocupan tamén en Galicia desde o punto de vista do Estado, pero tampouco quixo, porque, evidentemente, tampouco lle preocupan. Imos camiño, efectivamente, de que o Partido Popular e vostede fagan unha dinámica de financiamento absolutamente absurda, sen xeito, sen xustificar e, sobre todo, sen precisar. A imaxe que traslada ese baile de cifras ao exterior é unha imaxe dunha absoluta insolvencia e de pobreza argumental. En vez de defender os intereses de Galicia nesta longa fin de semana, preocúpase de defender os intereses do seu partido e de Alberto Núñez Feijóo, e iso é realmente preocupante para quen ostenta a máis alta instancia e maxistratura do noso país, a defensa dos nosos intereses

Non quixo falar de financiamento, non quixo falar de condonación, non quixo falar de responsabilidade fiscal, algo que é extraordinariamente importante no mundo fiscal, pero, iso si, no campo dos ingresos, vostede tamén nos deixou unha perla nesa entrevista con *El Mundo* dicindo que a partir de aí, cando un plantea as rebaixas fiscais, é a súa propia responsabilidade: rebaixamos os impostos ás rendas máis ricas, case 264 millóns de condenacións....

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: ...e de perdón para as rendas máis ricas, pero, iso si, dos temas importantes, dos que nos prexudican ou nos benefician a todos os galegos e galegas, á inmensa maioría, diso non queremos falar. Financiamento singular, non, porque non temos necesidades singulares, como di vostede; condonación da débeda, tampouco, porque estamos sobrados, evidentemente; e plantexar os proxectos estruturais dende o Estado, tampouco lle interesa. ¿Quen vai pagar? O de sempre, a inmensa maioría dos cidadáns en Galicia, e os concellos, para os cales vostede ten unha receita práctica:...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: ...máis impostos é máis custos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, dicía vostede: na fin de semana non falou con quen debería falar. Falei co presidente do Goberno. ¡Como lle escoite, a ver que lle parece! Empecei falando con el, evidentemente. Visto o resultado, non debía falar con el. Pero eu vouno seguir intentando, vouno seguir intentando, porque non deu satisfacción absolutamente a ningunha das necesidades de Galicia.

Mire, estou encantado de que vostede concorde comigo, coa inmensa maioría de Galicia e, dende logo, con calquera experto económico que faga unhas cifras minimamente obxectivas en que os plans de financiamento singular de Pedro Sánchez a Galicia van facerlle perder moitos cartos. Agora, se quere, discutimos se son 444 ou 628, que é o que me estaba discutindo vostede, canto iamos perder.

Sentada a base —vai por bo camiño, porque é así, que imos perder—, eu explícollo, e explícollo en función dos datos que me dá o Goberno, que saca as liquidacións con bastante atraso: de acordo coa liquidación do ano 2021, 444 millóns; de acordo coa liquidación do ano 2022, que acabamos de coñecer, 628. Se a iso lle engadimos unha serie de factores que van ser tidos en conta tamén, aí ten vostede os 700 millóns. Estamos de acordo, perdemos, e agora, se queren, discutimos as cifras, señor Besteiro; pero, perder, perdemos. (*Aplausos.*)

Mire, eu agradezo moito a pregunta e a súa oportunidade. Vostede pregunta: ¿que imos facer coa xestión económica dos fondos públicos en Galicia na actualidade? Pregunta sobre a que opinamos e que estamos facendo. É unha pregunta oportuna e moi de actualidade, non só pola que está caendo —o que vostede comentaba—, senón tamén porque, como sabe, rendemos á conta correspondente ao exercicio de 2023 no Consello do luns. E, como dicía —citando o presidente—, no acto que acabamos de ter hai media hora —«dato, efectivamente, mata relato»—, ¿sabe cales son os datos da xestión económica deste goberno? En primeiro lugar, executamos practicamente o cen por cento do orzamento, o orzamento máis alto da historia. ¿Quere outro dato? Baixamos o déficit público case 3 décimas, estamos practicamente en déficit 0; nada que ver co déficit desbocado, que, por certo, todo queda para o Goberno central e nada para as comunidades autónomas.

¿Quere outro dato que mata relato? A débeda pública baixámola en máis dun punto. Estamos no nivel de débeda en Galicia máis baixo dende o ano 2012, todo o contrario do que está facendo o señor Sánchez.

¿Quere outro dato que mata relato? Somos a comunidade autónoma que máis rápido paga as facturas; once días mellor que a media das comunidades autónomas.



¿Quere outro? Estamos subindo o gasto investidor, a pesar de non baixar... Tamén está en cifras récord o gasto social, o gasto en sanidade, o gasto en educación. Seguimos investindo, un 5 por cento máis que o ano pasado.

¿Quere outro dato? É a única comunidade autónoma na que subiu o nivel económico con referencia á media da Unión Europea. Temos o segundo PIB que máis medrou dende o ano 2009 en España. A produción industrial segue medrando e a confianza empresarial segue medrando.

Pero, se quere o dato definitivo, voulo dar. Eu creo que estas cifras non son malas, sinceramente, señor Besteiro, e que nós tomamos en serio, como vostede pregunta, a xestión económica. A nos non nos dá igual se hai orzamento ou non, non dicimos un día que o teito de gasto, a senda, non vale para nada e outro imos a Bruxelas peregrinando a ver se, por fin, conseguimos que nola aproben. Un día sae un ministro dicindo que non fai falta ter orzamento para investir mil millóns e ao día seguinte saen dicindo que o orzamento é fundamental e que a culpa de que no se aprobe é nosa... Hai que tomar as cousas en serio, señor Besteiro, e as cousas así saen mellor.

Mire, o dato final, o dato que mata todo relato é que, afortunadamente, cada vez nós nos parecemos menos ao Goberno central, e eu teño a humildade suficiente para saber que non podo dicir que a economía galega vai como un foguete, porque sempre pode ir mellor, pero creo que tamén teño sentidío e realismo para dicir que se as cousas van razoablemente ben é porque hai un goberno unido, un goberno con rigor e un goberno que toma en serio a xestión económica, exactamente todo o contrario do Goberno do señor Sánchez, ao que vostede —acabámolo de comprobar outra vez— vai aplaudir faga o que faga, incluso aínda que pase de Galicia, como fixo o venres pasado.

Eu quería reunirse con el. Segundo vostede, reunímonos coa xente non axeitada. Empezo a pensar que quizais teña razón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben.

Moitas grazas, señor presidente.

Imos ao gran e a ver se nos contesta, porque as elucubracións que fixo agora no seu turno realmente, bueno...

Díxenlle os datos que vostedes deran nesta longa fin de semana: 600, 700, 800... E imos ir máis para arriba. Estou seguro diso, dos datos; non os datos que lle dixen do Partido Socialista, en absoluto. Ademais, díxenllo desde o principio. ¡Alá vostede! Eu creo que é pouco



fiable quen baila, quen ten un baile de cifras, como teñen vostedes en infrafinanciamento e en servizos. Pero a vostede do que eu o responsabilizo é de que co presidente do Goberno non falase do financiamento singular, das necesidades singulares que ten Galicia. É que vostede non quixo falar diso, porque hai que falar nun ámbito multilateral. E coa condonación da débeda, igual; tampouco contestou. ¿Por que non quere que a Galicia se lle condene débeda? Di: «Non, é que fomos moi bos xestores e, entón, ese é un premio aos malos xestores». Ese argumento —coincidirá comigo—, cando menos, é un pouco —por dicilo dunha maneira— infantil.

A pregunta que queren saber os galegos é: ¿por que non quere que a Galicia lle condenen a débeda? Bueno, e aí poderemos discutir volume, porcentaxes, canto, e seguramente coincidamos máis do que vostede cre. Pero a pregunta é: ¿por que di non? ¿Por que non quere entrar nesa senda e por que cando ten diante o presidente do Goberno non lle plantea que para os futuros orzamentos do Estado —ogallá que os haxa no Estado— se planteen esas necesidades que tamén temos en Galicia? Pero diso non queren falar.

O pasado 15 de xullo no Consello de Política Fiscal e Financeira as comunidades abstivéronse, pero despois o Partido Popular no Congreso votou en contra da senda de gasto. Queren, pero non queren, ou, ao mellor, pode plantear uns orzamentos moi bos para Galicia que contén co apoio dos deputados do Partido Popular, tamén é posible.

Por certo, quedou de levarme a Madrid e non me levou, e iso que os meus compañeiros dixeron: non te vai levar. E eu díxenlles: que si que me vai levar. Pero non me quixo levar. Para o papel que fixo, eu prefiro non estar alí.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Besteiro, a vostede mandárono de volta aquí. Se o volvo levar eu para alí, ao mellor... (*Risos.*) (*Aplausos.*) Non quero... (*Aplausos.*) Non sei eu a cara que ía poñer o seu xefe se o ve aparecer alí de volta outra vez. (*Risos.*) Non, non, seguro que se fixo ilusións. (*Risos.*) Aquí moi ben non está, iso vese clarísimamente.

Mire, di vostede que as cifras van ir para arriba. Si, si, sen ningunha dúbida. Onte empezou a subasta con Junts. Xa veremos... Xa dicía un dos representantes do independentismo catalán que por fin o PSOE empeza a entender e que, polo tanto, a subasta vai ir para arriba; por suposto, para un territorio, a custa dos outros. ¿Vostede está de acordo con iso? ¿Vano apoiar aquí? ¿Van apoiar que un territorio siga restándolles aos demais, porque ten a capacidade de facerlle chantaxe ao presidente máis chantaxable da historia da democracia? ¿Van estar de acordo con iso? ¡É bo sabelo!

Pregúntame por que non quero aceptar a débeda. Mire, moi fácil, porque isto consiste en intercambiar a débeda dunhas comunidades autónomas con menos débeda e que nós teña-



mos que aceptar a débeda da comunidade autónoma máis endebedada, que ten trinta e dúas veces máis débeda ca nós. É un negocio ruinoso para Galicia, señor Besteiro, ¡ruinoso! (*Aplausos.*) Mire, é tan ruinoso que nin Pedro Sánchez entendeu que non mo tiña que plantear nin a min nin ao presidente de Andalucía, porque se dá conta de que, ¡home!, unha cousa é o que vostede diga aquí, sen analizar moito, e outra cousa é cando analizas ben as cousas. E o presidente do Goberno dáse conta de que hai propostas que non pode facer, porque xa vai saber a resposta, porque non queremos negocios ruinosos, señor Besteiro.

Dime que ogallá que haxa orzamentos. Imaxine que eu dixese tamén: ¡Oxalá que haxa orzamentos en Galicia! ¡A ver se temos sorte...! (*Risos.*) Bueno, se non os hai, é igual; depende do día que mo pregunte... Hai días que son imprescindibles e hai días nos que que non pasa nada. Ese é o goberno que vostede defende, señor Besteiro.

Mire, eu saín moi preocupado desa reunión —probablemente sexa o galego máis preocupado—, porque vin o que había. E o segundo tería que ser vostede, porque, voulle dicir unha cousa: de todo o que vostede di aquí que lle preocupa a Pedro Sánchez —as transferencias, os investimentos, os fondos ...—, eu dígolle que non lle preocupa absolutamente nada; non ten nada diso na cabeza con respecto a Galicia. Mire, comenteille o seu compromiso de que as autopistas ían ser gratis, e ¿sabe que fixo? Botar un sorriso —e creo que foi bastante piadoso—, e non dixo nada máis.

Ao final, señor Besteiro, vostede queda de mentireiro. Eu, sinceramente, con esas ganas que ten de ir a Madrid, que xa non é capaz nin de disimulalas, dígolle que, se vai alí, transmita outra imaxe da que me dá a impresión que está dando aquí, de partido submisivo, de partido que vai aplaudir calquera cousa que faga Pedro Sánchez. Ese partido sen pulso, ao final, non é bo para Galicia. Pregúntese por que vostedes aquí neste Parlamento dan tabaco —dígollo con todo cariño— e pregúntese por que outros presidentes socialistas son presidentes nas súas comunidades autónomas: porque son capaces de rebelarse, porque decidiron que están onde teñen que estar. E están a gusto; polo menos non din que queren ir a Madrid e traballan polas súas comunidades autónomas, e iso é moi lexítimo.

Voulle ofrecer unha oportunidade de reivindicar un pouco. Mire, o ministro de Política Territorial non estivo na reunión, pero, ao saír, supoño que porque llo diría o presidente do Goberno... Dixo só unha cousa; dixo que si, que transmitiría ao resto dos ministerios. Imos insistir nos ministerios. Todos os conselleiros van dirixirse por carta a eles pedindo entrevistas e recordando os asuntos que eu lle deixei nun dossier. Ao único que dixo que si —¡que só faltaría!— era a convocar xa a Comisión Mixta para a Transferencia do Litoral, despois de ter media hora antes ao lehendakari, que estivo pedindo o mesmo polo que nós levamos loitando ata no Tribunal Constitucional, porque non o ven, non nolo dan e négannolo. Pois agora resulta que en catro meses o vai ter o País Vasco. Pois nós tamén, porque non somos máis ca ninguén, pero, dende logo, tampouco menos ca ninguén. (*Aplausos.*) ¿Está vostede de acordo en apoiarnos niso?

Mire, os conselleiros dicían que se dirixirán por carta a cada ministerio. Voume eu dirixir directamente ao ministro de Política territorial para que convoque inmediatamente, xa esta



mesma semana, a Comisión Mixta de Transferencias. Veremos se niso, polo menos, o presidente do Goberno ten palabra.

Eu pregunto: ¿van reclamar todo isto con nós?...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ¿Van poñerse da parte de Galicia? Teñen unha oportunidade, señor Besteiro. Eu recomendaríallo, sinceramente, por Galicia, e incluso por vostedes.

Mire, nós imos seguir traballando, haxa colaboración ou non, siga habendo discriminación ou non. Espero que non. Se o Goberno se dá conta de que a Galicia hai que prestarlle atención, as cousas irán mellor; se non, pódolle asegurar que Galicia seguirá funcionando. E a mellor proba, o primeiro chanzo de aprobar o orzamento, como todos os anos —xa sei que iso non é unha noticia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...porque o facemos sempre, pero quizais empece a ser noticia—, é que en Galicia o facemos sen ter que dicir «si, bwana», sen ser fans de ninguén e sen vendernos a ninguén. Isto cada vez é máis importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as propostas que prevé defender o Goberno galego para reclamar un financiamento xusto para Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: «*España se rompe*». Señor Rueda, permítame que fagamos un pouco de memoria: ano 1993. Felipe González necesita os votos nacionalistas e pacta a cesión do 15 por cento do IRPF ás comunidades autónomas. Resposta airada do Partido Popular: «*España se rompe*». ¡Que gran slogan! Pero é que en 1996 é Aznar quen necesita os votos dos nacionalistas e pacta a cesión do 30 por cento do IRPF e do 35 por cento do IVE. ¡Que casualidade!, cando o Partido Popular necesita os votos nacionalistas, España non rompe, e así levan con esta matraca trinta anos. ¡Este é o rigor do Partido Popular!, (*Aplausos.*) o mesmo rigor co que vostede aborda o debate do financiamento de Galiza no que nos estamos xogando as cousas de comer.

Teño aquí un acordo deste Parlamento de hai un ano. (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) Vostede votou a favor. Pedía a quitación da débeda. ¿Que pasou, señor Rueda? Díggollo eu: chegou o señor Feijóo e mandou parar. É vostede sempre manso e submisivo a Madrid, aínda que vaia en contra dos intereses deste país; ese é o señor Rueda. (*Aplausos.*)



¿Como pode dicir que non nos interesa reducir unha débeda de 14.297 millóns de euros, que, por certo, vostedes triplicaron? Sabe perfectamente, señor Rueda, que gasta máis en pagar a débeda que en dependencia, en vivenda, en investigación ou en loitar contra a violencia de xénero.

O certo é, señor Rueda, que nós xa sabiamos da súa incapacidade para defender este país, porque é que como presidente non conseguiu absolutamente nada. Pero o pasado venres superou todos os límites cando foi reunirse con Sánchez para ir en contra dos intereses deste país, porque vostede, cando cruzou a porta da Moncloa, non levaba o traxe de presidente da Xunta, levaba o uniforme de obediente militante do Partido Popular madrileño. Pisotea os intereses dos galegos e das galegas porque llo manda o Partido Popular de Madrid, pechando a porta á quitación da débeda negociada polo BNG, e negándose a que Galiza teña a chave dos seus cartos, como xa ten Euskadi e como vai ter Cataluña.

Señor Rueda, terá que explicarlle á cidadanía por que non quere a xestión do cen por cento dos cartos e prefire que outros o xestionen desde Madrid.

Señor Rueda, ten que explicar neste Parlamento de que lado está: do lado dos galegos e das galegas ou do lado do señor Feijóo; do lado da defensa dos intereses de Galiza ou do lado de ser un mero peón de Génova. Rectifique, señor Rueda, porque aínda está a tempo de evitar que vostede pase á historia como o presidente que sitúa Galiza como unha comunidade de segunda, aceptando as migallas do centralismo madrileño.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, ¿sabe cando rompe España?, que a vexo moi preocupada porque España rompa —está ben, formamos parte de España—. ¿Sabe cando rompe? Cando un presidente chantaxeado e contra as cordas por uns meses máis lle ofrece algo a algunha comunidade autónoma a custa das demais. Cando lles ofrece a todas á vez, España non rompe, señora Pontón, España non rompe. (*Aplausos.*)

Polo tanto, non faga trampas. Eu xa desespero de que vostede utilice as resolucións deste Parlamento; interprétaas como quere. En ningún caso nós apoiamos unha quita, señora Pontón. Se quere, lea a resolución á que se refire e dígame se realmente nós apoiamos, sen ningunha dúbida, unha quita. ¿Sabe por que non apoiamos unha quita? Polo mesmo que lle dicía ao señor Besteiro, señora Pontón: porque a Galicia non lle convén absoluto.

Pregúntame vostede que imos facer e que propostas temos para reclamar un financiamento xusto para Galicia. ¿Sabe cal é a primeira? Facer exactamente o contrario do que fan vostedes.



Nós non imos deixar que nos tomen o pelo, como llo toman a vostede, señora Pontón. Vostedes son moi bravos aquí e moi mansos en Madrid. ¿Sabe que durante a reunión de hora e media con Pedro Sánchez vostedes non saíron a colación en ningún momento? E eu ía falar de temas de financiamento, de compromisos. ¿Sabe o que lle digo?, ¿sabe cal é a miña impresión? Que o presidente do Goberno non ten nin idea, non ten constancia nin ten presente ningún acordo asinado con vostedes. Esa é a súa relevancia en Madrid, señora Pontón, (*Aplausos.*) ¡esa é a súa relevancia en Madrid!

É bastante... —non sei se a palabra é cómico ou entenecedor, ¡eu que sei xa!— que vostede me diga e me reclame a min que chegue a novos acordos de financiamento, innovadores, sobre a quitación con Pedro Sánchez, cando os vellos acordos do BNG —xa non sei cantos van— son reiteradamente incumpridos, entre outras cousas porque están absolutamente esquecidos pola outra parte, que os tiña que cumprir.

Señora Pontón, cando os galegos faloron no mes de febreiro e a vostede non lle gustou o que dixeron, vostede inventou un goberno na sombra e autonomeouse presidenta. Como non a tomaban moi en serio nin sequera os seus, debeuse aburrir, e agora está de conselleira de Facenda, pero eu recomendaríalle que traballe un pouco máis, que faga ben os cálculos, porque o «servizo financeiro Pontón» está dicindo que temos que pedir a quita, e non a pedimos porque é un negocio ruinoso.

Mire, o único que queren coa quitación da débeda é o que lle dicía antes ao señor Bes-teiro, que é intercambiar a débeda dunha das comunidades autónomas menos endebedadas —dicíalle antes que baixamos un punto máis a débeda máis baixa desde o ano 2012— e que asumamos nós a da comunidade autónoma que máis débeda ten, trinta e dúas veces máis ca nós.

Mire, cada galego tería que pagar, só con ese 20 por certo que nos están dicindo e non nos conta moito, 495 euros; os máis de 2.700.000 galegos terían que pagar 495 euros para que o independentismo catalán se libre deses intereses. A cambio, nós non gañamos absolutamente nada. E, por suposto, o presidente do Goberno diría que xa entramos no financiamento que el quere. ¿E que máis temos que pedir? Pois temos que pedir moitísimo máis, todo o que perdemos, máis de 700 millóns de euros de déficit de financiamento que temos agora mesmo. Aí temos que loitar, e vostede sábeo perfectamente, o que pasa é que non ten forza, porque iso non lles convén aos seus xefes, que son os independentistas cataláns. ¡É así, señora Pontón! Eles si que son tidos en conta en Madrid, e vostedes, absolutamente nada. Créame que hai que ir alí e falar co presidente do Goberno para ver que vostedes non pintaron absolutamente nada. Debería saber que ese cambio que pretende o presidente e a ministra Montero a nós non nos convén en absoluto.

Menos mal, sinceramente, que os galegos faloron no mes de febreiro e menos mal que vostede como presidenta dun goberno na sombra, como conselleira de Facenda ou como...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...xefa dos «servizos financeiros Pontón, Sociedade Limitada», menos mal que todo iso non é máis nin menos que unha ensoñación para o BNG. ¡Menos mal para Galicia!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, cada día é máis evidente e preocupante que vos-
tede non ten ningún proxecto para este país e que é incapaz de defender os intereses; por
iso vén aquí falar de todo menos do que se lle pregunta: cero propostas en materia de fi-
nanciamento.

E, mire, a pregunta que ten que facerse non é que conseguiu o BNG, que o saben, por exem-
plo, todas as persoas que pasan cada día polas peaxes da AP-9, que teñen uns descontos
históricos. O que debería de preguntarse é por que o venres, o lehendakari sae cunha axenda
de autogoberno con datas concretas e vostede sae coas mans baleiras. (*Aplausos.*) ¿Que con-
seguiu, señor Rueda, vostede para este país? Cero, absolutamente nada. E por riba boicotea
os acordos do BNG a favor deste país. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E un pouco, non sei, de consideración pola súa palabra, señor Rueda, e polo que se vota neste
Parlamento. (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) Esta é unha proposta de reso-
lución que pactamos entre o Partido Popular e o BNG, e que está asinada polo seu portavoz.
Aquí dise claramente que queremos condonación da débeda, que se se lles condona ás co-
midades do FLA... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ten que compensarse equi-
tativamente a todas. (*Murmurios.*) ¡Efectivamente!, ¡efectivamente! Estase pedindo a
condonación da débeda.

Porque de verdade, señor Rueda, explíquenos aquí por que vostede non quere ter máis cartos
para a sanidade, para a educación e para a dependencia, porque a quitación da débeda signi-
fica máis dispoñibilidade orzamentaria. Polo tanto, deixe de enganar os galegos e as galegas.

E están estes días no Partido Popular moi preocupados pola igualdade. ¿Onde estaba a súa
preocupación pola igualdade cando se socializaban as perdas da banca cun rescate millionario
de 90.000 millóns de euros? Por certo, o burato máis grande, Caja Madrid, con 22.000 mi-
llóns de euros, que tamén pagamos os galegos e as galegas. ¿Onde estaba a súa preocupación
pola igualdade cando, con cartos dos galegos e das galegas, se rescataban con 4.000 millóns
de euros as radiais madrileñas? (*Aplausos.*) A vostede a igualdade impórtalle o mesmo que
un rábano, ¡exactamente o mesmo! (*Aplausos.*)

O único que lle digo, señor Rueda, é que deixe de faltarlles ao respecto aos galegos e ás galegas
con esa matracca centralista de que somos un país pobre que vive da solidariedade madrileña.
¡Para nada!, vivimos do noso traballo e temos capacidade para poder xestionar os nosos re-
cursos. Non nos pagan a sanidade e a educación desde Madrid, pagámolas cos impostos deste



país. E o que ten que explicarlle á cidadanía é por que non quere a xestión do cen por cento. Hoxe quedou de manifesto que vostede, señor Rueda —vostede, señor Rueda—, non ten propostas para o financiamento. Eu quero deixarlle aquí as propostas do BNG.

Sente a concretar a quitación da débeda que negociou o BNG; e, en segundo lugar, defenda que teñamos a chave dos nosos cartos, como xa a ten Euskadi —e, por certo, ben que lle vai— e como a vai ter Cataluña. A única nación histórica que non vai ter ese status vai ser Galiza, e será a súa responsabilidade. Por entregarse ao egoísmo do centralismo madrileño, vai facer que Galiza quede como unha comunidade de segunda. Será a súa responsabilidade e, desde logo, terá o BNG en fronte, porque nós confiamos neste país e cremos que ter máis instrumentos para mellorar a vida das persoas é o máis importante. ¿E sabe que é o peor, señor Rueda?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Que vostede vai dicir aquí o que lle manden desde Génova, nin sequera fala por si mesmo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, ¿se eu tivese a metade de presente as políticas de Génova do señor Feijóo como as ten vostede, que segue obsesionada —obsesionada— ...! Xa estamos noutra, as eleccións xa llas gañei eu. Gañoullas o señor Feijóo moitas veces, e agora gañeillas eu. *(Aplausos.)* E, polo tanto, ¡asúmao! *(Aplausos.)* ¡Asúmao, señora Pontón! *(Aplausos.)* Era a terceira vez que se presentaba e volvementas perder. Polo tanto, a ver se pasamos pantalla. Eu traballo por Galicia todos os días e traballo con rigor, o rigor que lle pido a vostede e que é imposible obter.

Mire, a resolución —e vou lela— á que vostede se refería é que, no caso de condonación a comunidades que se adherisen ao FLA —e nós non somos—... Nós, loxicamente, pedimos que se nos compense equitativamente. ¿Isto é pedir a condonación? *(Aplausos.)* Señora Pontón, ¡un pouco de seriedade! ¡Un pouco de seriedade, de verdade! *(Aplausos.)* ¡É que así é todo, señora Pontón! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡Esta é a súa seriedade! ¡Con isto está dicindo que pedimos a condonación e queda tan tranquila, señora Pontón! *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, ¡ten vostede razón!... ¡Pero se é o mesmo!

Mire, ¿como que non teño propostas para o financiamento? Que nos reúna o presidente do Goberno, que dea a cara con todas as comunidades autónomas, que nos explique os pactos singulares aos que está chegando a custa dos demais e que lle dea a Galicia ese déficit na prestación dos servizos, que temos infrafinanciamento e que necesitamos. Esa é a nosa proposta.

Di vostede que o outro día saín sen nada nas mans. Bueno, é que depende de dúas partes: o que pide e o que non dá. Di que o lehendakari sacou moitas cousas, habería que velo. En todo



caso, eu voulle dicir unha cousa: se sacou algo... El ten un pacto co presidente do Goberno e vostede tamén, pero ¿sabe cal é a diferenza? Que vostede non saca absolutamente nada. (Aplausos.) ¡Nada, señora Pontón! (Aplausos.) ¡Nada! (Aplausos.)

¡Siga insistindo! (Aplausos.) ¡Siga insistindo! Non pintan absolutamente nada. ¡Xa me gustaría que pintasen algo, así faciamos todos forza! Eu en ningún caso podo apoiar a Pedro Sánchez porque as súas políticas son daniñas para Galicia. Vostede, como ten que ir en comandita cos seus xefes independentistas de Cataluña, si que o fixo; ¡pois polo menos que vales para algo, pero é que non vale absolutamente para nada!

Antes chamáballe «financeira». Rectifico, financeiros son os que, antes de tomar a decisión, fan o cálculo. Vostede non fai ningún cálculo; asina un papel, fai unhas fotos, di que manda moito e despois deixa que lle tomen o pelo. E é mansa alí absolutamente; son moi mansos en Madrid. Son moi bravos aquí para dicir algo e chegan alí e non din nada porque saben que de nada serve.

O outro día saía ameazando que lle ía retirar o apoio a Pedro Sánchez. Debe estar temblando, (Risos.) temblando absolutamente, de que vostedes lle retiren o apoio. Mire, ¿sabe cal é o problema? Que a súa obsesión —acaba de demostralo outra vez— é que quede claro que son máis nacionalistas ca ninguén, aínda que sexa perdendo máis ca ninguén. E pensa que nacionalismo e miserias son intercambiabes, e non o son; en Galicia nin miseria, nin nacionalismo, porque unha cousa trae á outra, señora Pontón. Respecto das propostas que vostede di —vólvolle dicir—, se eran tan boas, ¿por que o presidente do Goberno non me fixo nin unha soa desas propostas? Porque sabe que non o son, porque sabe que non teñen un pase e porque unha cousa é dicir cousas para que o PSOE, que o defende todo, sexa o que sexa —o maior club de fans que ten Pedro Sánchez en España está en Galicia—... O PSOE en Galicia vai defender o que sexa, je así lles vai!, pero sabe que a vostedes con estas cousas os teñen entretidos. E como non fai cálculos, como manexa datos á lixeira, como le propostas do Parlamento e as terxiversa e as interpreta dunha maneira que non ten nada que ver coa realidade, pois, entón, di estas cousas e vostedes entran perfectamente.

Mire, eu estou convencido de que se o independentismo catalán pide, como está pedindo, a amnistía, vostedes, a apoialo, aínda que sexa a custa da igualdade; se pide, como está pedindo, a quitación para eles —a comunidade autónoma máis endebedada de España—, nunha das comunidades autónomas menos endebedadas, que somos nós, alá van vostedes dicir que si, que traian para aquí a débeda catalá, que é trinta e dúas veces maior que a de Galicia, e asumímola. Isto é así, a cambio de 4 euros de intereses dos que nos ían liberar. ¡Señora Pontón, é así! Eu estou convencido de que se o independentismo catalán pide cupo, tratamento singular, vostedes van dicir que si. Mire, ¿sabe unha cousa? Nós recadamos un 10 por cento menos que a media das comunidades autónomas en recadación fiscal e necesitamos un 10 por cento máis de financiamento. Iso é o que temos que pedir... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, estas cifras non son miñas; son, por exemplo, do señor Leiceaga —que supoño que vostede... — e de todos os expertos que saben disto e que non están ideoloxizados a tope, como está vostede... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): É que a obsesión é quedar ben cos seus xefes, cos que lle marcan a pauta, que cada vez é máis, cos que mandan e cos que mandan en Pedro Sánchez.

Mire, voulle facer unha broma moi ilustrativa: eu estou seguro de que se agora o independentismo se interesa polo folclore, vostedes cambian as sardanas polas muiñeiras sen ningún problema. *(Aplausos.)* ¡É que van facer calquera cousa! *(Aplausos.)* ¡Señora Pontón, calquera cousa! *(Aplausos.)* Coas cousas de comer non se xoga, señora Pontón, ou non debería xogarse.

Mire, ¿que van dicir vostedes cando empece a subasta de Junts per Catalunya...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e cando empecen a chantaxear aínda máis o Estado? ¡Para eles, nada máis! ¿Vai defender vostede que vale a pena ser chantaxeando por uns meses máis? ¿Van seguir apoiando iso a cambio de nada? ¡Se se rende vostede, señora Pontón! ¡Se os seus xefes nacionalistas de Catalunya non lles van dar nada! ¡Se só miran por eles! Vostedes non lles importan nada. Galicia non lles importa absolutamente nada. Por iso, voulle dar un consello, aínda que vostede, na súa inmensa soberbia, non admite nunca ningún consello: por unha vez, deixe de apoiar os que só queren romper España...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...—eses si que queren romper España—...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e póñase do lado do partido que quere unir os galegos, porque fai falta agora estar máis unidos que nunca.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): A ver se é capaz, señora Pontón. ¡Sexa valente!

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás medidas que afectan a Sogama adoptadas tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



E creo que presentou unha corrección de erros. (Pausa.) Correcto.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«1. Que se recade imposto derivado da Lei 7/22 con carácter finalista co destino de bonificar aos concellos, e que estes poidan manter o canon o canon dos concellos, para manter o canon xeral establecido de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido, e o de 56,10 € por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido aos concellos que cumpran os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

- a) Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.*
- b) Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.*

c) Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario.

2. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

3. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

4. Que se constitúa unha comisión de traballo entre Sogama, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025 antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

5. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade e establecer mecanismos de colaboración cos diferentes sistemas de xestión e modelos de reciclaxe xa existentes en Galicia.

6. Impulsar campañas destinadas a sensibilizar a cidadanía sobre necesidade de reducir e reciclar.»)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señorías, moi bos días.

O lanzamento de Sogama no 1992 supuxo poñer enriba da mesa solucións a un difícil escenario medioambiental que estaba a producirse na nosa comunidade. Isto debíase aos 300 vertedoiros municipais presentes naquel entón na nosa xeografía, carentes de condicións de seguridade e control, aos que se sumaban 3.000 puntos de vertido ilegais, co consecuente dano causado na contorna e no ecosistema. Logo, a ubicación destes vertedoiros en moitos casos tiña un gran impacto paisaxístico, pero en todos os casos supoñía un grande impacto medioambiental. Ante esta situación, tomouse a decisión acertada de crear Sogama, conseguindo unha solución eficiente e exitosa para o control dos vertedoiros incontrolados e para a correcta xestión e tratamento dos residuos urbanos, atendendo á sostibilidade.

Nos algo máis de trinta anos da implantación do modelo de xestión de residuos con Sogama, este converteuse nun referente, non só en Galicia, senón tamén en España e en Europa. E neste tempo elimináronse estes máis de trescentos vertedoiros e eses máis de tres mil puntos de vertido da nosa comunidade. No momento do seu nacemento adheríronse ao proxecto 71 concellos, e agora xa son 295. Ademais, a súa creación non só se levou a cabo co beneplácito de Europa, senón que tamén contou co seu respaldo en canto a financiamento, recibindo, entón, 72 millóns de euros procedentes do Fondo de Cohesión. O tempo evidenciou que o sistema foi acertado, porque o 95 por cento dos concellos están adheridos de forma voluntaria, rematando coa inmensa maioría —como dicía— deses vertedoiros incontrolados e sendo Galicia a quinta comunidade nestes momentos que menos residuos envía a vertedoiro.

Tendo en conta, precisamente, este carácter voluntario da adhesión a Sogama, resulta, cando menos, sorprendente e hipócrita escoitar a crítica por parte da oposición a un sistema ao que os gobernos municipais, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego, levan décadas adheridos voluntariamente, cando podían ter saído e optar por outros modelos de xestión. ¿Por que o Concello de Vigo, o Concello de Lugo, o de Pontevedra, o de Vilagarcía ou o de Carballo, que acumulan anos de gobernos, seguen traballando con Sogama? ¿Non puideron ser coherentes en todos estes anos e artellar un modelo diferente? Tíñano fácil; ademais contaban co apoio das deputacións provinciais. ¿Por que o señor de Lugo non axudou aos seus concellos a artellar un modelo alternativo a Sogama? ¿Por que Carmela Silva, cando tivo a oportunidade, non axudou tamén os concellos de Pontevedra, o Concello de Vigo ou a cidade de Pontevedra a artellar un modelo alternativo diferente ao de Sogama? Porque máis alá da palabrería, máis alá do non polo non, hai unha realidade; unha realidade que os alcaldes e alcaldesas coñecen perfectamente.

Porque estamos a falar de Sogama, pero en Galicia hai actualmente tres modelos de xestión de residuos: o modelo —como estaba a dicir— da empresa pública Sogama, que dá servizo a 295 concellos adheridos voluntariamente; ao 94 por cento da nosa comunidade, que aposta pola selección e reciclaxe de parte dos residuos, e ademais está a investir continuamente na tecnoloxía máis avanzada. Tamén está o sistema de Nostián, que é do Consorcio das Mariñas



e que é o referente do Partido Socialista. Este está enviando a vertedoiro un 70 por cento dos residuos. Un 70 por cento dos residuos que se recollen no Consorcio das Mariñas envíase directamente a vertedoiro. E tamén está o modelo da Mancomunidade do Barbanza, que é o sistema estrela do Bloque Nacionalista Galego, que está a enviar arredor do 85 por cento a vertedoiro; a un vertedoiro que está a 120 quilómetros da serra do Barbanza. Ese é o modelo do Bloque Nacionalista Galego.

Por sorte, estes dous modelos, estes dous sistemas, só dan servizo a dezaioito municipios, só ao 6 por cento de Galicia, xa que apostan, ademais, por un modelo húmido-seco; unha opción a extinguir xa que é contrario ás directrices europeas e agora tamén á nova lei nacional.

E cando dicimos que son máis contaminantes non é unha exaxeración. Os residuos que se envían a vertedoiro emiten un 75 por cento máis de gases de efecto invernadoiro que os que se levan a valorizar; e ademais resultan notablemente máis custosos para os concellos adheridos, con taxas de 119 euros nun caso ou 150 euros por tonelada no outro. Máis contaminantes e máis custosos, eses son os modelos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista; modelos dos que nin os seus queden oír falar.

E agora afrontamos un problema provocado por un goberno socialista que cousa que toca, cousa que estraga. Non é novidade, xa o comprobamos coas sucesivas modificacións da Lei de vivenda, e nunca houbo tanta dificultade como agora para poder acceder á mesma; ou coa Lei do si é si, coa que acabaron beneficiando os agresores sexuais, saíndo ás rúas pola rebaixa das súas penas; ou coa Lei de maltrato animal, que, como din as protectoras de animais, provocou medo e incerteza, aumentando o abandono e diminuindo as adopcións.

¡Olo!, e non estou a dicir que o Goberno central sexa tan malvado como para querer acabar co mercado de alugueiro de vivenda, ou que queiran soltar violadores ou que queiran dificultar a adopción dos animais abandonados. O que digo é que, por incompetencia ou por soberbia, cada vez que tocan algo acadan o contrario do que din que queren acadar.

Coa Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, pasa exactamente o mesmo. Introdúcense novos impostos relativos á xestión de residuos, entre eles un novo tributo que grava a vertedura e a valorización coa escusa de fomentar a prevención e a preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos, pero a realidade é que esta finalidade non se cumpre, xa que o que fai é penalizar os modelos de xestión de recursos eficaces e eficientes. De feito, este imposto supón un agravio para comunidades como a nosa, que traballou para reducir o envío a vertedoiro. Galicia actualmente é a quinta comunidade autónoma que menos refugallos envía a vertedoiro, un 31 por cento. E, se temos en conta só os concellos que están adheridos a Sogama, este redúcese ao 21 por cento. A media do Estado está ao redor do 50 por cento. Co cal o que temos logrado, o que temos avanzado en Galicia é moi importante. *(Aplausos.)*

Dende o primeiro momento a Xunta de Galicia opúxose á creación dun novo imposto de vertedura, xa que contradí o espírito da propia Lei de residuos estatal en canto ao fomento da reciclaxe. De feito, durante o período de exposición da Lei estatal de residuos, de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións para a implantación destes novos impostos. Ademais,



o Goberno galego pediu tamén á Federación Galega de Municipios e Provincias o seu apoio a estas alegacións, algo que esta entidade municipal non chegou a facer, rexeitando esta solicitude trasladada polo Goberno autonómico. Supoño que pensaría que lle estaba a prexudicar a propia Xunta de Galicia sen darse conta que os que tiñan que pagar, en definitiva, este imposto ían ser os veciños e veciñas dos seus concellos.

Pero no incremento dos custos para os concellos non só influíu o imposto á vertedura e valorización, que supuña 12 euros novos por tonelada, senón que tamén outras decisións unilaterais impulsadas polo Goberno central supuxeron máis custos para o tratamento de residuos. O impacto da orde ministerial que elimina a retribución que recibía Sogama pola planta termoelectrica de Cerceda supoñía 24 euros por tonelada máis, e o imposto estatal de produción da enerxía, un 7 por cento, que supoñía outros 3 euros por tonelada; en total, un sobrecusto de 39 euros por tonelada; un sobrecusto xerado polo Goberno central co que quere castigar os galegos.

Neste sentido, e fronte a un sistema colectivo de xestión como Sogama, que demostrou o seu bo funcionamento, o Goberno central alterou as regras de xogo, encarecendo a xestión en 39 euros por tonelada, prexudicando os galegos e galegas. E con estes impostos e sobrecostos do Goberno socialista Galicia vese penalizada fronte aos modelos menos eficientes e respectuosos, nos que, por exemplo, se valoriza o 100 por cento todo o material recibido ou que envíen, por exemplo, todo a vertedoiro.

Ante esta situación dende Galicia exiximos ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima os impostos á vertedura e á incineración, tal como fixeron moitísimos países europeos. Exiximos tamén ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoelectrica de Sogama, á que tiña dereito ata o final da vida útil, 2026. E exiximos ao Goberno central que elimine o imposto da produción eléctrica que recuperou para este mesmo ano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señorías do Partido Popular, señor Trenor, presentan vostedes esta iniciativa por vía urxente —din— e xustifican esta urxencia na necesidade de aclarar a suba do canon de Sogama. Din que a razón é que se dea unha explicación en sede parlamentaria.

¡Carai!, non lles chegou toda esa ronda de centos de entrevistas que fixo o presidente de Sogama, dúas comparecencias aquí en sede parlamentaria, outras moitas en prensa, na radio.



Eu penso que saber o saben, o que pasa é que tampouco lles cola, como non lles cola á maioría dos galegos e galegas, porque estes argumentos son insostibles.

E mire, proba disto é a súa exposición agora mesmo no pleno. Porque vostede non falou practicamente nada desta suba de Sogama. Dedicouse a defender ese argumentario xeral do PP, sacando aquí a colación cousas que non teñen nada que ver coa xestión de residuos e nas que non vou entrar.

E iso é porque, a verdade, todo este argumento que está a esgrimir o Partido Popular para xustificar esa suba de Sogama pois fai augas por todos os lados. E, ademais, unha mentira, por moitas veces que se repita, pois non se converte en verdade.

E, como me dicía antes o presidente do Parlamento, o dato mata o relato, ¿non? Entón, vou darlle eu algúns datos que si son obxectivos.

Mire, é obxectivo que os gobernos do Partido Popular levan facendo durante unha década unha xestión irresponsable no eido medioambiental, e no eido medioambiental en xeral, e proba disto son as multas que recibiu da Unión Europea pola situación das rías, a situación da Rede Natura, e tamén, en concreto, en materia de xestión de residuos.

Falaba vostede na súa intervención de que no ano 1992 se instaurou este sistema de Sogama. Estamos a falar de hai trinta anos. Hai trinta anos que vostedes mudaron o sistema. E si que é verdade que se fixeron durante todo este tempo —non imos mentir porque estamos falando de datos— investimentos e actualizacións da planta, pero seguen a manter vostedes o mesmo modelo que hai trinta anos.

¿E isto que provoca? Pois provoca que os datos de xestión de residuos en Galicia non cumpran os obxectivos marcados pola Unión Europea e a lei estatal. E os datos están aí, os datos son publicados por Sogama, os últimos do ano 2022, e falan do 60,47 por cento de incineración, 21 por cento de vertedoiro e unicamente o 18 por cento se recicla.

E, aínda que vostede mantén o mesmo que a conselleira, que repite en numerosas ocasións que Sogama é premiada e recoñecida en Europa, a realidade é que Europa está a gravar cun imposto a forma de xestión de Sogama. Europa prioriza a redución e a reciclaxe. En Galicia reciclamos unicamente o 18 por cento. E iso é polo que Sogama agora mesmo ten que pagar un alto custo deste imposto. Porque está a utilizar fórmulas que Europa sanciona, como son a incineración e o depósito en vertedoiro, que casualmente son as formas prioritarias de xestión de Sogama.

E falaba vostede desta directiva europea. Esta directiva europea aprobouse no ano 2018 e obrigaba os estados membros a implantar este imposto antes de que rematara o ano 2020. Polo tanto, España levou atraso na súa implantación, porque a lei é do ano 2022.

E lémbrolle que no ano 2018 gobernaba Rajoy en España; gobernaba Rajoy e non se opuxo. E a presidenta da Comisión Europea era Ursula von der Leyen, que tampouco creo que sexa unha medioambientalista radical. É a mesma directiva europea que tamén obriga a acabar



cos vertedoiros no ano 2030; perdón, acabar non, que non superen o 10 por cento. En Galicia a día de hoxe enviamos ao vertedoiro de Sogama o 21 por cento aínda.

E miren, a media europea de reciclaxe está no 38 por cento, en Galicia estamos no 18 por cento. Pero xa non imos aos países de Europa, imos centrarnos no noso Estado. En España hai comunidades autónomas como A Rioxa, que recicla o 66 por cento; Cataluña, o 57 por cento; País Vasco, o 55 por cento; a Comunidade Valenciana, o 53 por cento. E podería seguir e seguir e seguir, falando tamén de Galicia, porque os datos que vostede leu ou non os interpretou ben ou xa intencionadamente son falsos, porque tanto Nostián como O Barbanza reciclan moito máis que Sogama. Pero Galicia é, xunto a Melilla e Baleares, as comunidades autónomas que máis incineran.

E vostede falaba do imposto noutros países europeos. Mire, esta directiva do ano 2018 repite unha directiva do ano 2008 que xa falaba deste imposto. Xa no eido desa directiva implantaron o imposto Dinamarca —dende o ano 1999—, Francia, Italia, Países Baixos, Portugal, Austria, Bélxica, podería seguir. Non, hai países que non e que pediron unha prórroga, que son Estonia, Eslovaquia, Eslovenia, Lituania. ¿Quere vostede que a política medioambiental de Galicia sexa equiparable aos países do Leste de Europa? Nós non, nós non queremos parecer nos países do Leste de Europa nin no eido medioambiental nin noutros moitos.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista o que queremos é que vostedes rectifiquen esta decisión, que imos tarde e que non imos cumprir nin este nin outros moitos obxectivos que marca Europa. Empezan a vir agora en forma de imposto, pero sucederanse as sancións, que ao final imos pagar os galegos e as galegas.

E agora vou falar do imposto, vou aclarar tamén con datos este imposto. Porque vostede creo que se esqueceu —tamén se esqueceu o señor Domínguez e o señor Rueda— de recalcar que este imposto o recada a Xunta de Galicia. É un imposto que recada a Xunta de Galicia e que supón 9 millóns de euros ao ano. Ata agora máis de 16 millóns levan recadados dende o 1 de xaneiro de 2023.

Estes 9 millóns de euros van ás arcas da Xunta. ¿Que vai facer o Goberno galego con este diñeiro? ¿Que vai facer o señor Rueda? ¿Como o Tío Gilito, acumular, acumular, acumular, e que paguen os concellos e que se incremente o canon aos concellos? Nós non queremos isto. Nós si cremos nun sistema equitativo e solidario e, polo tanto, entendemos que debe ser un imposto finalista e debe bonificarse os concellos que cumpren os deberes medioambientais. Debe utilizarse o destino deste imposto para manter o canon que se viña establecendo e incrementar esta bonificación no caso de que os concellos fagan os deberes medioambientais. Porque a responsabilidade medioambiental é para todos, non para a Xunta de Galicia. E nós falamos en termos de igualdade.

E, polo tanto, ao contrario, o que están a facer vostedes —e non ese que falaban vostedes de timo ibérico, que ao final xa vimos como beneficiou a todos os españois— é o verdadeiro timo galaico. Vostedes están a estafar os concellos e, por ende, a cidadanía, que é a que vai ver incrementado o seu recibo no canon do lixo.



E non estamos de acordo e non compartimos o que vostedes falaron, o que dixo o presidente Rueda, de utilizar para esas compensacións o Fondo de Cooperación Local, porque aquí si que estamos dobremente estafando os concellos, porque ese fondo é un fondo solidario, é un fondo destinado aos investimentos nos concellos. Polo tanto, estarémolos prexudicando dobremente. Vostedes quitan dun lado e quitan doutro, pero as que se enchen unicamente son as arcas da Xunta. Non aceptamos, polo tanto, esa compensación a base do Fondo de Cooperación.

E, por último, dígolle que deixen o negacionismo en materia climática, porque os concellos non teñen a culpa se Rueda contamina, se o sistema do Goberno galego do Partido Popular contamina. O Goberno do Partido Popular é o que ten que asumir os custos desa xestión obsoleta.

E, polo tanto, pedímoslles nesta emenda que presentamos que utilicen este imposto con carácter finalista para manter o mesmo canon aos concellos, cunha compensación incrementada a aqueles concellos que cumpren os requisitos medioambientais. Estamos a falar de reducir e reciclar, ou de trasladar á veciñanza ou incluso instaurar eses programas de compostaxe domiciliario ou comunitario; que se reparta ese fondo ambiental entre todos os concellos galegos en proporción ás toneladas depositadas por cada concello; que vostedes aproben subvencións, o Goberno galego aprobe subvencións para implantar medidas que contribúan a mellorar nos concellos a reciclaxe dos biorresiduos; e que creen unha comisión de traballo consensuada entre Sogama, a Consellería de Medio Ambiente, a Fegamp e os técnicos, que en Galicia temos técnicos expertos en xestión de residuos, e que debatan cara a mudar o modelo de xestión de reciclaxe existente; e, por último, ampliar esas plantas de biorresiduos, que levan tres e había once previstas nese Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2022, e impulsar, porque ao final isto de reducir, de reciclar, non só é obriga das administracións.

E, como lle falaba antes de igualdade e de que tanto eran responsables os concellos como a Administración autonómica, tamén somos responsables os cidadáns. E, polo tanto, son necesarias campañas de sensibilización á cidadanía, porque todos temos que ter claro que é necesario reducir e reciclar, porque o volume de lixo que xeramos é insostible.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CASTRO REY: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días.

Ben, este é un tema que xa leva feito correr ríos de tinta, do que se leva falado moitas veces. A portavoz do PSOE xa falou efectivamente de que ten habido comparencias do presidente



de Sogama en diversos foros, incluídas varias comisións, e as posturas de todas as partes involucradas están claras, e despois de todo o que se leva falado espero que non..., ben, non sei, *lo que te rondaré*, como dicía o outro, seguramente se vai seguir falando bastante do tema.

As propostas, as peticións que fai o Partido Popular na súa moción ¿van incrementar a basura? Porque eu estou seguro de que, cando cheguen —ben, dou por suposto que se vai aprobar pola maioría absoluta do PP esta iniciativa—, pero, cando esa instancia chegue ás mans de quen corresponda, sexa o presidente, sexa o ministro, vai facer un movemento parabólico directamente ao cesto dos papeis, vai ser unha petición totalmente estéril, coñecidas como son coñecidas as posturas de todas as partes, e curiosamente na loita contra o lixo estaremos xerando máis lixo. A min ás veces faime reflexionar isto. Esa burocracia que sabemos que non vai a ningún sitio, que vai acabar convertida en basura, se non está precisamente incrementando a basura.

Como as posturas están moi claras e iso vai acabar como todos sabemos que vai acabar —adiantouseme a portavoz do PSOE no que tiña pensado dicir—, está claro que ese imposto o vai recadar a Xunta. Prometeu o 60 por cento, se non me falla a memoria, para aliviar os concellos desa carga. Eu iría máis alá. Tendo en conta que os concellos son unhas administracións moito máis pobres que a Xunta de Galicia e que á Xunta de Galicia lle vén ese imposto, que ata ese momento con eses cartos non contaba, ademais do 60 por cento, se pode ser o 100 por cento tanto mellor, e se non un 40 por cento, que poida ir destinado a que os concellos tomen as medidas necesarias, poden ser campañas de concienciación social, poden ser un incremento dos seus medios técnicos, para que se aumente a reciclaxe da basura nos concellos.

Está claro que o futuro vai ir por aí, pode tardar cinco anos, pode tardar dez, pode tardar quince, pode tardar vinte ou vinte e cinco, pero, cando afoguemos no lixo, está claro que non vai quedar máis remedio. Ás veces ao mellor hai que chegar a medidas drásticas na po-boación para que recicle. Entón, eu entendería máis axeitado, especialmente naqueles concellos en que hai menos concienciación e se recicla menos, polo que sexa, pode ser por concienciación ou pode ser polas dificultades técnicas ou por outros motivos —dixose aquí que hai concellos que si que cumpren máis que outros—, ben pois os concellos cunhas campañas ou cunhas medidas que se conciban como eficaces, porque moitas desas campañas ás veces fanse de cara á galería para convencer os convencidos, en vez de para convencer os non convencidos, que é como terían que ser; campañas que, en vez de ser de cara á galería, pois que tivesen unha finalidade realmente práctica e que os concellos reciclasen máis, e que entón se puidese volver ao estado anterior en que non houbera necesidade de subir o canon porque se reciclaba máis.

Entón, a miña proposta é esa —entendo que realista—: á parte do 60 por cento que xa prometeu a Xunta de Galicia —así o entendín eu nos medios de comunicación—, que a Xunta de Galicia entregue o 100 por cento aos concellos, ou ben baixo diñeiro efectivo para aliviar o canon ou ben axudándolles a financiar campañas de distinto tipo encamiñadas ao incremento da reciclaxe.

E xa por analizar os intereses creados que poida haber nas empresas que colaboran, especialmente de Naturgy, e todo iso, sobre a incidencia que teñen eses intereses creados en toda



esta conxuntura, non me vou estender, porque xa o levamos feito en máis foros e tamén estou seguro de que os membros da oposición se explayarán niso.

Entón, indo directamente ao contido da moción, dicir que nos imos abster, porque é un desiderátum, é confundir o desexo coa realidade, pedir unha cousa que o Goberno central non vai facer. ¡Xa nos gustaría que o fixera!, aínda que, efectivamente, hai unha directiva europea que ata as mans ao Goberno central á hora de facelo. Pero, como estamos seguros de que esa petición do Partido Popular vai acabar no lixo —non sei se despois se reciclará ou non se reciclará—, ímonos abster. E non imos dicir que non fora boa idea se se levara a cabo. E recordarlle á Xunta de Galicia a proposta de investir nos concellos, ben aliviando a carga do canon ou ben tomando medidas, que creo que en esencia tamén era un pouco a cuestión da que falaba a portavoz do PSOE.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Grazas, señor presidente.

Neste pleno tiñan que debaterse dúas mocións do Partido Socialista e do BNG, derivadas da correspondente interpelación á conselleira do Medio Ambiente pola suba do canon de Sogama, e resulta que, en lugar destas mocións, temos unha PNL do Partido Popular sobre a mesma materia, ou contra a materia, que nos acaba de explicar aquí o señor Trenor cun argumentario bastante residual. Isto é así, debatemos unha PNL do Partido Popular en lugar de mocións do BNG e do PSOE, porque a conselleira negouse a dar a cara neste pleno e fugouse a Bruxelas cando tiña que comparecer neste Parlamento. (*Aplausos.*)

Este é o respecto que lle teñen ao Parlamento galego, señorías do Partido Popular. E non quedaron a gusto con esta manobra torticeira da conselleira que introducen na orde do día esta contraprogramación contra a oposición. A verdade é que, en oito anos que levo neste Parlamento, non vin un exemplo tan burdo de filibusterismo parlamentario, señor Trenor. Xa era difícil superarse a si mesmos. Vostedes presumen de maioría absoluta e practican a marrullería absoluta. Iso é como actúan vostedes neste Parlamento.

E como despois teremos a interpelación á conselleira, aprazada quince días, voume referir agora á PNL do Partido Popular, e a verdade é que eu pensei que ían retirala, pensei que alguén cun pouco de cordura e sentido común no grupo parlamentario a lería e decidiría retirala da orde do día, porque o que piden aquí é un absoluto disparate, é un disparate que vai contra a Directiva europea de residuos de 2018, que foi aprobada polo Parlamento Europeo cos votos do Partido Popular, e tamén pola Comisión Europea. É un despropósito que vai contra a transposición desa directiva, a Lei estatal de residuos do ano 2022, que vai contra



as decisións do Partido Popular e da Xunta do Partido Popular, que vai contra as posicións que defendeu o Partido Popular no debate parlamentario.

Pero a vostedes dálles absolutamente igual, porque o seu obxectivo non é que haxa un debate serio sobre esta cuestión; o seu obxectivo é desviar a atención, crear unha cortina de fume para que non se fale do que realmente lle preocupa á xente deste país, que é ese sablazo, ese auténtico taxazo do 100 por cento que queren subir do canon de Sogama, que pase de 58 euros por tonelada que se pagaba coa bonificación no ano 2023 a nada máis e nada menos que 108 euros. De 58 a 108 euros que queren facerlles pagar aos concellos e á cidadanía este país, pola mala xestión de Sogama, da sociedade galega de incineración, compartida pola Xunta e Naturgy. Esas son as alianzas do Partido Popular coas grandes empresas que estafan os galegos e as galegas, (*Aplausos.*) eses son os negocios do Partido Popular, os negocios da Xunta e de Naturgy.

E miren, voulles ler o que propoñen vostedes nesta iniciativa, nada máis e nada menos que o Goberno central dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade de tratamento de residuos, nada máis e nada menos. Queren eliminar vostedes dun plumazo —non sei se tamén o IVE— todos os impostos que gravan o tratamento de residuos.

E sobre o motivo realmente da discordia, que é o imposto ao depósito e incineración, voulles explicar de onde vén este imposto, señor Trenor, porque vostedes parece que non se enteran. Este imposto vén, en primeiro lugar, deste informe (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) —se quere, voulle deixar unha copia, para que se enteren—, do ano 2018: Informe de alerta temperá para España e todos os estados membros que corren o risco de incumprir os obxectivos para 2020 en relación coa reciclaxe e a reutilización dos residuos.

Xa alertaba nese momento que o Estado español estaba no 37 por cento e tiña que chegar ao 50 por cento. Pois ¿saben o que din nas medidas económicas que hai que aprobar? Di literalmente —2018, gobernaba o señor Rajoy—: Instrumentos económicos: introdución dun sistema fiscal harmonizado para a eliminación dos residuos —é dicir, a vertedura e a incineración—, que sexa operativo en todas as comunidades autónomas. É dicir, que hai no 2018 un mandato clarísimo da Comisión Europea de establecer eses impostos ao vertedoiro e á incineración, e vostedes non se queren enterar. Despois a Directiva europea de 2018 xa o fixa nunha norma de obrigado cumprimento, que establece a obriga desas taxas de vertedoiro e incineración.

Despois, no debate da Lei de residuos de 2022, a lei estatal, resulta que o Partido Popular non se opuxo a esta lei, abstívose na votación desta lei. Se tanto lles preocupara este tema, ¿por que se abstiveron? E, sobre todo, ¿por que presentaron unha emenda a favor do establecemento desta taxa á vertedura, á incineración, señor Trenor? Teño aquí as emendas presentadas polo Partido Popular no trámite parlamentario desta lei. ¿Sabe o que di a emenda número 489? «*Con estas finalidades se establece un impuesto aplicable al depósito de residuos en vertedero, la incineración y la co-incineración de residuos.*» Isto é o que propoñía o Partido Popular no debate parlamentario desta lei, e vostedes nin sequera respectan o Partido Popular e as posturas que defendeu o Partido Popular ao longo da tramitación desta lei. Vostedes apoiaron no Parlamento esta medida. ¿A que veñen agora aquí? A desviar a atención, cando



realmente están asediados, agobiados por todos os concellos, incluídos os do Partido Popular, que lles están dicindo, botando as mans á cabeza, como pretenden aprobar este auténtico taxazo, este auténtico sablazo.

E despois vostedes aceptaron a transferencia deste imposto, que foi a única transferencia conseguida polo Partido Popular na Xunta de Galicia en quince anos, e ao cabo de dous anos, como son uns tarambainas, que non respectan nin as súas propias decisións e acordos previos, pois cambian de idea e véñennos con esta iniciativa absolutamente delirante, absolutamente impresentable.

E miren —despois teremos un debate máis a fondo sobre esta cuestión coa conselleira, non podemos utilizar agora todo o repertorio argumental—, si que lles quero deixar claro que esta proposta é absolutamente reaccionaria e antieuropea, é absolutamente demagóxica, vai en contra dun criterio fundamental para a economía circular, que é a fiscalidade ambiental, que intenta incentivar a reciclaxe, a reutilización, e penalizar aquelas solucións finalistas desaconselladas pola normativa europea, como son o vertedoiro e a incineración.

E, polo tanto, a solución está clara, a solución é menos incineración, nada máis e nada menos. E hai que poñerse a traballar seriamente niso. Teñen a oportunidade agora, teñen unha reunión o próximo venres coa Fegamp —teño entendido—, que a intentaron facer a semana pasada para ter unha foto antes do debate deste pleno, pero, claro, convocáronos dun día para outro e non lles aceptaron a reunión, do xoves para o venres, entón é este próximo venres. Teñen aí unha oportunidade de ouro para sentarse a falar en serio deste tema cos concellos, para analizar todos os cambios que hai que facer.

Tamén por parte dos concellos, que teñen moita responsabilidade e moitas medidas que adoptar tamén en materia económica e fiscal, que é un mandato legal, entre elas o establecemento dunha taxa que cubra o custo do servizo de recollida dos residuos.

E tamén para facer todos os cambios que hai que facer na xestión dos residuos en Galiza, que hai que facer moitos, para, se non cumprir —xa non os cumprimos no 2020—, non chegar a cumprir os obxectivos do 55 por cento no 2025, cando menos cumprilos no ano 2030. Polo tanto, seriedade e rigor, e rectifiquen. Rectifiquen, porque, cando rectifican, normalmente acertan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas.

Señor Bará, aínda non me respondeu a por que, se a adhesión a Sogama é voluntaria e é tan tan fracaso ese modelo, en Pontevedra seguen vostedes adheridos a Sogama. E a min si que me gustaría que vostede me dixera por que, respecto dese obxectivo do 55 por cento, Pon-



tevedra só recicla en orixe o 19 por cento, tres veces menos do que están a indicar as directrices da Unión Europea e a lexislación.

E, señora Castro, vostede falaba de Sogama, e vostede ademais coñece Sogama porque puido visitala. Seguramente que non coñece Nostián. Señora Castro, non coñece Nostián, ¿a que non?, e non a puido visitar, ¿ou si que a coñece? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si? ¡Ah!, alégrome, porque o resto da xente non a coñece, porque non autorizan a facer as visitas.

Mire, a actualización do canon só ten un único culpable, que é o Goberno central e a súa voracidade recadatoria. En canto á axuda aos concellos, a Xunta de Galicia no 2024 xa compensou os concellos co Fondo de Cooperación Local, e no 2025 o presidente da Xunta de Galicia xa avanzou que a Xunta de Galicia apoiará os concellos asumindo máis da metade, o 60 por cento, do impacto destes impostos do Goberno central que vai ter sobre os concellos, e, en definitiva, sobre os galegos e as galegas.

Señora Castro e señor Bará, non é certo que isto sexa unha obriga europea. En dezaoito dos vinte e sete países que forman a Unión Europea non se puxeron en marcha estes impostos. Entre estes países dicía a señora Castro que estaban os países do bloque do Leste, pero non é verdade. Alemaña, Finlandia e Suecia tamén son países que non están a aplicar estes impostos, ben porque teñen en vigor unha moratoria ou simplemente porque non deseñaron aínda estes impostos. Co cal non faga trampa intentando reducir que o non apoio a estes impostos só é deses países do Leste, unha realidade que vén demostrar unha vez máis o afán recadatorio de España.

Estafar os concellos, dicían vostedes. Eu diría que o que está a poñer enriba da mesa precisamente todo este debate é o fracaso do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego en canto ao tratamento de residuos e á súa reciclaxe. En Lugo, 12 por cento de reciclaxe, o 88 por cento envíase a Sogama. Señor Ojea, en Ourense, 12 por cento de reciclaxe, moi lonxe do 55 por cento que establece a Unión Europea; o 88 por cento envíanos vostedes a Sogama. En Pontevedra —xa lle dicía antes—, o 19 por cento, e o 81 por cento envíase a Sogama. En Vilagarcía só se recicla un 14 por cento, o 86 por cento envíase a Sogama. En Vigo, o 13 por cento de reciclaxe; en Vigo, o 13 por cento de reciclaxe. ¿Que me están vostedes a dicir aquí? ¿Que ten que vir a Xunta de Galicia a axudar a que Vigo teña un pouco máis de sensibilidade medioambiental, a axudar a Vigo a ensinarlle como se fai a selección, como se fai a recuperación, como se fai a reciclaxe? É o fracaso do seu modelo, un 13 por cento. (*Aplausos.*)

Miren, Vigo está a enviar todos os anos 100.000 toneladas a Sogama, 100.000 toneladas de residuos, dos cales o 40 por cento son orgánicos. Se eses foran ao contedor marrón, moitísimo menos tería que pagar o Concello de Vigo. Desas 100.000 toneladas, o 30 por cento, 30.000 toneladas, son de envases. Se houbera unha selección e unha separación en orixe, Vigo estaría a cobrar por esas 30.000 toneladas de envases, que lle pagaría Ecoembes, pero como mete na bolsa do resto, pois entón ao final non cobra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: En definitiva, señorías, teñan vostedes un pouco de seriedade, fagan mellor traballo en orixe, seleccionen, e isto permitirá facer unha reciclaxe maior.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda? (O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.) Rexeitada. Grazas.

Esquecinme antes de xustificar a inasistencia a este pleno de dona Silvia Longueira; queda, polo tanto, xustificada.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei. Pechen as portas.

Primeira, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Cristina Fernández Davila.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Iria Carreira Pazos, sobre as accións que deben desenvolver, respectivamente, as consellarías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.



O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de don Roberto Rodríguez.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que elabore un estudo dos custos que suporía o rescate e a gratuidade da autoestrada AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Julio Abalde.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que concirne ao incremento de prazas de persoal docente en educación primaria e secundaria logo da previsible eliminación da taxa de reposición.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de Ana Belén Pontón Mondelo.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia co fin de promover políticas para xerar un maior valor engadido no sector lácteo galego e afrontar as consecuencias que sofre pola actual crise de prezos.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de don Gonzalo Trenor.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás medidas que afectan a Sogama adoptadas tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e, polo tanto, continuamos coa orde do día, co punto sétimo, de interpelacións.

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance das políticas de normalización lingüística

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Moi bo día, señor conselleiro.

Como esta é unha interpelación, vou comezar cunha pregunta: ¿lembra vostede como era hai vinte anos?, unha pregunta que por suposto se pode facer extensiva ao conxunto do plenario. Seguro que si, que lembra, que é capaz de facer un exercicio de retrospección biográfica así rapidiño.

Evidentemente, lembramos e cadaquén, pois se fose unha pregunta que permitise diálogo, daría a súa resposta persoal. En calquera caso, independentemente da situación e da casuística de cadaquén, no que si seguro seguro que todos e todas estaríamos de acordo é que hai



algo en común, e que repite o retroceso daquela canción de Presuntos Implicados: *¡cómo hemos cambiado!* Cambios persoais, e cambios tamén no contexto, no lugar e no espazo no que nos movemos, e cambios moi importantes que nas últimas décadas ademais conduciron a unha profunda transformación social, sociolóxica e tamén sociolingüística.

A sociedade mudou, evidentemente, como mudamos nós individualmente, e tamén mudaron as leis, ás veces para dar resposta a demandas e a situacións que xa son preexistentes na realidade. Non esquezamos que ás veces o lexislador vai un pouco por detrás de por onde vai a propia sociedade. Mais outras veces, si se regula, se legisla para anticiparse na prevención ou ben para planificar o futuro.

E eu pregunteime estes días como foi a actividade lexislativa nesta Cámara, no Parlamento, centrándome nos últimos quince anos. A información á que eu accedín dentro desta Cámara é que chegaron a entrar máis de cento trinta proxectos de lei. Se quitamos os proxectos da Lei de orzamentos e da Lei de acompañamento, son algo máis de cen. Supoño que é fácil imaxinar que todas as áreas de goberno están afectadas por eses máis de cen proxectos de lei. Todas non, todas non. A verdade é que ningunha tramitación tivo por obxecto poñer en valor a lingua galega. ¿Que lle parece, señor conselleiro? En quince anos, máis de cen proxectos de lei e ningunha centrada na lingua galega.

É dicir, que seguimos co marco legal da Lei de normalización lingüística, de hai corenta e un anos, co Plan xeral de normalización da lingua galega, de hai vinte anos, e seguimos cun Partido Popular que usou a imposición absoluta da súa maioría para incumprir estes dous acordos unánimes e tamén para activar accións en contra do galego, como foi o mal coñecido como decreto do plurimonolingüismo, que vostedes desde o PP aprobaron en soidade absoluta, en contra de todo o mundo e mesmo en contra da propia lexislación, porque non podemos esquecer que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza chegou a anular parte dese articulado por vulnerar dereitos lingüísticos fundamentais.

Un decreto —insisto— do plurimonolingüismo que só cumpría e perseguía un obxectivo: reforzar a escola como principal axente desgaleguizador, conseguir que o alumnado que entra na escola como galegofalante saia como castelanfalante, e ademais facer isto en contra do espírito, do fondo e da forma da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega. Un obxectivo conseguido, que non o dicimos nós evidentemente, senón que xa o evidenciou o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega.

Eu convidábo ao principio a facer ese exercicio de rememoración dos seus últimos vinte anos, e vostede sabe por que indiquei esta cifra de vinte anos, porque o pasado 21 de setembro precisamente se cumprían os vinte anos da aprobación por unanimidade nesta cámara do Plan xeral de normalización da lingua galega neste mesmo hemiciclo onde hoxe estamos todos e todas nós. Unha data que, para a miña sorpresa —recoñezoo— nin vostede nin o Goberno tiveron a ben lembrar publicamente. ¡Que boa oportunidade perdida para concretar ese pacto pola lingua que vostede comprometeu aquí nesta tribuna hai uns meses! (*Aplausos.*) Foi recollido en todos os medios de comunicación que o novo conselleiro de Cultura lles ofrecía ás forzas da oposición un gran pacto pola lingua galega; este foi o titular que permaneceu en papel, en tinta ou en pantalla.



E eu, para refrescar ben as súas palabras e non confundir, lin o *Diario de Sesións*, evidentemente, e vostede dixo aquí de forma literal: «propóñolles, na celebración dos vinte anos de aprobación, por unanimidade, nesta cámara do Plan xeral de normalización lingüística, que iniciemos xuntos o camiño para alcanzar un gran pacto pola lingua». ¿Onde está a proposta dese pacto, señor conselleiro?, ¿onde está que aínda non a vimos?

Preguntámonos por que esqueceron celebrar esta data para nós tan importante ou que querían esconder. ¿Queren esconder que este foi o último consenso social e político no que participou co seu voto a favor o Partido Popular, liderado polo señor Fraga? ¿Xa renegan ata do señor Fraga?, ¿xa lles parece demasiado galeguista? ¿Queren esconder o exemplar carácter participativo que tivo este documento, onde cerca de cen persoas renunciaron a posicionamentos partidistas particulares e puxeron por diante o compromiso coa lingua e a vontade de diálogo, de consenso e de acordo? ¿Queren esconder que no propio preámbulo do plan se di que esta é unha proposta para o galego como lingua viva no século XXI? ¿Ou queren esconder que é unha proposta que contén catrocentas corenta e cinco medidas que se poden comezar a implementar xa e que son unha oferta de reforzo positivo para o galego en todas as áreas: en educación, familia, comercio, proxección exterior, sanidade, economía, medios de comunicación etcétera? Todo está aquí como resultado dun esforzo ímprobo da sociedade galega.

¿Quere se cadra agochar que non impulsaron nin unha soa medida das catrocentas corenta e cinco que están neste plan xeral a favor do galego e que o pouco que fixeron foi precisamente para incumprilo? ¿É iso o que pretenden agochar? O certo é que iso poden agochalo, pero o que non poden agochar son os resultados nefastos da política lingüística do Partido Popular nos últimos quince anos. E insisto: non é unha opinión-valoración do BNG; son datos, estudos empíricos que xa lles achegaron o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Consello de Europa, o Instituto Galego de Estatística, a Mesa pola Normalización Lingüística etcétera.

E a evidencia é esta: o galego é a única lingua do Estado que perde falantes; por primeira vez o galego deixou de ser a lingua maioritaria da sociedade; case o vinte e cinco por cento da poboación menor de catorce anos reconece que non é capaz de se expresar en galego, que non ten competencia lingüística suficiente; por primeira vez en democracia vostedes, o seu partido, o Partido Popular prohibiu por decreto impartir áreas científicas en galego: as matemáticas, a tecnoloxía e a física e química; ademais, relegouno a unha lingua non secundaria nin terciaria, é o último que aparece no currículo e no tempo de exposición do alumnado na escola, e relegou o galego en educación infantil; e sabe vostede tamén que o galego está desaparecido da Administración de xustiza e que ten un nivel de uso e de comunicación moi precario, moi baixo no ámbito da sanidade, como xa o demostrou a nosa compañeira Iria Taibo recentemente na Comisión 4ª.

Dicímolo hoxe aquí outra vez porque o volveu denunciar o Consello de Europa onte mesmo no novo Informe de avaliación do cumprimento da Carta europea das linguas minorizadas. Seguen incumprindo a Carta europea, seguen vulnerando os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas, e o peor de todo é que non lles importa e non asoma ningún viso de rectificación pola súa parte.



Porque en relación co galego, o Partido Popular até agora tivo un pacto coa indiferenza e o negacionismo, porque demostraron querer ser o Partido Popular máis antigalego de toda a historia. (*Aplausos.*) Aínda temos exemplos moi actuais; sirva como exemplo do que acabamos de dicir: un expresidente da Xunta de Galiza, o señor Feijóo, votando en contra do uso da lingua galega no Congreso, e o actual presidente da Xunta de Galiza, o señor Rueda —que xa marchou do hemiciclo en canto tomamos a palabra para falar de lingua nesta cámara—, o propio señor Rueda, xunto con toda a bancada do Partido Popular, facendo o mesmo aquí no Parlamento galego, votando en contra de que o galego se use no Congreso. ¿Vostede comparte agora como conselleiro de Lingua estas decisións e estes votos en contra do uso do galego, señor conselleiro?

Este antigaleguismo do Partido Popular non ten límites, e volvemos velo agora nestes días coa tramitación do Anteproxecto da lei de medios. Unha nova ameaza para o galego, ¿por que? Porque quere impoñer a redución, a mingua da presenza da lingua galega na nosa radio e na nosa televisión públicas; cando os principios fundamentais da CRTVG din que é precisamente este espazo fundamental para a promoción e a normalización da lingua galega. ¿Até onde van chegar, señor conselleiro? ¿Como xustifican este novo paso atrás que vostedes queren impoñer para o galego?

Din que é para dar a coñecer a identidade cultural de Galiza fóra da comunidade autónoma, en cumprimento do servizo público. E eu preguntolle, señor conselleiro: ¿vostede pensa que é servizo público reducir o único espazo de visibilidade que ten o galego na comunicación audiovisual? ¿Vostede pensa que para dar a coñecer a identidade galega hai que excluír o galego? ¿Vostede pensa que o galego non vale para dar a coñecer a nosa cultura internacionalmente? Pois ben, neste monte de prexuízos nos que vostedes insisten en querer continuar vivindo cheos de complexos de inferioridade e de autoodio aí está...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...—remato— toda unha sociedade que quere demostrar e está demostrando o contrario, que o galego non ten fronteiras, que están cheos de amor e de autoestima, como demostraron as Tanxugueiras, Yolanda Castaño, Manuel Rivas, Ismael Ramos, Leticia Costas, Eva Lema, Chus Pato, Baiuca no anuncio de Apple, *Matria*, de Jaione Camborda, a *Oliveira dos cen anos* ou estes días Sonia Méndez co filme *As Neves*, entre tantos, entre tantas persoas galegos e galegas anónimos que defenden o seu dereito a viviren en galego.

Polo tanto, nós preguntámoslle hoxe aquí: ¿onde está a concreción do seu pacto pola lingua, señor conselleiro?, ¿ou vai volver seguir vivindo só de anuncios?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato xa.

Desde o BNG o que lles dicimos outra vez e que é tempo de consensos, de recuperar un grande acordo de país que nos axude a revertir a gravísima perda de falantes que están xa confirmados nas últimas décadas. Pedímoslle, polo tanto, que concrete...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...ese pacto pola lingua, señor conselleiro.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten agora a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Moitísimas grazas á señora Queixas por esta interpelación, ademais perfectamente acaída nos días que estamos a vivir. Polo tanto, como pode entender, para min é unha honra volver ao Parlamento e facelo nas vésperas dun día importante. Pero non podo ocultar que o fago con certo amargor, debido a esa política de demolición na que está instalado o Bloque Nacionalista Galego, que parece que non é capaz, que non é quen de ver máis alá dos seus postulados de imposición unilaterais.

Creo que Galicia nos dá mostras cada día de ser unha sociedade máis plural, máis intelixente, moito máis intelixente que a que interpreta constantemente o Bloque Nacionalista Galega Galego, que pretende trasladar unha imaxe dunha Galicia monocolor. E eu creo que é todo o contrario, pois temos que estar orgullosos de ter unha Galicia, un país, desde logo, con tanta riqueza e tantas posibilidades, que parece que o BNG é incapaz de poder ver.

Esta iniciativa non aporta absolutamente nada novo para potenciar o uso da lingua galega, e creo que unha vez máis o único que busca —como soe ser habitual no BNG— é unha estratexia de confrontación. Non hai visos de que se poida chegar en ningún caso a ningún acordo nin a ningún pacto, non no ámbito da lingua co Bloque Nacionalista Galego, senón en ningún outro ámbito ou cuestión que sexa de interese para o noso país.

Dicía que era un día importante porque estamos a celebrar mañá o Día Europeo das Linguas, unha xornada chea de actividades na que o Consello de Europa pon de manifesto a importancia da diversidade lingüística na Unión Europea. Unha Unión na que existen e na que conviven máis de duascenas linguas distintas e representativas da diversidade cultural que goza o noso continente. Unha Unión que, por suposto, aspira a ser cada vez máis forte dentro da diversidade que nos une, con multitude de linguas, con multitude de culturas e cun amplo abano de tradicións; mais cunha meta que creo que é compartida pola gran maioría —aínda que vexo que non por todos—, que é a de seguir percorrendo xuntos un camiño de paz, de progreso e de liberdade. Cuestión que a vostedes lles custa interpretar.

Por iso, señoría, quero aproveitar esta intervención para reivindicar unha vez máis unha lingua que estea á marxe da confrontación política, que se vexa como unha oportunidade coa conexión co resto das culturas e que nos fai estar máis preto dos países lusófonos, que,



sen dúbida, é unha fonte inesgotable de riqueza. Para nós, a lingua galega é unha oportunidade, por suposto que si. E, polo tanto, tamén aproveito para comprometer desde o Parlamento que a Xunta de Galicia seguirá desenvolvendo claramente un traballo serio e rigoroso para que o noso idioma siga sendo ese instrumento de prestixio, de singularidade e ese patrimonio, por suposto, de todas e todos os galegos.

E claro que apuntaba vostede, señora Queixas, que van alá vinte anos da aprobación do Plan xeral de normalización lingüística nesta mesma cámara. Un acordo, por suposto, digno de ser lembrado e nun momento no que foi froito dun consenso acadado polas distintas forzas políticas que naquel momento si tiveron a altura de miras necesarias para darlle ese impulso necesario hai vinte anos á nosa lingua.

E vinte anos —dicía vostede como nos viamos hai vinte anos— deron para moito, tamén na postura do BNG. Non son vostedes seguramente os que máis poden entoar ese aspecto de xenerosidade na negociación daquel Plan xeral de normalización lingüística. Hai que retrotraerse a eses vinte anos atrás para recordar que o BNG tivo que vir a este Parlamento votar a favor seguramente condicionado polo apoio maioritario que tivo aquel plan, e cambiaron vostedes no último momento o voto a favor dese plan porque non se podían permitir quedar fóra daquel acordo unánime e daquel traballo feito polo Goberno da Xunta de Galicia. E é certo que algúns, vinte anos despois, seguen estando presentes neste Parlamento, algúns deputados ou algunhas deputadas vinte anos despois daquel pacto seguen estando neste Parlamento, e eu estou convencido de que ao mellor non nas mesmas condicións para poder chegar a ese tipo de pactos.

E ten mudado case todo, señora Queixas, efectivamente. Tamén a opinión do Bloque Nacionalista Galego, que por aquel entón tiña tamén nos seus escanos —como dicía antes— á señora Pontón, que foi partícipe hai vinte anos. Moito mudaron algunhas cousas, outras non tanto, para que a señora Pontón participase tamén daquela votación do plan, que daquela tanto criticou o BNG. O seu grupo encargouse durante vinte anos de poñer en cuestión ese Pacto pola normalización lingüística en Galicia, que hoxe, curiosamente, vén vostede aquí poñer en valor. Vostede hoxe é a máxima defensora dese pacto que levan vostedes, desde logo, criticando durante estes últimos vinte anos, e dos que en principio e desde o primeiro momento vostedes non se sentiron absolutamente nada orgullosos del. E, polo tanto, entendemos que esta realidade, a realidade que debuxa o BNG, non é unha realidade que identifican e que ven os galegos e as galegas.

Sen ir máis lonxe, falaba vostede, facía referencia ao Informe do Comité de expertos da Carta europea das linguas rexionais. E se o lemos en profundidade, sen sectarismos, sen intentar levar esta cuestión aos intereses de cada un, o primeiro que fai este informe é recoñecer o gran labor que fan as administracións españolas en defensa dos idiomas, das linguas cooficiais. Ese é o primeiro extracto dese informe, que deixa ben ás claras que España, o país e as súas institucións, polo tanto, as comunidades autónomas, somos dentro da Unión Europea o país e as institucións que máis defendemos o uso das nosas linguas oficiais. *(Aplausos.)*

A vostedes este tema non lles interesa. Quedan vostedes con algún dos aspectos que, evidentemente, están suxeitos a certa mellora, e está claro que nese escenario de certa mellora



foi onde ofrecemos ese pacto pola lingua. O galego é hoxe —e isto é innegable, non o poden negar nin vostedes— a lingua cooficial con máis uso de todas as do territorio español, con diferenza, con moitísima diferenza.

E teñen vostedes modelos distintos no Estado español. Teñen outras comunidades autónomas que apostan como apostaban vostedes —aínda que o levaban certamente escondido no seu programa electoral— por unha inmersión lingüística. Hai territorios que apostan pola inmersión lingüística, e os seus datos son claramente peores que os datos de uso da lingua galega, claramente peores nesoutros territorios. Teñen outros que elixen o modelo mixto, no que se pode educar exclusivamente no seu idioma ou no castelán, e son infinitamente peores tamén que os datos de uso do galego. Mal que lles pese, as competencias lingüísticas en Galicia están aseguradas e garantidas. E os datos non os dicimos nós, dicíao antes o presidente: dato mata relato. E creo que está moi ben acaído para dicir que as destrezas lingüísticas nese informe falan de que o 95 por cento entende perfectamente o galego, o 97 por cento fala perfectamente galego, o 87 por cento le perfectamente en galego e o 86 por cento escribe perfectamente en galego. Esas son as responsabilidades das competencias en materia lingüística que están garantidas da parte do ensino en Galicia, con ese modelo que a vostedes tampouco lles gusta.

Pero está claro que temos que seguir traballando, está claro que nós non nos podemos conformar; temos certos retos de uso e de prestixio no ámbito social do galego. Polo tanto, creo que aínda nos queda camiño por percorrer, e nesa liña eu ofrecínlles, por suposto, ese pacto polo galego, que segue vixente, aínda que non sei se realmente o BNG terá a capacidade ou a madurez que demostrou hai vinte anos de intentar, aínda que fose á última hora, no último minuto, apoiar ese proxecto.

Temos propostas e temos un paquete de medidas que lanzaremos nos próximos días para impulsar o galego en distintos ámbitos da poboación. Imos centrarnos nun ámbito que cremos que é fundamental, que é no ámbito da acollida lingüística, con programas e medidas para a poboación, tanto no ámbito educativo como en idades adultas, sobre todo en cursos dirixidos a persoas que non naceron en Galicia e que queren falar galego; aqueles materiais didácticos que estarán dispoñibles en liña para a poboación non nacida en Galicia; colaboración con organismos que traballan tamén con refuxiados e inmigrantes, ou a integración no plan que acaba de poñer en marcha a Consellería Educación, Plan Mega, para a educación de medidas específicas para o coñecemento da lingua galega.

Falamos tamén de neofalantismo, apoiando e incentivando as medidas do proxecto neofalantes.gal, co que se avanza no estudo do neofalantismo; cun portal de ocio en galego mediante a renovación da páxina web lingua.gal, para crear un espazo de ocio en galego, e impulsar a colaboración —entendemos que é necesaria tamén— coa TVG para ofrecer un espazo e unha oferta máis ampla de contidos audiovisuais en galego.

Non se preocupe vostede xa que a lei de medios non vai afectar en ningún caso o maior instrumento de promoción da lingua galega, que é a Televisión de Galicia. Non lle caiba ningunha dúbida. O que si temos claro é que queremos universalizar a nosa cultura e ofrecer a posibilidade de que aqueles creadores que queiran vender a súa obra fóra de Galicia o poidan



facen en galego, pero tamén o poidan facer en castelán, e non deixen de perder esa oportunidade. Pero, por suposto, non lle caiba ningunha dúbida de que a Televisión de Galicia seguirá sendo o instrumento máis importante que temos na transmisión da nosa lingua. *(Aplausos.)*

Falaremos tamén de novos espazos dixitais a través do Proxecto Nós, falaremos tamén da Rede de dinamización lingüística, que fixo xa máis de catrocentas actividades neste último ano, e falaremos tamén das actividades que poñeremos en marcha no ensino.

No que si certa dúbida teño é que se...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...estarán vostedes verdadeiramente dispostos e en condicións de falar sobre un pacto do galego. Eu espero, e eu creo que ademais iso si é o que lle interesa á sociedade galega, que estean á altura, espero que estean preparados para poder sentarse e para poder discutir sobre ese pacto que necesita Galicia. Pero xa lles vou dicir que ese pacto será un pacto que interese aos galegos, que interese á maioría dos galegos, e un pacto no que nunca aceptaremos ningún tipo de imposición nin de chantaxe. Iso téñao vostede moi claro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, noteino un pouco incómodo. Non sei se é por convidalo a pensar en como era hai vinte anos antes ou porque realmente a miña intervención non lle gustou, porque ás preguntas que eu lle fixen nos respondeu ningunha. *(Aplausos.)* A situación é como para estar incómodo, pero vostede aceptou ser conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude. Terá que responder por iso.

Eu pídolle só que concrete o anuncio dun pacto pola lingua. Anunciouno vostede nesta tribuna no mes de maio antes do Día das Letras Galegas. E vostede di que agardaba de min unha proposta máis intelixente. ¿Estase descualificando a si propio? ¿Non é intelixente pedir un pacto pola lingua? Se o propuxeron, será intelixente. Logo pedir que se concrete tamén será intelixente pola nosa parte. ¿Non sei por que nos descualifica tan gratuitamente? *(Aplausos.)*

O que parece que vai quedando claro é que vostede asume e acata a política lingüística que desenvolveu todos estes anos o Partido Popular, e ademais tamén aquí demostra que non ten vontade en absoluto de mudala. Segue vostede aquí falando de non sei que cousas, de medidas que son reiteradas, que son repetitivas; pero iso non é un pacto pola lingua, sábeo vostede. Iso si, xa se permite descualificar o BNG dicindo que seguramente nin o vai asinar. Se lles estamos pedindo que nos poña un pacto diante, que nos faga unha proposta, senté-



monos a falar do realmente importante e de que propostas podemos achegar á sociedade. Brinde esa oportunidade, e logo fale de se aceptamos un pacto ou non aceptamos, pero non antes, por favor.

Vostede di outra vez aquí, igual que o seu antecesor, o señor Rodríguez, que inventamos datos, que estamos equivocados, porque os únicos que sempre saben a verdade absoluta e que a teñen no peto é o Partido Popular. Pero é que vostedes, aínda que non o recoñecen en público, por fin si xa nos seus documentos empezaron a recoller a situación alarmante en que está a lingua galega. Claro que o recolleron no Plan estratéxico de Galiza 2022-2030. Recomendolle que o lea. Igual que lle recomendei onte que lea o Informe do Consello da Cultura Galega, que fala de cal é o impacto desa bomba medioambiental que é a macrocelulosa Altri sobre o patrimonio cultural e, sobre todo, sobre o Camiño de Santiago como patrimonio da humanidade. Lea este plan estratéxico porque, á parte de dicir que asume potenciar a cultura e a lingua galegas como elementos claves para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada, tamén di que hai que recoñecer como debilidade a respecto da lingua galega o estancamento no uso individual do galego. Lea os seus documentos para poñer en marcha ese pacto pola lingua.

Miren: de promesas e de palabras non se vive. A súa acción de goberno até o de agora nestes meses é nula; está ausente no DOG e é vostede e a súa acción de goberno en materia de lingua irrelevante no Consello da Xunta que se reúne todos os luns. Ausente no DOG e irrelevante no Consello da Xunta, o peor que lle pode pasar á lingua galega. (*Aplausos.*) Lémbrolle que vostede xa non é o alcalde da Estrada, é conselleiro de Lingua, ademais de Cultura e de Xuventude.

Vostede aceptou formar parte dun Goberno que se posicionou claramente en contra da aprendizaxe e do uso do galego, de reforzar positivamente os usos, en contra da liberdade do uso, e un Goberno que se posicionou claramente como antigaleguista. ¿Vostede acepta ratificar ou rectificar? Esa era a gran pregunta desta interpelación. E, desde logo, da súa primeira intervención queda claro que vostede ratifica absolutamente todo.

Volve falar aquí de liberdade, de liberdade e o uso da lingua galega. ¿Vostede cre realmente —réto a que faga a pregunta— que un mozo ou unha moza da Coruña, de Vigo, de Ferrol, de Pontevedra é libre e se sente libre para falar en galego? Vostede pregunte, porque eu as respostas, desde logo, teño varias.

Agora, eu preguntolle algo moi importante a vostede: ¿é vostede libre para mudar a política en contra da lingua galega que leva desenvolvendo o Partido Popular durante quince anos?, ¿é vostede libre —repito— ou está sometido ao perfil dun presidente Rueda, que pasará á historia por colocarse detrás dunha pancarta en contra do galego? (*Aplausos.*) Díganos iso.

¿Vostede vai seguir defendendo a imposición do castelán á custa de prohibir o galego?, ¿vaino seguir facendo? Estalle dicindo o Consello de Europa que eliminen as restricións ao galego na educación.

¿Vai seguir vostede sendo defensor, como acabo de intuír das súas palabras, da inmersión lingüística en inglés para todas as materias pero nunca para o galego?, ¿vai seguir vostede



defendendo isto? Porque isto é o que se está facendo nos centros con iso do plurilingüismo, dos centros plurilingües. Si, si, ten vostede que recibir un repasiño de materia lingüística en educación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, nós imos seguir demandando que vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
A falta de respecto será a súa, porque como profesora diso non me van dar ningunha lección, ¿vale? Como profesora no ensino público non me van dar ningunha lección. *(Aplausos.)*

Remato...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Remate, si.

A señora QUEIXAS ZAS: ...Señor conselleiro, imos reclamarlle todos os días cal é o seu pacto pola lingua. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Temos moi claro no BNG que aquilo que non imaxinas non sucede. E eu imaxinei un día que podía restituír o galego como lingua de comunicación con meus pais, e conseguíuno. Eu imaxinei que podía restaurar a corrección do meu primeiro apelido, e conseguíno. Eu imaxinei que podía criar as miñas fillas co galego como primeira lingua,...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e conseguíuno. Imaxinei que podía incluso axudar a educar en galego, e por iso conseguín estudar Filoloxía Galega e ser profesora de Lingua e Literatura Galega. E eu imaxino que hoxe aquí nesta cámara xunto coas vinte e cinco do BNG, o grupo das vinte e cinco do BNG, ese goberno efectivamente alternativo que tanto lles molesta, imos conseguir recuperar o consenso que permita facer avanzar a nosa lingua, por respecto aos que nos precederon e por respecto de todas as que virán. Imaxinámolos e conseguíremolos, compañeiras. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas de novo, señora presidenta.

En ningún caso teño eu a sensación de estar incómodo nesta cámara. Ao contrario, creo que me gusta especialmente vir aquí debater cando son debates con certa altura e certa intelixencia, non debates crispados.

Eu, señora Queixas, o que si que a vexo é demasiado crispada neste debate, véxoa un pouco alterada. *(Aplausos.)* Será que ao mellor pretenden vostedes a través da crispación e ese BNG enfadado con Galicia..., porque parece que vostedes, como non son capaces nunca de chegar



ao seu obxectivo de poder chegar a gobernar este país, o que fan é enfadarse. A súa solución é cabrearse con todo o mundo que non pense coma vostedes. E isto é un problema, señora Queixas, é un problema sobre todo cando unha vez tras outra, despois de moitos anos, seguen vostedes nesa bancada, na oposición. E é un problema porque, seguramente, vostedes intentan impoñer un modelo que á sociedade galega —sinto dicírllelo— non é o que lle gusta. *(Aplausos.)*

E, de feito, dígolle máis: na soberbia vai a penitencia. E vostedes de soberbia saben bastante e de penitencia saben máis. *(Aplausos.)* Se non, si, si, non estarían constantemente con ese sentir de que parece que Galicia nunca chega a estar á altura dese proxecto político que ten o BNG. E eu creo que niso hai suficientes probas da intelixencia dos galegos.

Eu creo que non debemos facer deste debate unha cuestión de crispación, creo que estaríamos equivocados. De feito, acaba de demostrar vostede coa súa intervención que aínda non están preparados para poder empezar a sentarse a falar e a negociar un pacto con certa intelixencia e certa moderación. Creo que lle dicía antes que na soberbia vai a penitencia, porque vostedes cando empezaron a descubrir o seu modelo lingüístico en Galicia foi cando empezaron a ver nesta última semana que os galegos non querían ver un BNG radicalizado, non querían ver un BNG que impón, que quere impoñer o seu modelo de Galicia, e queren ver e queren desfrutar dunha Galicia en liberdade, ¿non? E creo que niso algunha lección lles podemos dar desde o Partido Popular.

Creo que si é certo que seguen vostedes intentando sacar aqueles datos en negativo; non son vostedes capaces de interpretar, de ver ningún dato en positivo. É certo que temos retos por diante no galego, se non eu non sería o primeiro, e díxenllelo e mantéño, en ofrecer un pacto pola lingua. Non se preocupe vostede, señora Queixas, pois vostede vai ter a oportunidade de retratarse nas palabras que acaba de dicir e de demostrar se realmente o BNG é tan xeneroso e ten tanta capacidade de negociación e de diálogo para poder sentarse con todos os axentes que estean implicados nese pacto, que, ademais —xa llelo digo— o temos avanzado, que xa temos feito contactos con axentes que van ter unha representatividade fundamental nese acordo. E imos ver se realmente o BNG ten a capacidade de poder estar á altura do país por unha vez. Xa sabemos que vostedes resolven todo con Altri, e cada vez que teñen unha oportunidade non se cansan de sacar vostedes esa matraca. É unha cuestión que, ao final, pensan que por insistencia van ser capaces de conseguir o convencemento, e eu creo que a xente e todos somos bastante máis intelixentes.

Tamén lles digo unha cousa e apuntábo hoxe o presidente: sería fantástico que nese afán tan reivindicativo por Galicia, vostedes, que son os que defenden exclusivamente os intereses da nosa terra, voulles dicir que nese pacto que firmaron vostedes co señor Sánchez, onde lle daban ese voto que agora parece que lle queren poñer en cuestión, a través dese PERTE da lingua, que é tan necesario —ao final, creo que no BNG sobra demagogia e falta capacidade de xestión—, sería importante que lle recordasen ao señor Sánchez que prometeu e que pactou co BNG nese pacto de goberno que no PERTE da lingua, que eran máis de mil douscentos millóns, a Galicia corresponderíanlle quince millóns de euros. ¿E saben canto recibimos ata hoxe? Dous escasos millóns de euros. Esa era a capacidade de xestión que ten o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*



Recoméndolles que utilicen a súa forza de xestión, que defendan os intereses de Galicia, e cando falemos da AP-9, cando falemos do refinanciamento da débeda e cando falemos das necesidades económicas do país, tamén lle recorden que teñen sen cumprir o primeiro pacto que firmaron con vostedes. Esperemos que esa capacidade de xestión, en vez de poñer en cuestión o pacto por outros temas, tamén o fagan cando o Goberno central siga incumprindo constantemente con Galicia, e na materia de financiamento, por suposto do financiamento do pacto pola lingua, sexa unha das formas na que demostra ese incumprimento flagrante.

Polo tanto, se queren vostedes participar dese gran pacto a prol do galego, por suposto, serán chamados a negociar ese gran pacto. Imos abrir ese escenario antes da finalización deste ano 2024, e van ter oportunidade vostedes de demostrar a capacidade e a altura de miras. E quedo sinceramente cunha satisfacción, que é que, por tanto, despois de ter cuestionado tanto ese Plan de normalización lingüística, que obtivo o consenso desta cámara, despois de ter sido un dos maiores críticos, agora...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor LÓPEZ CAMPOS: ...fáganse vostedes eco dese éxito, e esperemos que o poidamos conseguir.

Eu estou convencido de que se somos capaces de baixar un pouco a tensión, se somos capaces de entender o que significa loitar e traballar conxuntamente pola maior herdanza, o maior patrimonio que temos en Galicia, que é a nosa lingua, ao final, seguro que seremos capaces de conseguilo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Interpelación de D. Julio Abalde Alonso e tres deputados/deputadas máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, logo da autorización para a súa defensa polos interpelantes no documento 11687, ten a palabra polo Grupo dos Socialistas de Galicia dona Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías. Conselleiro, bo día.

Hoxe o PSdeG quere falar de financiamento local. O Goberno central transfírelles ás entidades locais 28.557 millóns de euros para o ano 2024, o que supón un incremento dun 22,6 por cento con respecto ao ano anterior. Se falamos da entrega a contas, o dato é de 23.773 millóns de euros, o que supón un incremento dun 5,1 por cento. Pero se falamos do que lles transfire



ás entidades locais do noso país, son 1.600 millóns de euros aos concellos de Galicia, o que supón un incremento dun vinte e tres por cento.

Pola contra, o Goberno do Partido Popular conxelou o Fondo Galego de Cooperación dende o ano 2011 ao 2019. E a partir de aí empeza a crecer timidamente, parece que non se deixa ver a timidez, non lle permite que se visualice ese crecemento. E é máis, o que é peor: non o executan todo, dito polo propio director xeral de Planificación de Orzamentos a unha pregunta do meu compañeiro Julio Abalde, xa que deixou neste último ano, a exercicio pechado, case cen millóns de euros sen executar; tónica tamén habitual dos últimos dez anos.

A Xunta de Galicia transfírelles ás entidades locais vía Fondo Galego de Cooperación, pero tamén o fai vía convenios, subvencións directas, subvencións nominativas, subvencións de concorrencia, que en moitos casos teñen que entrar ás cero cero horas, o que converte os concellos no *after* da administración, facendo que un funcionario ou incluso un alcalde ou alcaldesa teña que estar pegado a un ordenador ás doce da noite para poder acceder, se non hai ningunha información previa que lle permita traballar con antelación estas convocatorias.

E o señor Rueda ultimamente está falando moito de financiamento autonómico, pero esquece o financiamento local, o importante que é para os concellos de Galicia falar e debater sobre este tema. Temos unha lei do ano 1985, a Lei de bases, que hai que reformar e hai que abrir o debate. E hai que falar de como se poden transferir competencias, que é certo que os concellos non se negan a asumir competencias, pero teñen que vir acompañadas con cartos do Goberno.

E voulle poñer unha serie de exemplos do que están a facer os concellos:

O tema de garderías. Póñolle o exemplo da miña cidade, Lugo, onde hai catro municipais, dúas da Xunta e unha que cofinanciamos a medias Xunta e Concello. A gratuidade para toda a educación de 0-3 anos finánciase a Xunta ás empresas, pero os concellos teñen asumilas, teñen que afrontar ese custo, esa gratuidade, co cal está xa tendo unha mingua de ingresos.

Se falamos de colexios, teñen que asumir os conserxes, teñen que asumir o mantemento, teñen que asumir en moitos casos a axuda de libros, porque se negan unha e outra vez a poñer os libros gratuítos.

Se falamos de comedores, por aquilo da conciliación, os concellos, que se ven afectados e moito, pois teñen que asumir —e póñolle novamente o exemplo de Lugo— un millón de euros ao ano para financiar os comedores e que os nenos e nenas dos colexios públicos poidan ter esa ferramenta de conciliación.

Pero se falamos dos centros de saúde, a Xunta obrigou moitos concellos para a firma de convenios, para realizar infraestruturas, á exención do IBI, o que mingua novamente recursos aos concellos.

En cambio, pola contra, os terreos de portos nos concellos costeiros, a Xunta, a pesar de ter a titularidade, non aporta nin un só euro para o seu mantemento, e estamos vendo como os



concellos se queren facer uso dese espazo do seu concello, dese espazo público, teñen que pagarlle unha taxa á Xunta de Galicia.

E poderíamos seguir falando de políticas de emprego, das franxas de protección, da *velutina*, dos servizos xerais. É un suma e segue. Os concellos están asumindo moitas competencias impropias a cargo dos seus orzamentos e non reciben ningunha compensación nin ningunha equiparación por parte da Xunta.

Pero voume deter noutras cuestións que tería que estar financiando a Xunta no seu cen por cento. Falamos do SAF, que ten un custo medio de 21 euros/hora, dos cales entre o Estado e a Xunta aportan 12 euros —cando entre o Estado e a Xunta deberían de estar asumindo ese cen por cento—, por certo, dos que a Xunta aporta cinco euros. Debería poñerse cando menos colorado o Partido Popular despois dese informe do Observatorio Estatal da Dependencia, onde fala de que, a pesar de que o Goberno central transferiu máis fondos, a Xunta minguou eses fondos destinados á dependencia.

E, señor conselleiro, hai moitos concellos que corren perigo de que poidan chegar a seguir prestando servizos. Hai concellos que non van poder aportar o que lle supón esa asunción deses fondos. Por poñerlle un exemplo, ao Concello de Xermade, que non chega aos 1.800 habitantes, o SAF supónlle o trinta por cento do seu orzamento; algo que tiña que estar financiando a Xunta.

E imos falar tamén de Sogama. Falouse hoxe aquí e seguírase falando, pero a realidade, por moito que non lles guste ás señorías do PP, é que a Unión Europea penaliza a xestión da Xunta. A suba de recibos que se anunciou é unha trampa. O señor Rueda fala de que vai bonificar o sesenta por cento, pero a realidade é que recada o cen por cento, bonifica un sesenta por cento e queda cun corenta por cento deses ingresos, co que se mingua novamente a capacidade dos concellos e incrementa os da Xunta.

Pero con outra salvidade, que é que o Partido Popular dixo que ese sesenta por cento da bonificación iría a cargo ao Fondo Galego de Cooperación. ¿Quen é novamente o prexudicado? Os concellos, porque lles vai minguar novamente recursos aos concellos, co cal estamos vendo como a Xunta de Galicia no tema do financiamento local nin está nin se lle espera.

Pero podemos falar do canon da auga, un canon finalista, un canon que no Concello de Lugo en case nove anos que fun eu alcaldesa lle reportamos á Xunta de Galicia máis de doce millóns de euros. ¿Sabe vostede canto reverteu a Xunta en Lugo dese canon finalista? Cero euros, señor conselleiro, ¡cero euros! Polo tanto, o que fai despois a Xunta é un reparto discrecional e arbitrario. ¿E saben para onde van eses fondos do canon? Para os concellos do Partido Popular. E nós, os socialistas, e dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos de solidariedade, e cremos no principio de solidariedade, pero que non se reporte nada aos concellos que máis aportan, a verdade, é que deixa en mal lugar a Xunta de Galicia.

Mire: o cidadán sabe dos impostos do concello e do Estado, pero da Xunta non. Porque con aqueles que fai propios o que lles fai é beneficiar aos que máis teñen, e os que perciben moi-



tas veces utilizan os concellos para facelo. Van vía concello, como é o do canon, ou como vai ser agora o de Sogama. Recada impostos utilizando os concellos como intermediarios.

E a verdade é que, señor conselleiro, a situación é complexa, é difícil. Seiscentos millóns de euros é o que se estima de déficit dos concellos da asunción de gastos improprios, ¡seiscentos millóns de euros! A semana pasada o noso portavoz, o secretario xeral, reuníase con alcaldes e alcaldesas socialistas, onde se puxo de manifesto toda esta problemática. Non imos entrar nas débedas históricas —porque iso dá para outro debate— que ten a Xunta con moitos concellos por todo o territorio. Todos manifestaban o mesmo e a preocupación ante esta situación, dende un concello pequeno como Ribeira de Piquín ás grandes cidades como Vigo e A Coruña.

E dígolle outra cousa: os alcaldes e as alcaldesas do Partido Popular tamén manifestan esta preocupación. O que pasa é que a fan coa boca pequena e á parte calan. E ese silencio compénsase vía convenio, subvención excepcional, directa e por outras vías. E, polo tanto, reciben outro tipo de ingresos.

Por todo isto, gustaríanos saber —o que lle interpelamos ao Goberno na súa persoa—, señor conselleiro, cantos millóns de euros e que porcentaxe dos mesmos do Fondo de Cooperación Local e convenios foron concedidos ás entidades locais no exercicio 2023 e no que vai do exercicio 2024, así como que porcentaxe lles dedica ao Fondo de Cooperación Local e ás subvencións de convenios. Espero que me conteste na súa intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señorías, moi bos días.

Primeiro, quería pedir desculpas porque estou totalmente conxestionado dende hai varios días, e, ás veces, escápame a voz, pero recupéroa de alí a un momento.

A verdade é que non nos deixan de sorprenden, señora Méndez. É increíble que, coa que está caendo en tema de financiamento, vostedes veñan aquí falar de financiamento.

Temos un presidente socialista que está a romper o sistema de financiamento en España, e iso tamén ten, loxicamente, repercusión sobre as entidades locais; un presidente socialista que negocia a súa permanencia na Moncloa cos recursos de todos os españois —cos recursos de todos—, incluídos os recursos que tamén teñen que solucionar os problemas de financiamento das entidades locais; un presidente socialista que prexudica toda España, menos



un territorio, que é o que lle permite permanecer na Moncloa; e un presidente socialista que premia sempre os que máis gastaron, e nunca fixeron os deberes. Pero aí vostedes se encontran a gusto; non teñen ningún tipo de reparo para cuestionar esa actuación, como si fan outros socialistas en España. Aquí, en Galicia, como son o *fan club* máis avanzado de toda España do señor Sánchez, pois vostedes verán.

A verdade é que Sánchez, con ese cupo independentista —do cal hoxe falabamos nas preguntas e do cal teremos, seguramente, a posibilidade de falar moitos días—, ataca todas as comunidades autónomas —ata Asturias e Castela-A Mancha se posicionaron en contra— e penaliza as comunidades autónomas que fixeron ben as cousas, señora Méndez. Penaliza aquelas comunidades que aprobamos os orzamentos no tempo e na forma e os que controlamos a débeda, e premia aquelas comunidades que non controlaron a débeda, que fixeron e que lles deu a gana coa débeda, e que abrían embaixadas por todo o mundo. E vostedes agora aplauden ese tipo de actuación.

E o peor desta política é que se fai cos recursos de todos. ¿Ou sabe vostede como se vai pagar todo o que vai incluído no cupo independentista, e nesa débeda —coa cal vostedes enchen a boca—, que vai perdoar Pedro Sánchez?; ¿con que cren que se vai pagar? Cos recursos que ten o Estado; e cantos máis recursos dedique o Estado a pagar as débedas doutros, pois loricamente haberá menos recursos para o resto das comunidades autónomas. Pero a vostedes iso dálles igual; o único que queren é aplaudir a Pedro Sánchez. E nese debate e nese momento en que se está debatendo iso, veñen vostedes presumir, na súa intervención, da xenerosidade dun presidente, como Pedro Sánchez, que vén prestar a Galicia non sei cantos millóns e que sobe as aportacións moito máis do que fai Galicia. ¡Fíxense vostedes!, esta sería a cuadratura do círculo.

¿Veñen, nesa exposición, presumir de que?; ¿de que levamos dous anos sen orzamentos en España? ¿Veñen presumir de que, a principios da semana, dicían que era fundamental aprobar a senda do déficit para o benestar dos españois —os galegos non contamos— e, agora, cando comprobamos que non se pode aprobar, non pasa nada? ¡Home!, xa dixo Pedro Sánchez que non pasaba nada, pois el podía gobernar con independencia do que fixese o lexislativo. Fíxese vostede se é grave que ata Podemos tivo que interpelalo, e cambiou de opinión e dixo que non se refería a iso.

Pero, neste momento e con ese debate enriba da mesa, vostedes veñen presentar esta iniciativa. E fan unha especie de comparativa entre Sánchez e Rueda —fan unha comparativa—; e eu preguntome se falan en serio. Nós aprobamos o orzamento no tempo e na forma; o próximo mes vai vir o orzamento de Galicia para ser aprobado de novo, cun teito de gasto, que xa foi aprobado aquí o pasado agosto, de 13.954 millóns, é dicir, un incremento de 344 millóns. En España levamos dous anos sen orzamento, e, sobre o teito de gasto ou a senda de gasto, xa lle comentei a vostede o que ía pasar con el. Pero a xenerosidade de Sánchez é moi boa.

Vostedes falan de que hai un incremento nas aportacións. ¡Claro!, non din que o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais fala de que, cando hai máis recadación no Estado, máis recursos se destinan aos concellos; e para que haxa máis recadación, hai que



incrementar os impostos, segundo vostedes. Esa parte non a mencionan, pero si atribúen a maior recadación á xenerosidade dun presidente como Sánchez. Non é que iso o mande a lei —iso dá igual—, pero a xenerosidade de Sánchez está sempre presente.

Pois miren, iso non é así. Se queren falar en serio de financiamento, falemos; falemos e pidamos a Conferencia de Presidentes e o Consello de Política Fiscal e Financeira para falar entre todos, porque o fondo, co cal se vai atender todas as necesidades de toda España e todas as necesidades das entidades locais, é o mesmo. Non hai fondos separados; é o mesmo, é dicir, a caixa é a mesma. Polo tanto, creo que é necesario que falemos entre todos de cal é a situación e de que podemos facer.

Esa política de mercadeo, de tentar pasar o día en troques do que sexa, pagando o que sexa cos recursos de todos, non é boa tampouco para Galicia, señora Méndez. E a verdade é que me custa ver como os deputados do Partido Socialista —dos do Bloque xa non digo máis— non son capaces de posicionarse en contra desta medida, como fan outros socialistas de Asturias ou de Castela-A Mancha. ¿A que aspiran vostedes; ¿aspiran a un posto en Madrid? (*Murmurios.*) Isto non ten ningún sentido.

Cando falaban da quitación da débeda, é inxusto, porque a débeda non desaparece; a débeda asúmea o Estado, e o Estado, ¿con que a paga? Cos recursos de todos, tamén dos galegos, señora Méndez. Isto non significa que a débeda, de repente, desapareza e xa non haxa que pagar —¡non, non!—; pága o Estado, é dicir, pagámola todos os españois. Polo tanto, estámonos metendo a débeda de comunidades autónomas, que, cando había que facer as cousas ben, non as fixeron, que lles deu igual endebedarse, e que rompían todo tipo de límites que estableceron os gobernos naquel momento, incluídos gobernos socialistas; pero a vostedes iso todo lles dá igual, porque queren aplaudir máis ca ninguén a Sánchez.

Os concellos en Galicia contan co apoio da Xunta. Vostede hoxe aquí daba datos e mesturounos; non sei se a propósito ou non, pero mesturounos. Nós blindamos. Dixo vostede: «conxelaron, no ano 2011, a aportación aos concellos». ¡Non, non é verdade!; non conxelamos, senón que a blindamos, que é moi diferente «conxelar» a «blindar». Blindámola por lei; somos das poucas comunidades autónomas que o fixeron.

Sabe vostede que, naquel momento, no ano 2011, o contexto económico era complicado, e nós fomos a única comunidade autónoma que dixo que, aínda que viñesen anos peores, os concellos ían poder dispoñer, por lei, dun fondo mínimo, (*Aplausos.*) que era de 112,9 millóns de euros. Esa é a diferenza. (*Aplausos.*) E vostede debería saber, como alcaldesa que foi, que nos anos 2014 e 2015, cando os orzamentos da Xunta baixaban e non daban para chegar a ese mínimo, o Fondo de Cooperación Local se mantivo; polo tanto, blindamos a aportación aos concellos en Galicia. E, aínda máis, dixemos que, ademais, nos casos en que os anos fosen bos, en canto a recadación dos tributos por parte da Xunta, os concellos galegos ían poder participar na recadación deses tributos, e por iso temos un fondo adicional, señora Méndez; por iso temos ese fondo adicional.

Nós non conxelamos nunca esa partida. E, á parte do Fondo de Cooperación, incluído o adicional, hai outras convocatorias e axudas que van directamente aos concellos. E durante



estes anos —dígolle—, no ano 2011, o Fondo de Cooperación Local era de 112,9 millóns; no ano 2024, é de 158 millóns de euros, señora Méndez, é dicir, subiu un 38 por cento durante estes anos, e a aportación total aos concellos, contando o Fondo de Cooperación e todas as axudas que se dan aos concellos, pasou, no ano 2011, de 390 millóns de euros a este ano, a 600 millóns de euros; é dicir, un incremento do 54 por cento, señora Méndez. Un incremento moito maior do que subiron os orzamentos durante este ano; é máis —ou como consecuencia, mellor dito—, aumentamos a aportación aos concellos moito máis do que aumentamos o orzamento da Xunta de Galicia. Polo tanto, con vostedes poderemos discutir se é suficiente ou se non é suficiente, pero non pode dar as cifras que deu vostede aquí.

Falaba do nivel de execución. Mire, o ano pasado o nivel de execución do orzamento do Fondo de Cooperación Local foi do 88 por cento, se non se teñen en conta as aportacións do Fondo de Cooperación que executan as consellerías. Os GES, que non é, por certo, unha competencia da Xunta de Galicia, pero que esta colabora no seu financiamento, fináncianse con esas aportacións. A velutina, na cal os concellos non interveñen, faise a través do 012. E este ano, por primeira vez, os 313 concellos de Galicia están adheridos, e faise a través do Fondo de Cooperación, mediante as distintas consellerías. ¿Sabe cal foi o orzamento executado, contando iso? O 97,3 por cento.

Ademais, debería saber que, se de casualidade un ano houberse un problema e algunha partida non se executase, os concellos non perderían os cartos porque a parte non executada incorporaríase na liquidación do ano seguinte, é dicir, ao fondo base; polo tanto, non hai perda de financiamento por parte dos concellos, se iso é o que lles preocupa.

Polo tanto, non o entendo, ou si que o entendo coma unha cortina de fume e coma unha escapada para adiante que fai o Grupo Socialista en Galicia.

Preguntaba vostede tamén que cal era a porcentaxe este ano. Neste ano —xa o mencionamos—, a aportación da Xunta de Galicia aos concellos é de 600 millóns de euros e o Fondo de Cooperación Local é de 152 millóns; a diferenza é o que aporta a Xunta de Galicia en distintas convocatorias ou en convenios ao longo do ano. Esa suma é de 478 millóns de euros.

A vostedes isto lles dá igual, señora Méndez; a vostedes o financiamento dos concellos ou a súa situación dálles igual. Facía referencia, ademais, á delimitación competencial. ¡Home!, é curioso, vostede utilizaba as cifras que deu o estudo que encargou a Fegamp. Nós fixemos un traballo e, cando presentamos as nosas conclusións, que non eran para determinar un número exacto, nin moito menos, senón que era un traballo moito máis serio, o Partido Socialista deu a orde de que os seus alcaldes non fosen á presentación.

A semana pasada, fixemos un traballo serio, rigoroso, coas tres universidades.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Xa remato, presidenta.



Fixemos un traballo coas tres universidades. Presentaron unha serie de conclusións que non eran concluíntes. Algúns dicían que estaban a favor, ou non, de fórmulas de cooperación entre os concellos. Non pasaba nada. Estaba, como autor, ata un dos que fixo o programa electoral do Bloque. ¿E saben o que fixo o Bloque? Non apareceu. ¿E saben o que fixo o Partido Socialista? Deu orde ao seus alcaldes para que non aparecesen.

Polo tanto, que me vén dicir vostede sobre que está preocupada polos concellos, señora Méndez. O que queren é, como outras veces, establecer unha cortina de fume e que se fale doutras cousas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, señor conselleiro, ¿a ese debate as mulleres non quixeron ir ou, simplemente, xa non foron nin invitadas? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Porque, ao mellor... Calquera das dúas opcións son malas, e habería que plantexalo.

Nós, desde o noso grupo, viñemos falar aquí do financiamento das entidades locais. Vostede falou de todo menos do que realmente lles preocupa aos 313 concellos de Galicia, a todos os alcaldes e as alcaldesas, independentemente da súa cor política. Uns o din abertamente e outros, co seu silencio, reciben outras formas de financiamento —como lle dicía—.

Mire, vostede falaba aquí do señor Barbón; pois voulle dicir unha cousa do señor Barbón. O señor Barbón recentemente estivo no Concello de Viveiro, nos Encontros do Eo, co presidente da Xunta, é dicir, co señor Rueda. E o señor Barbón dicía, entre outras cousas, que el ía defender os intereses de Asturias, como non pode ser doutra maneira; eu espero que faga o mesmo o noso presidente, o señor Rueda, en Madrid, é dicir, que defenda os intereses dos galegos e das galegas. Cousa que tampouco está facendo, á vista da reunión última que tiveron estes días. Falaba tamén da singularidade de Asturias: falaba de dispersión; falaba de envellecemento; falaba de despoboamento... Nós tamén queremos que se teña en conta a singularidade galega porque ao fin e ao cabo temos moitas similitudes. ¿Pero sabe tamén de que falaba, señor conselleiro? Falaba tamén de corresponsabilidade fiscal. E afeoulle ao señor Rueda que o que non se pode estar facendo é, por un lado, pedindo ao Goberno central máis fondos e, por outro lado, mermando os nosos ingresos, baixando os impostos aos que máis teñen. Iso afeoullo tamén nese foro. Foi educado, pero díxollo señor conselleiro.

E nós defendemos os intereses de Galicia e dos galegos e das galegas aquí, en Madrid, en Europa e onde faga falta. E a mostra témola hoxe aquí, nesta sesión plenaria: acabamos de votar a favor da xa manida e concorrida iniciativa da AP-9, sobre a cal nós temos a postura clara e definida; e, polo tanto, manifestouse nese exemplo o feito de que nós estamos defendendo os intereses de Galicia e, polo tanto, dos galegos e das galegas.

Mire, que fale vostede dos anos 2009 ao 2011 como exemplo de que «blindamos»... Podemos retrotraernos e falar das políticas da austeridade que obrigou a tomar o señor Mariano Rajoy



a todos os concellos, deixándoos nunha situación moi deficitaria que custou moito superar. Pola contra, nunha nova crise financeira e nunha situación complexa economicamente, o Goberno de Pedro Sánchez fixo totalmente o contrario: investir, investir e investir porque está demostrado que iso axuda ao crecemento económico e axuda ao desenvolvemento do territorio.

Como lle dicía, tampouco me respondeu á pregunta. Falaba dun aporte de 600 millóns de euros —vale—, ¿canto é para o Fondo de Cooperación Local e canto é vía convenios, subvencións, subvencións directas e subvencións indirectas? Incluso, mire, ¿pódenos dicir quen son os destinatarios desas subvencións?, porque imaxino que terán pedigree e serán moitos concellos, os alcaldes e as alcaldesas do Partido Popular. De vez en cando metemos algunha para dicir que «facemos» e para dicir que «somos xustos e equitativos», pero, a realidade, señor conselleiro, é ben distinta. Púñalle exemplos: garderías, colexios, comedores, centros de saúde, terreos de portos, política de emprego, velutina —velutina—... Que hai que escoitar que a Xunta de Galicia asume o cen por cento; e debería porque é competencia exclusiva, (*O señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Calvo Pouso, pronuncia palabras que non se perciben.*) debería, que é competencia exclusiva. A Xunta non está financiando o servizo de bombeiros que no concello de Vigo ou no concello de Lugo están a realizar esta función, por exemplo.

E suma e segue: o tema do SAF, de Sogama... A vostede, señor conselleiro, non lle interesa falar diso, por exemplo, do canon da auga e dese déficit de 600 millóns de euros que teñen os concellos por asunción de gastos impropios. Vén aquí escusarse e trasladarnos que, realmente, o financiamento local non é un tema prioritario para o Partido Popular; o financiamento local non é un tema prioritario para o señor Rueda; o financiamento local non preocupa ao Goberno galego; e, polo tanto, non lle preocupan os 313 concellos.

E, sobre todo, ¿a quen repercute? Aos veciños e ás veciñas, aos galegos e ás galegas que non están na súa folla de ruta nin na súa axenda política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Mire, señora Méndez, a velutina é competencia municipal; vostede probablemente non o sabía —daquela era alcaldesa—, pero foi o presidente da Fegamp, o señor Alfredo —o anterior ao actual presidente—, o que negociou coa Xunta de Galicia para que fose a Xunta de Galicia que retirase os niños.

¡Bueno!, se ese é o criterio que temos que tomar para o resto de intervención, pois xa cae por ela soa, porque vostede dixo aquí que a nós non nos interesa o financiamento dos con-



cellos —¡non!—; a que non lle interesa é ao Partido Socialista, que aplaude coas orellas o feito de que o Goberno de España dedique máis recursos inxustamente a unha comunidade que incumpriu todos os límites establecidos única e exclusivamente para poder durmir un día máis na Moncloa, señora Méndez. Vostedes son os que permiten que os recursos de todos se deriven a esa operación, ¡pero dálles igual!; (*Aplausos.*) e agora din que non é cousa nosa. (*Aplausos.*)

Falaba vostede das competencias impropias. É certo, claro que os concellos teñen competencias impropias, señora Méndez, e tamén é certo que a Xunta de Galicia leva a cabo competencias que non son da Xunta; pero aí non quere entrar. Nós o que propoñiamos no noso estudo era poñer enriba da mesa todas esas competencias, aclarar e concordar cales son as que está a prestar cada administración e que non lle correspondan, e trazar un camiño para que cada administración puidese executar, única e exclusivamente, as súas. A vostede iso non lle interesa. Mire se non lle interesa que non falou da Lei de benestar animal que aprobou o Goberno socialista hai, aproximadamente, un ano, e que a todos os concellos lles inclúe unha serie de cargas importantísimas, e, aí, o Partido Socialista e os alcaldes socialistas calaron; aí calaron, porque é Sánchez, unha vez máis, o que obriga a facer cousas aos concellos, pero non lles dá financiamento. Aí, o Partido Socialista, os alcaldes socialistas e o presidente da Fegamp esquecéronse de reclamar nada; aí esquecéronse. ¡Claro, si!, reclamar aí sería máis crible para o resto de reclamacións. (*Aplausos.*)

E dixo vostede que en Asturias falaron de singularidade. Por suposto, en Galicia é o que dicimos. Levamos anos dicindo que se ten que ter en conta o custo efectivo dos servizos, e iso afecta á dispersión, ao envellecemento e a outras características que temos en Galicia. E estámolo poñendo enriba da mesa, pero o problema é que vostedes non queren que falemos diso. Vostedes prefiren ir falar con Illa, con Junts, con quen fose ou ir a xuízo —a non sei onde— falar co outro para amañar o seu —¡para amañar o seu—; ¡isto é así! —para amañar o seu—.

Falaba vostede de corresponsabilidade. ¿Que me está dicindo?; ¿que esa autonomía que vostedes piden para os concellos, a Xunta non a poida ter? ¿Vostede estame dicindo que a Xunta de Galicia, por exemplo, reduciu as taxas universitarias para aqueles que aprobasen todo, e, como consecuencia diso, non pode reclamar o que é de xustiza no sistema de financiamento para Galicia?; ¿vostede está dicindo iso? E ao mesmo tempo que dixo iso, ¿está dicindo que Cataluña, despois de todo o que fixo coa súa xestión económica durante unha década, é dicir, de abrir embaixadas por todos os sitios, de gastar no que lle daba a gana e non mirar nada, ela si que pode ter a recompensa de que toda a súa débeda a paguemos todos? (*Aplausos.*) Agora, ¡¿nós non podemos baixar as taxas universitarias?! ¿A iso se refire cando fala de corresponsabilidade?; ¿refírese a iso? (*Aplausos.*) As taxas universitarias son unha taxa e dependen da comunidade autónoma. ¡Claro que o podemos facer!, ¿ou como se vería que iso non o fixésemos? Pero, ¿os concellos non teñen tamén autonomía, por exemplo, no IBI para subilo nalgúns tramos? —¡claro que a teñen!— Iso non quere dicir que, se lles corresponde algo ou están prestando un servizo para o cal non teñen financiamento e non é deles, claro que teñen dereito a pedir ese financiamento. Nós estamos de acordo en que hai que cambiar o sistema de financiamento dos concellos —¡claro!—, pero, ao mesmo tempo, haberá que cambiar o sistema de financiamento das comunidades autónomas, ¿non? ¿Compréndeo?



E despois, hai outra cousa que vostedes deixan sempre aparcada e, sobre a cal, nunca falan nada. ¿Onde están as deputacións? ¿Sabe vostede cantos recursos ten a Deputación da Coruña no banco?; ¿cantos millóns ten a Deputación da Coruña no banco?; ¿sábeo? ¿Sabe cales son os problemas que teñen os concellos pequenos da Coruña que non teñen —como din vostedes— para chegar ao final de mes? ¿E que fai a Deputación?; ¿amasar ou aforrar? ¡Home!, a de Lugo acaba de multar o alcalde de Ribadeo por limpar carreteras provinciais. Eu xa non pido que vaian a tanto; o único que pido é que colaboren. A outro pleno, trouxemos outro exemplo, o dos socorristas. Os socorristas non é unha competencia da Xunta de Galicia; e nós este ano trouxemos de novo unha axuda para os concellos, que melloramos con respecto ao ano pasado porque se inclúen máis supostos, para axudalos a pagar o custo dos socorristas. Pero, ¿cal é a sorpresa? Diría: «¡Bueno!, as deputacións estarán axudando os concellos pequenos; ¡para iso están!»; ¡Ah!, non; non están axudando. A Deputación da Coruña, por exemplo, aos concellos do litoral non lles paga os socorristas; só aos do interior. ¡Claro!, ao que ten unha piscina págolle os socorristas, e sae máis barato que o que ten varias praias. Iso é o que fai a Deputación da Coruña. Pero vostedes, neste debate, deixan as deputacións sempre apartadas.

E falaba do SAF. Mire...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...a min gustaríame, para ser crible —xa remato, presidenta—, señora Méndez —como dicía antes—, que primeiro reclamasen o que o Goberno nos debe por non pagar o que corresponde, por lei, da Lei de dependencia. (*Aplausos.*) Eu estou seguro de que, se a Xunta de Galicia e o resto de comunidades autónomas tivésemos os recursos que nos deben, dende hai anos, da Lei de dependencia e que vén fixado por lei, a situación sería outra; (*Aplausos.*) pero non pagan.

E vostedes, en vez de reclamar sempre a quen corresponde, o único que fan é mirar para a Xunta. Iso non é preocuparse polos concellos; iso é facer política, e da baixa. Aí están e aí seguirán.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas interpelacións. E agora vaise producir un debate acumulado entre as que están rexistradas cos documentos 5103 e 5504, é dicir, a 7.3 e a 7.4. Acumúlanse para os efectos do debate, conforme o artigo 159.1 do Regulamento, porque se refiren ao mesmo tema.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Óscar Insua Lema, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais



Interpelación de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular as interpelacións teñen a palabra, en primeiro lugar, don Xosé Luís Bará Torres, por un tempo de dez minutos.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, ¿que tal a súa excursión a Bruxelas?; ¿que tal lle foi por alí? Ademais de escaquearse do pleno, ¿foi comer mexillóns? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Oficialmente, o motivo da visita, señora conselleira —segundo se publicou na prensa—, (*O señor Bará Torres mostra un recorte de prensa.*) foi: «Ángeles Vázquez viaja a Bruselas para exigir al Tribunal Europeo criterios claros para tramitar eólicos». ¿Foi este o motivo da súa visita? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Exixir? Si, tamén di aquí que foi presentar a Lei de administración ambiental; non estaría mal que a presentase tamén no Parlamento galego, e non en Bruxelas.

Mire, señora conselleira, tardou pouco en saberse que a visita foi un auténtico paripé; foi única e exclusivamente para escaquearse de comparecer neste pleno, xa que era a súa obriga- ción vir aquí o día 11 de setembro ou, se fose o caso, o día anterior, pois puido vir perfec- tamente antes de marchar para Bruxelas. E sóbose que foi un paripé porque, mire —as mentiras teñen as patas curtas—, vostede foi alí supostamente para pedir unha tramitación acelerada desa cuestión prexudicial plantexada polo TSX, o cal precisamente pedira xa unha tramitación acelerada; cousa que non aceptou o Tribunal Europeo —vai ser prioritaria, pero non acelerada—. A resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, dando conta do que ía facer, é do día 10 de setembro, é dicir, chegou vostede un día tarde, señora conselleira; chegou vostede un día tarde a Bruxelas, e foi alí, polo tanto, facer o ridículo porque o Tri- bunal Superior de Xustiza da Unión Europea, ao cal vostede ía exixir esta cuestión, o día an- terior de que vostede chegase xa emitira a súa resolución. Fíxese que pronto a collemos nas patacas, ou nos mexillóns, ou no que sexa que foi facer alí.

¡E, claro!, agora, finalmente, non lle quedou máis remedio que ter que vir aquí a este pleno, tarde, mal e a rastro, comparecer para dar conta dunha cuestión incómoda que lle queima nas mans, señora conselleira, como é o sablazo de Sogama. É dicir, o negocio que fan vos- tedes, xuntamente con Naturgy, e que está levando a abrasar a impostos a través da suba abusiva dese taxazo do canon que pretenden aprobar —xa aprobaron un á parte—. Nada máis e nada menos que pretenden vostedes duplicar o canon que cobran aos concellos, que pasaría de 56 euros, en 2023, con bonificación do quince por cento, a, nada máis e nada menos, 108 euros, no ano 2025; iso é duplicar o canon, ¿e saben para que? Para engordar o negocio da Xunta e de Naturgy. Esa é a verdadeira intención da decisión que, loxicamente, deu lugar a unha rebelión, a unha resposta absolutamente contraria da maior parte dos con- cellos —tamén, loxicamente, dos concellos gobernados polo Partido Popular—.

Isto é un auténtico atraco e unha estafa, que é consecuencia das decisións que veñen vostedes tomando, principalmente, desde o ano 2015, nunha deriva absolutamente suicida de am-



pliación das instalacións e do sistema Sogama, coa pretensión —dicían vostedes xa daquela— de xestionar a totalidade dos residuos producidos en Galiza, é dicir, un millón de toneladas. Esa é verdadeira intención deses contratos multimillonarios, por máis de setecentos millóns de euros, que vostedes levan aprobados desde o ano 2015; a maior parte deles co mesmo grupo empresarial, co grupo Copasa-Valtalia.

E este é o grande erro, señora conselleira, é dicir, a aposta por un sistema centralizado, obsoleto, antiecolóxico, moi custoso e baseado en solucións finalistas, como son a incineración e o vertedoiro, (*O señor Bará Torres mostra un gráfico.*) que, tal como din os balances de Sogama —señora conselleira, fíxese—, supoñen, nada máis e nada menos, o oitenta por cento dos residuos que entran en Sogama; o oitenta por cento de 942.000 toneladas, é dicir, 757.000 van para a incineración e para o vertedoiro. Este é o verdadeiro problema; este é o grave erro que vostedes levan cometendo nos últimos anos, erre que erre, sen rectificar.

Esta é a verdadeira causa da situación de bancarrota en que está, neste momento, Sogama, e vostedes buscan culpábeis noutro lado. A situación de bancarrota ten que ver con eses contratos multimillonarios, que son por dez, por doce e por quince anos, xa que hai que pagar a factura todos os anos; e tamén por outros factores, como, por exemplo, do que vostedes non falan, como é o incremento do prezo do gas. Fíxese na noticia deste ano 2024: «Os beneficios de Sogama desplómase un 70 por cento no ano 2022 polo incremento do prezo do gas, que subiu un 133 por cento». Isto vai en contra do equilibrio das contas de Sogama, pero vai a favor do negocio de quen subministra o gas a Sogama, que é a súa socia Naturgy; Naturgy facturando polo gas e pola electricidade que subministra a Sogama e, ¿vostedes a quen aplican a factura coa suba do canon? Aos concellos e, polo tanto, á cidadanía, que teñen que pagar o taxazo que vostedes pretenden aprobar.

Despois veu a escusa do imposto á incineración e ao vertedoiro, que é unha medida que contou co apoio do Partido Popular —como lle dixen aquí—, cunha emenda no trámite de debate, no Congreso, da Lei de residuos, e agora vostedes opóñense a ela, cando é, ademais, unha medida aprobada pola Directiva europea de residuos, polo tanto, conta co apoio do Grupo Popular en Europa e da Comisión Europea presidida polo Partido Popular.

E mire, señora conselleira, vostedes estiveron doce anos mirando para outro lado, varrendo para debaixo da alfombra, incumprindo o Plan de residuos municipais de Galiza 2010-2022, que prevía a compostaxe de 245.000 toneladas e a construción de doce plantas de compostaxe. Non fixeron ningunha. ¡Bueno!, fixeron a de Areosa, que miren como está. (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) Esta fotografía é desta semana, señora conselleira —nós estamos ben informados—. Aquí non se move unha tonelada de compostaxe, nin moito menos, pero vostedes falan de 3.600 toneladas. É un auténtico ermo, ao igual que as outras tres plantas que fixeron ao longo de toda Galiza.

Incumpriron o Plan estatal de residuos e ignoraron a Directiva marco de residuos —ese informe de alerta temperá de 2018, ao cal fixen referencia antes—. E por iso os resultados de Galiza son absolutamente catastróficos. Efectivamente, isto é responsabilidade dos concellos, pero é, sobre todo e principalmente, responsabilidade da Xunta que apostou polo sistema baseado na incineración e no vertedoiro; e por iso o oitenta por cento vai



para esas solucións finalistas. E por iso Galiza está á cola do Estado. Estes son datos oficiais do Miteco, (*O señor Bará Torres mostra unha gráfica.*) do ano 2020, que nos sitúan á cola en materia de reciclaxe. Estabamos no escaso vinte por cento, no ano 2020, cando debiamos estar no cincuenta por cento. Señora conselleira, ¿vostede alégrase desta gráfica, na cal estamos á cola do Estado, xunto con Melilla, xunto coas Baleares ou xunto con Asturias, cando hai comunidades que superan claramente o cincuenta por cento, e que son coas cales nos teriamos que comparar?; ¿vostede alégrase desta gráfica? Pois, nós, desde logo, non nos alegramos.

Resulta que agora vostedes botan a culpa ao famoso imposto á incineración e ao vertedoiro, que é un imposto que vostedes aprobaron e que apoiaron no Parlamento Europeo. Vostedes apoiaron no Parlamento español unha emenda que —como lle lin antes, no debate anterior— era favorábel a ese imposto. Aceptaron a cesión no ano 2022 na Comisión Mixta de Transferencias. A única transferencia —e xa llo dixen antes— destes quince anos. E agora, cando lle estoupou todo nas mans, cando o negocio de Sogama saltou polos aires, cando están noqueados, cando os concellos se lle botan enriba..., intentan botar a culpa ao imposto á incineración e ao vertedoiro, que ninguén no Estado —só vostedes— cuestiona. É para facelo, mirar. Ninguén no Estado cuestiona, a estas alturas, este imposto. A culpa non é do imposto, señora conselleira; a culpa é da incineración. O imposto é unha medida disuasoria para reducir a incineración e o vertedoiro e para incrementar a reutilización e a reciclaxe.

Polo tanto, o que pedimos é que retiren as subas abusivas, os taxazos de Sogama aos concellos; pedimos que rectifiquen porque, cando rectifican, normalmente acertan; pedimos que recapaciten, que dialoguen e que falen cos concellos. Xa lle dixen antes, teñen a oportunidade, este venres, de chegar a acordos, de retirar os taxazos abusivos e de acordar unha nova política de residuos que lle fai falta a este país, para o século XXI.

Vostedes teñen a solución, señora conselleira; a solución: menos incineración.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.

Menos mal que xa podemos chegar a falar con vostede de Sogama, porque, a verdade é que, dende o mes de xuño, cando a empresa anunciou esa suba, vostede escorreu bastante o vulto. Nesta ocasión foi das que menos falou; igual era tamén polos antecedentes e polo que aconteceu a vez anterior.



E, ademais, tivemos que esperar para esta interpelación dúas semanas —e falamos de mera coincidencia— para que lle dese tamén tempo a presentar ao Grupo Parlamentario Popular esa iniciativa para contrarrestar a ofensiva contra a suba do canon de Sogama. E, a verdade, é que vostede nos sorprende bastante; sorprendeunos bastante que non viñese ao pleno dar conta, pero máis nos sorprende os motivos que alegou da súa viaxe a Bruxelas, porque, a verdade, intentar influír nunha decisión xudicial déixanos parvos; ou incluso nos deixa parvos que vostede fose a Bruxelas e non se preocupase para nada desa infracción aberta por Rede Natura que ten Galicia.

E agora témola aquí para falar —se me fai un pouco de caso— da xestión de residuos e vou dicirlle que... A ver, eu entendo que non escoite porque, ao final, do que estamos a falar é como un *déjà vu*, ¿non?, por exemplo, a película esta tan famosa do *Día da marmota*. No ano 2014 xa falamos disto; no ano 2014 —lémbrolle—, cando fixeron esa subida tan forte de Sogama; no ano 2023 volveron vostedes amagar con esa subida, o que pasa é que despois se botaron atrás. Polo tanto, é normal que vostede xa estea cansa de falar deste tema.

E nós queremos aclarar que a situación que alegan e a versión que manteñen vostedes fai augas por todos os lados. Imos falarlle, en primeiro lugar, do primeiro amago de suba do canon de Sogama. O primeiro amago de suba do canon de Sogama produciuse no orzamento de 2024. Se lemos o orzamento para Sogama do ano 2024, dentro dos orzamentos da Xunta de Galicia... Vou ler literalmente. Mentres que, por unha banda, xa anunciaban a suba, por outra, dicían: «Tendo en conta as distintas posibilidades de incremento dos ingresos desta sociedade por circunstancias tales como a posible adhesión de novos concellos ou o eventual crecemento da cantidade de toneladas de residuos municipais, as melloras tecnolóxicas das instalacións de Sogama que determinarán a súa maior rendibilidade e as posibilidades que brinda, tanto a normativa ambiental como o propio mercado...» —e conclúen— «...estímense uns ingresos superiores ás do exercicio precedente».

Polo tanto, na estimación que vostedes facían de Sogama para o ano 2024, prevían unha mellora nos ingresos da empresa. E xa tiñan vostedes en conta neste momento a aplicación do imposto, pero pasan uns meses e vostedes comezan a falar, no mes de xuño, da posibilidade de suprimir esa bonificación que estableceran aos concellos do quince por cento, porque, de repente, unha gran nube gris pousase enriba da empresa Sogama. E todo o que antes era unha mellora dos ingresos, é dicir, a estimación que se prevía, e incluso non só polo que ían recibir e pola rendibilidade que daban todos eses investimentos que fixeron na empresa, senón porque tamén alegaban e xustificaban que a suba viña determinada polo incremento do prezo da enerxía. Como Sogama principalmente vende enerxía, pois, lóxicamente, ía ter moitos máis ingresos que no ano anterior. ¡Pero non!, de repente chega esa nube gris, chega o malvado Pedro Sánchez e impón un gravame a Galicia, e comezan todo ese discurso cheo de mentiras e de falsidades que culminaron —¡como non!— co anuncio de suba do ano 2025 —estaban vostedes antes preparando o terreo—; unha suba de 42 euros por tonelada, isto é, 108 euros por tonelada. Pois ben, para xustificar isto, tiremos dos medios de comunicación e da propaganda institucional: o presidente de Sogama acode a un cento de entrevistas en prensa e radio, vendendo este panorama desolador. Xustamente, esa mensaxe manipulada para xustificar a suba.



Todo estaba perdido, os concellos ían ter que subir eses 42 euros por tonelada e, de repente, novamente coma no ano 2023 —pero, neste caso, non só a desautorizou a vostede, porque estivo caladiña, senón que desautorizou máis o presidente de Sogama—, chega Rueda, nunha sesión de control parlamentaria, e di: «Non vos preocupedes, que aquí estou eu para dar un claro nesta nube gris que cae enriba de Sogama». E ¿que dixo? Pois que el ía «compensar a suba»; ía compensar a suba, pero non dixo nin de que forma nin por canto tempo. Espero que vostede hoxe nos aclare algo, baixo o risco de que, despois, na seguinte sesión de control, poida ser desautorizada. Entón, estamos así: a velas vir. Non sabemos nin como se vai compensar, nin en que cantidade, nin por canto tempo. A ver que pasa tamén o venres na xuntanza que teñen vostedes coa Fegamp, e a ver que anuncia; esperemos que vostede anuncie algo hoxe aquí.

E imos falar tamén, nesta comparecencia, do imposto, porque, dentro desa nube gris, a culpa principal é o imposto; un imposto sobre o cal a vostedes non lles gusta falar porque non lles gusta dicir que é unha directiva europea. E non só é unha directiva do ano 2018, senón tamén xa do ano 2008. No ano 2008, a Directiva europea dese ano xa mandaba e xa falaba deste imposto. ¿Que pasa? Que non era de transposición obrigatoria, e por iso na Lei estatal de 2011 non se fixo. En cambio, a Directiva do ano 2018 xa poñía como data límite o 5 de xullo de 2020 para a transposición da lexislación estatal deste imposto. España foi con atraso porque non o fixo ata o ano 2022. E vostede, en moitas ocasións que debatemos aquí, no Parlamento, díxome: «A Lei estatal de residuos vai con atraso; o Goberno de España non aproba esa Lei estatal de residuos. En Galicia imos moito máis adiantados». E esta frase dicíaa vostede de forma reiterada.

¿E por que Europa manda gravar a incineración e o depósito en vertedoiro? Porque a política de residuos da Unión Europea —como vostede ben sabe dende hai moito tempo, aínda que pase do tema— ten por obxecto contribuír para a economía circular, e por iso fixa unha serie de medidas para impedir e reducir a contaminación atmosférica, das augas e do solo, causada, entre outras cousas, pola incineración e pola co-incineración, así como polo depósito en vertedoiro porque causan riscos, xa non só para o medio ambiente, senón tamén para a saúde humana. E, polo tanto, obriga a gravar este tipo de xestión.

O último informe, ademais, que é da Unión Europea, di que a implantación deste imposto é maioritaria nos países europeos. Hai seis que non o impoñen —vale— porque non teñen plantas incineradoras. Despois, hai dez que si aplican este imposto, como Dinamarca —como dicía antes—, dende o ano 1999. E logo hai outros que non o impuxeron: Lituania, Eslovenia, Eslovaquia... Pero xa lle dixen ao deputado do Partido Popular, ao señor Trenor, que espero que non nos queiramos parecer a estes países nin medioambientalmente nin noutros sentidos. Vaime falar vostede do caso de Finlandia, ¿non? Finlandia non ten este imposto e Finlandia tamén incinera, pero eu quería ter o sistema e os índices de reciclaxe de Finlandia.

Entón chegamos a un acordo: se vostede se compromete a que imos reciclar o 99 por cento dos envases lixeiros, eu tamén animo a que fagan algo co imposto, porque estamos a falar de que Galicia recicla o 18 por cento fronte ao 99 por cento. E para non mencionarlle os índices de compostaxe orgánica, pois estamos nas mesmas cifras; ou para non mencionarlle



o índice de vertedoiro, que en Finlandia é cero, e aquí estamos no 21 por cento. Polo tanto, creo que estamos moi lonxe deste país, e gustaríame que, se quere vostede que nos parezamos a Finlandia, (*A señora Castro Rey mostra unha gráfica.*) non faga así, senón da forma —como lle dixen eu— en que xestiona os residuos Finlandia.

Vostedes sabían, dende hai anos, que este sistema era insostible, e, polo tanto, agora non boten as mans á cabeza. Agora Rueda anuncia esa compensación do 60 por cento, e —insístitolle— queríamos saber como a vai facer. Miren, se facemos un xogo numérico, como aquel dos anos oitenta, do *Un, dos, tres... responde outra vez*, podemos chegar a uns datos que, como dicía antes o presidente, son datos, e os datos contan. Pois, se o canon se incrementou 40 euros e, de repente, chega Rueda e di que vai compensar a suba con 24, ao final, aos concellos estamos subíndolles 17 euros por tonelada. E se a Sogama chegan 783.725,38 toneladas por ano de residuos —os datos son de 2022—, vai recibir, coa suba de 108 euros do ano 2025, a cantidade de 85 millóns de euros ao ano. Vostedes din que o imposto é de 9 millóns de euros ao ano. ¡Carai —como din as miñas fillas—, como lle renta á Xunta o imposto de Sogama! ¡Carai, como lle renta! Home, de 85 millóns a 9 millóns, faga vostede os cálculos. Se iso non é rendibilidade...

Entón, ¿quen perde neste xogo? Neste xogo, ¿quen vai perder? Coma sempre, os que nunca gañan e os que sempre perden: os concellos e, por ende, a cidadanía; pero non o Goberno da Xunta, que ademais de recadar o imposto, eses 9 millóns, é o 51 por cento accionista de Sogama. Polo tanto, tamén vai ver incrementado nesas 85 millóns de euros pola suba do canon a 108 euros ao ano.

Polo tanto, señora conselleira, por esta quenda non vou insistir máis. Só quero dicirlle que o problema principal é o modelo de xestión. Mentres non acepten iso e mentres non muden o modelo de xestión, os problemas de incremento de sobrecostos, tendo en conta as políticas europeas, están comezando pero van seguir e van incrementarse. Polo tanto,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Castro.

A señora CASTRO REY: ...cambien a mentalidade. Como vostedes din, os galegos e galegas déronlles a confianza tamén para xestionar os residuos e para aplicar as políticas medioambientais.

Sen máis nada, por agora, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día.



A verdade, señor Bará, non sabía eu moi ben se isto era unha comedia ou unha interpelación, e dígollo por como vostede se dirixe á xente. Créame que non ofende quen quere, senón quen pode. Vostede aínda non chegou a ese momento de poder ofender. (*Aplausos.*)

Hai varias cousas que me gustaría deixar claro. O primeiro, era unha fuxida; menos mal que non era unha furtiva, pero era unha fuxida. Hai quince días tiña un pavor terrible a vir aquí e falar do sistema de Sogama, porque, claro, é que nada máis chamar os directores xerais da Unión Europea recíbente dun día ao outro e eu dixen: «por favor, recíbanme xa, porque eu non quero saír aí falar de todo isto». Pois non, non fuxín. Sigo estando aquí e, ademais, pódolle dicir de primeira man os temas que se trataron, porque dende logo a axenda é pública.

Pero naquela parte privada, que é sobre o que como, xa lles adianto que os mexillóns cómoos en Galicia, pois son os mellores. (*Aplausos.*) Vostedes igual non se deron conta, porque non será a primeira vez... De feito, para defender as nosas rías, para defender a cadea mar-industria, nin sequera se puxeron ao carón dos galegos e as galegas para que se fixese a xestión dende Galicia. E, claro, é que é un problema. Aquí parece que somos departamentos estancos, pero non; Galicia vese de xeito integral. Polo tanto, eu dígolles que, se van algún día a Bruxelas —que tamén é bo que vaian e non só para defenestrar a Galicia, porque eu fun presumir de Galicia, pero tamén para dar información veraz do que ocorría en Galicia—, non coman mexillóns; coman os galegos.

A partir de aí, falando de Sogama... Pero é que o señor Bará e a señora Rodil empezaron doutro xeito e comprenderá que lle teño que contestar; sería bo. A partir de aí, vexo que isto vai a peor e que é mentira tras mentira e que non se cortan un pelo e podemos escoitar calquera barbaridade. Unha é: «optaron vostedes polo modelo Sogama». Pois menos mal que que está Sogama, porque grazas a Sogama máis de trescentos vertedoiros pecháronse e a situación dista moito daqueles anos onde en cada concello había un vertedoiro. A segunda é que os concellos son libres para adherirse a Sogama e son 285 concellos os que están adheridos ao modelo de Sogama. O terceiro é que vostedes durante o Bipartito gobernaron e fíxense que era cando máis toneladas ían ao vertedoiro. Esquecéronse de todo isto porque xa hai uns cantos anos e continuarán moitos máis anos nesas bancadas se seguen así, porque menten unha tras outra vez. (*Aplausos.*)

Creo que imos coa cuarta, e entón din: «É que fíxense que estes da Xunta de Galicia están ao carón das grandes empresas e entón é que están machacando o resto dos galegos». E unha é Naturgy. Pois cando se fixo a repartición de beneficios con Naturgy foi cando vostedes gobernaron, porque co PP nunca se fixo repartición de beneficios con Naturgy; cando había beneficios bonificábanse os concellos, por iso chegamos a bonificacións de ata o quince por cento. E fixéronse investimentos para cumprir coas distintas directivas europeas. Pois se uns din que se temos un problema con Rede Natura, que despois direille á señora Castro...; e outros din: «é que fíxese como vostedes incumpren». Despois dareille á presidenta as alegacións que fixo a Xunta de Galicia. ¿En que se basea o Goberno central para subir ese imposto que o único que pretende é recadar unha e mil veces? E a pesar de que hoxe vostedes tiveron aquí a oportunidade de dicirle ao Goberno central que retire o imposto e así Sogama non tería que actualizar o canon. Vexo que prefiren estar a carón do señor Sánchez —os do PSOE aínda os entendo, pero os do BNG non entendo absolutamente nada— e que paguen



os concellos. ¡Ollo! A Xunta de Galicia vai estar a carón dos concellos e, polo tanto, o sesenta por cento do que ten que incrementar Sogama debido a ese tasazo que fai o Goberno central vaino poñer a Xunta de Galicia, que, en definitiva, son todos os galegos e todas as galegas.

E deberíase preocupar vostede dos distintos sistemas que ten Galicia, que son o sistema de Sogama, o sistema de Nostián e o sistema de Barbanza. Aqueles que vostedes sempre dixeran que son os mellores e que agora fíxese que a Unión Europea di que non teñen cabida e que, polo tanto, xa tiñan que ter evolucionado e non o fixeron.

Feita esta pequena introdución, porque creo ademais que é bo, e despois de nomear a Naturgy, para vostedes o seguinte xa é «insultamos a Copasa». Pois, fíxense, tampouco lles gusta Copasa e tampouco lles gusta Altri e tampouco lles gustaba no seu día Alcoa. Agora ten risco de pechar e entón poñámonos ao carón de Alcoa. É que unha tras outra, unha tras outra...

Dito isto, aquí hai que tomar decisións, efectivamente, e moitas veces as decisións son erróneas. O erro que cometeu o señor Pedro Sánchez agora vano ter que pagar os galegos e as galegas. E iso de que o resto de comunidades autónomas non están dicindo nada... Como vostedes non están representados en ningún lado, non o saben. Claro que hai protestas e claro que se fixeron nas distintas conferencias sectoriais, e claro que se lle dixo á FEMP que tiña que posicionarse, porque nin a Comisión nin a Unión Europea lles están dicindo, señora Castro, aos estados membros que teñan que poñer un imposto; en absoluto. Estanlles dicindo que hai que cumprir e estanlle dicindo a España que está en risco, porque está identificada España como un país en risco de incumprimento de directivas comunitarias en materia de residuos. E céntrase en algo concreto, como son os vertedoiros. E aquí dígolle, sen embargo, que Galicia non está en ningún dos procedementos de infracción abertos pola Comisión Europea no Reino de España en materia de vertedoiros. Entón, non a liemos toda. Centrémonos e ao final digamos a verdade. E a verdade é que o señor Pedro Sánchez lle dixo á Unión Europea: «eu vou cumprir. Claro que estou en risco, seino. O xeito de cumprir é poñer impostos, e eses impostos a ver quen os recada.» E, efectivamente, hai rexións, hai comunidades autónomas que decidiron «recade vostede, porque a min non me dá a gana de recadalo». Iso tamén hai que poñelo enriba da mesa.

E, ¿que provocaron estes impostos? Que, ollo, é un imposto e despois dous reais decretos, porque saben que son especialistas en reais decretos. Provocaron un sobrecusto no último ano e medio de 39 euros/tonelada. E, ¿que fixo Sogama durante este tempo? En vez de repartir os beneficios con Naturgy, que era o que se facía cando gobernaba o Bipartito, fíxose cargo dese imposto durante o ano 2023 e parte do ano 2024. Pero, claro, chega un momento en que esta é unha empresa pública, público-privada, que está suxeita a unhas contas e que, polo tanto, ese imposto xa non é capaz de sostelo Sogama. E parte dese imposto —que non todo— vai recaer onde recae, nos concellos. Efectivamente, eles son libres para decidir que facer, pero ao final, aquí —e é no único que coincidimos— cando hai un imposto quen o paga é o cidadán, son os galegos e ás galegas.

E a miña pregunta é: pero entón, ¿por que non lle pedimos ao goberno de Pedro Sánchez que retire eses impostos? E a miña pregunta é: se eu me comprometo aquí diante de todos



vostedes, igual que diante da Fegamp, a que, se se retira o imposto, por suposto que a Xunta de Galicia vai quedar de mans quietas e Sogama non ten que actuar e non ten que actualizar o canon, ¿por que vostedes están empeñados en que o señor Pedro Sánchez continúe adiante con esa teima? Que ademais foi unilateral, sen contar coas comunidades autónomas, que nos opuxemos dende un principio e que, por suposto, alegamos. Dígoo, señor Bará, porque isto de «é que vostedes votaron aquí, alí e no outro lado...» Eu, señora presidenta, voulle entregar a alegación correspondente por se os grupos quixesen consultala. Esa alegación, ademais, pedimoslle que a fixese á FEMP e á Fegamp. Naquel momento, na FEMP estaba o señor Abel Caballero, que, por suposto, non se podía poñer en contra do señor Sánchez; a Fegamp supoño que tampouco. Sempre nos sentamos e sempre nos sentaremos coa Fegamp, porque aquí non se trata de ideoloxías; aquí do que se trata é que ao final se repercuta o menor posible sobre a cidadanía.

Pero, ¿que políticas fiscais puxo enriba da mesa o señor Sánchez? Foron, por un lado, o imposto estatal sobre vertedura e incineración, a Lei 7/2022. O seguinte foi a orde ministerial que elimina a retribución que recibían todas as plantas termoeléctricas. E o terceiro foi o imposto á produción de enerxía. Medidas que, como lles dixen, rexeitamos dende o minuto cero. Ademais, non cumpren co obxectivo último da lei, porque hai un artigo, que é o artigo 84 da propia exposición de medidas, que o que di é que, efectivamente, hai que reducir. En primeiro lugar, o que é máis prexudicial para o medio ambiente, que é o depósito en vertedoiro. E aí, como vostedes non queren falar diso, que é o que máis contamina: *(A señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático mostra un documento.)* unha tonelada de depósito en vertedoiro contamina un 175 por cento máis que unha termoeléctrica. Pero diso esquécense e dálles o mesmo. E, claro, temos un problema. E o problema tamén o temos cos concellos que elixiron no seu día o sistema de Nostián e de Barbanza. ¿Saben por que? Porque algún deles está no sesenta por cento de toneladas que van ao vertedoiro.

E quería darlles, ademais, outro dato. ¿Cal é a situación que ten Galicia en porcentaxe de toneladas que van ao vertedoiro —que é o que máis contamina e que é o primeiro que quere eliminar Europa—? Estamos nun 21 por cento. E, claro, como lles encanta presumir doutras comunidades autónomas, en vez de poñer en valor por unha vez o que fai Galicia —e aí son especialistas, porque incluso xa os coñecen a algún en Europa, que manda truco—, pois fíxense. Analizamos canto levan a vertedoiro: Asturias, o 79 por cento; Murcia, o 67; Aragón, o 67; Castela-A Mancha, o 61; Andalucía, o 59; Extremadura, o 54; e Comunidade Foral de Navarra, o 52. E así lles podería dicir un por un. O resultado é que Galicia é das comunidades autónomas que está cumprindo co principio da Unión Europea de levar o menor número de toneladas ao vertedoiro. *(Aplausos.)*

Sendo esta a situación que temos enriba da mesa, ao final no custo real, efectivamente, señora Castro, por tonelada e polo tratamento que ten que facer Sogama —que non hai que esquecer que Sogama o que fai é tratar aquilo que lle vén directamente dos concellos—, aí estamos todos de acordo. Hai que seguir traballando, e o primeiro nas cidades. Porque, ollo, a situación das cidades non está para botar cohetes. Podo poñer o exemplo de Vigo —que o puxen recentemente—; podo poñer o exemplo da Coruña, que nin sequera cumpre coa directiva europea, que lle demos ese ano de marxe para que fose planificando e puxese en



marcha o 5º contedor que aínda non o ten. Pero poderíamos falar perfectamente doutras cidades, como é o caso de Pontevedra.

Polo tanto, estamos de acordo en que temos que avanzar no que é a reciclaxe en si, pero o tratamento ten un custo que chega a Sogama de 120 euros/tonelada. Ten ese custo debido a eses dous impostos e a esa decisión, onde primeiro apoian as termoeléctricas e despois de repente decide o Goberno central que eses 18 millóns de euros que recibía Sogama, e que tiña que recibir ata o ano 2026, no ano 2023 xa llelos retiraba. Ao final, efectivamente, todo iso repercútese.

Pero pensamos nos concellos e, como pensamos nos concellos, —e isto foi un compromiso do presidente—do sesenta por cento do incremento farase cargo a Xunta de Galicia. Clave de diálogo constante reivindicado, non o dubiden, con Sogama; para estes temas e para calquera outros temas que poidan influír no noso territorio. Unha xuntanza estaba prevista para o venres pasado e a min non se me ocorreu dicir que o presidente da Fegamp fuxía ou que non quería sentarse comigo ou esas cousas todas que se dixeron cando eu fun a Bruxelas. Este señor tiña unha axenda e decidiu que o venres pasado non. Vale, perfecto, hai que adaptar as axendas e, polo tanto, teremos unha xuntanza este mesmo venres día 27, porque non queremos que os concellos estean sós.

Vostedes eu creo que deberían recapacitar, porque a miña pregunta é: ¿como lles van dicir aos seus concellos que aquí no Parlamento votan por que haxa impostos sobre o lixo?

A señora PRESIDENTA: Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ¿Como llelo van contar? Eu creo que é bo que recapaciten, porque cando vostedes din que a Xunta se faga cargo do cen por cento do incremento, a lei di que é o cen por cento do incremento o teñen que pagar os concellos. Entón, a verdade é que aquí hai un problema...

A señora PRESIDENTA: Ten un segundo turno despois.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Fagamos un esforzo de entente, de diálogo. Aínda estamos a tempo. E, por suposto, está o compromiso firme da Xunta de Galicia: retíranse os impostos e retirando eses impostos non habrá actualización do canon de Sogama.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, por moito que intente falsear a realidade, a realidade é teimuda, e os datos están aí. Son datos oficiais. A realidade é que vostedes quixeron vender a milonga de que Sogama tiña capacidade para tratar todo o lixo xerado en Galiza.



Titular seu do ano 2021. (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) É dicir, que vostedes estiveron alimentando esa fantasía de que todo o lixo de Galiza tiña que ir a Sogama, que se podía procesar alí e ¿para que? Para solucións finalistas penalizadas pola Comisión Europea, como son non só o vertedoiro, señora conselleira; o vertedoiro e a incineración, que supoñen —como lle dixen— o oitenta por cento dos residuos que entran en Sogama. Ese é o seu fracaso estrepitoso que nos levou a estar nos postos de cola do Estado e a incumprir os obxectivos da Unión Europea para o ano 2020. (*Aplausos.*) Tiñan que ser o cincuenta por cento e estamos no 2020 no 21 por cento, señora conselleira.

E, claro, vostede quere compararse cos malos, pero non se compare cos malos —citounos aquí a Asturias e non sei que máis—. Compárese cos bos; nós queremos estar á altura dos bos. ¿Sabe quen son os que fan as cousas ben, que teñen máis do cincuenta por cento da reciclaxe? Pois son, por exemplo: o País Vasco, que está por riba do cincuenta por cento; son A Rioxa, a Comunidade Valenciana ou Cataluña. Cataluña, ¿sabe por que? Porque desde o ano 2004 e desde o 2008 ten impostos ao vertedoiro e incineración e estivo dedicando os recursos recadados cuns impostos para fomentar alternativas aliñadas coas directivas europeas. Por iso está á cabeza do Estado e cumpre todos os obxectivos da Comunidade Europea. Esa é a diferenza entre quen fai as cousas ben e quen fixo as cousas mal, como vostedes, apostando pola incineración; (*Aplausos.*) É dicir, polo negocio con Naturgy, que é quen factura e quen fai negocio con vostedes.

E, claro, non intente vir aquí desmentir a Comisión Europea, desmentiro Parlamento Europeo e desmentir a propia posición do Partido Popular no Congreso dos Deputados, porque a directiva europea dío claro: «para contribuír a alcanzar os obxectivos da directiva, os estados deben recorrer aos instrumentos económicos e a outras medidas a fin de proporcionar incentivos para a aplicación da xerarquía de residuos, como os instrumentos económicos e outras medidas indicadas no anexo 14bis que inclúe, entre outros, taxas de vertedoiro e incineración». ¡Taxas de vertedoiro e incineración! ¿Como llo hai que dicir, señora conselleira, para que entenda? ¡Taxas de vertedoiro e incineración! Está na directiva europea, trasposto na Lei estatal de residuos. E, vostedes, despois de apoiar esta medida no Congreso cunha emenda que ía no mesmo sentido, agora desdinse, porque lles veu enriba o chorreo e a revolta dos concellos contra este taxazo de intentar duplicar o custo do canon de Sogama dos 56 euros. Repítolle: 56 euros de 2023 que pagaban os concellos coa bonificación do 15 por cento aos 108 euros que queren impoñer no ano 2025. E non nos veña coa milonga de que a Xunta vai compensar, porque non lle tragamos esa milonga, porque vostedes o que pretenden é que o que recadan —que o recada a Xunta, 12 millóns por ano— transferírllelo aos concellos a través do fondo ambiental e facer pasar iso por unha compensación. Iso non é o compensación. O que teñen que facer é non subir o canon de Sogama, que é o que lles están pedindo maioritariamente os concellos.

E, miren, vostedes teñen que abandonar o negacionismo ambiental, as medidas contra a fiscalidade ambiental e aceptar a realidade. A realidade é que é necesario un cambio de rumbo na xestión dos residuos municipais; un cambio de rumbo por parte de todas e de todos. Fíxese o que estou dicindo, por parte dos concellos. E teño que dicir que hai algúns que levan traballando na boa dirección, como por exemplo Allariz, que fixo unha aposta a través de Allariz RER pola compostaxe dos residuos, e por iso Allariz ten uns resultados de reciclaxe



que están por riba do corenta por cento e que duplican a media galega; e outros concellos, como os que apostaron por Revitaliza, que vostedes intentaron boicotear.

Ten que haber un acordo de país de mínimos arredor dos residuos que contemple, entre outros, todas as decisións e cambios que teñen que introducir os concellos. Ese diñeiro recadado pola Xunta ten que servir para incentivar esas políticas a favor da reutilización, da reciclaxe e da compostaxe. E tamén hai que axudarlles aos concellos para que fagan ordenanzas, para que establezan ordenanzas fiscais, para que creen servizos de inspección. Pero a Xunta tamén ten que facer a súa parte e temos que ir a un período transitorio onde teñan validez e permanencia os tres sistemas que hai neste momento,...

A señora PRESIDENTA: Ten que rematar, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...facendo os cambios necesarios para avanzar na boa dirección. Por iso lles pedimos que retiren eses sablazos, que senten a falar cos concellos —pero non que os convoque dun día para outro, como fixeron a semana pasada; este venres é unha boa oportunidade— e chegar a un acordo de país en relación cos residuos. Pero ese acordo ten que ter un obxectivo claro, que é cumprir as directivas europeas. Polo tanto, menos incineración —e tamén menos depósito en vertedoiro— e menos impostos. Señora conselleira, cantos menos residuos queime Sogama, menos abrasarán os concellos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Imos empezar polo principio, señora Vázquez. A verdade é que sacar peito dun modelo de hai trinta anos... Dun modelo como o de Sogama, que se iniciou no ano 1992... Eu entendo que antes do 1992 Galicia podía estar chea de vertedoiros, pero é que eu estaba aínda no colexio e case en infantil. É que a política medioambiental mudou moito en todos estes anos e a Xunta de Galicia non foi acompañada con estes avances. Non pode vostede sacar peito dun modelo que non mudaron dende o ano 1992.

Despois, ademais, vostede di falsidades. Non di verdades ou días de forma terxiversada, porque falaba de que o Goberno do Partido Popular bonificaba os concellos cando recibía Sogama beneficios. Isto non é verdade. Vostedes saben perfectamente que ata a entrada en vigor do imposto, os beneficios medios de Sogama, aproximadamente, eran de tres millóns de euros anuais. E vostedes no ano 2014 fixaron un incremento do 35 por cento do canon de Sogama aos concellos, que xa daquela todos os alcaldes se enfadaron e protestaron por este gran incremento. E despois deste incremento do 35 por cento, si que é verdade que vostedes no ano 2019, preto do período preelectoral, bonificaron ese dez por cento, ¡pero seguían cobrando un 25 por cento máis que no 2014! E vostedes despois volveron intentar facer esta suba no ano 2023 cos orzamentos. Pero, claro, aí tamén nos aproximabamos a outro período electoral



e, polo tanto, ao final veu o salvador Rueda novamente e nun período de sesións dixo: «Non, non, non, é que non era unha suba; era un 15 por cento de bonificación». E así tiveron que aguantar ata que pasaron as eleccións.

E, señora Vázquez, a min gustaríame saber que postura ten o Partido Popular en relación coa formas de xestión de residuos. Porque vostede vai contra os principios de xerarquía de xestión de residuos que establece a Unión Europea; que establecen todos os países modernos. Vostedes van á súa bóla, ou sexa, van ao seu aire; son negacionistas de facto das políticas medioambientais que mantén a Unión Europea. Porque lles lembro que a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, non creo que sexa unha medioambientalista radical e, ademais, é do Grupo Popular do Parlamento Europeo.

Pero é que ademais disto é que non aclara moi ben vostede cal é o sistema de xestión de residuos que prioriza a Xunta de Galicia. Tampouco entendo por que vostedes, se queren que se anule un imposto, hai un ano asumiron a cesión do mesmo. A Xunta de Galicia asume a cesión dun imposto que agora pretende que a nivel estatal se anule, ¡cando é a Xunta de Galicia a que recada! A ver, eu entendo por que vostedes o quixeron asumir, porque así recadan os nove millóns de euros ao ano e prefiren por un lado recadar ese diñeiro a Sogama, á custa dos concellos; os concellos aos que lles van cobrar 108 euros/tonelada máis, que é moi superior —como dicía ao principio— dos 9 millóns de euros que lles custa o sobrecusto que ten o imposto para Sogama. E, ¿por que? Porque así enchen as arcas. Pero, por outro lado, échenas á custa dos concellos e da cidadanía galega. Por iso nós falamos do «timo galego», porque o único que sae a gañar aquí é a Xunta de Galicia; a Xunta de Galicia como administración, que recada un imposto e que é quen ten o 51 por cento da participación en Sogama.

E fala vostede de que non é tan mala a incineración, que é peor o depósito en vertedoiro. Claro que é peor o depósito en vertedoiro, pero é que a incineración tamén é mala; se o di Europa, ambos emiten gases á atmosfera. Polo tanto, Europa manda priorizar outras formulas de xestión, como son a redución e a reciclaxe. Estamos no dezaioito por cento de reciclaxe en Galicia; estamos no ano 2024 no dezaioito por cento, á cola de España, señora Vázquez. Quen contamina paga, non a cidadanía.

Por iso pedímoslles que muden o sistema de xestión e propicien a reciclaxe do material recuperado dos residuos urbanos, que ademais é unha posibilidade de crecemento, de creación de riqueza e de crecemento de emprego na nosa comunidade.

Teñen que impulsar vostedes tamén a formación e a concienciación e sensibilización da cidadanía, dicíao antes na proposición non de lei. Temos a responsabilidade de non contaminar. Non só é unha boa xestión de residuos por parte da Administración; esa responsabilidade medioambiental é tanto da Administración autonómica como das administracións locais, pero tamén da cidadanía. Entre todos temos que contribuír, pero todo isto ten que harmonizalo a Xunta de Galicia e non o está a facer. Axuden os concellos e as grandes empresas a implementar eses sistemas de compostaxe de materia orgánica. E, sobre todo, muden o modelo; non podemos conformarnos cun modelo de hai trinta anos.



Gustaríame que me aclarase agora na última quenda, ademais, como van bonificar o sesenta por cento, porque eu creo que se o bonifican dese Fondo de Cooperación local están dobremente estafando os concellos. Ese si que xa é o «gran timo ibérico», ademais da recadación do imposto do incremento dos ingresos de Sogama, porque están privando os concellos dos investimentos que supón ese Fondo de cooperación local.

Polo tanto —remato xa—, deixen de botar balóns fóra. Deixen as mentiras e as falsidades. Os galegos non merecen ver incrementado en 42 euros/tonelada o seu recibo do lixo pola súa mala xestión.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

Réplica. Señora conselleira, ten novamente a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Bueno, a ver se somos capaces de clarificar para así chegar cunha mensaxe clara e, sobre todo, que nos quede claro aos que temos responsabilidades neste momento; neste caso, eu son a máxima responsable.

Por un lado, vostedes non lle van pedir ao Goberno central que retire os impostos, porque están de acordo con que «señores concellos, teñen vostedes as competencias; non o fixeron ben, están no dezaioito por cento de reciclaxe e, polo tanto, paguen». Esa é a conclusión do escoitado ata o de agora pola súa parte. A señora Castro dime que non, pero é que non hai máis escusa que esa. ¿Quen ten as competencias para facer a reciclaxe? Son os concellos. ¿Que é o que trata a Sogama? O que lle chega dende os concellos. ¿Que ocorre? Que dezaioito países da Unión Europea decidiron non facer unha transposición da directiva porque hai unha moratoria, pero o señor Pedro Sánchez dixo: «*Yo soy más verde que nadie y, por lo tanto, quiero cumplir con el Pacto verde europeo*». E ao final a escusa é: «non se preocupe, imposto ao canto». Aquí está o imposto e aquí están as consecuencias. Pero vostedes determinan que, ¿para que a moratoria? ¿Para que darlles ese balón de osíxeno aos concellos? Paguen e xa está. Porque ao final non hai máis resposta que esa. Esa foi a que deron.

A segunda é que aquí o señor Bará sempre di: «vaiamos aos mellores, poñamos exemplos». Pois volve poñer un exemplo. ¿Sabe canto están pagando por tonelada no País Vasco, señor Bará, a pesar de ter esa máxima eficiencia total e absoluta por tonelada? O que pagaron no ano 2024: 214 euros por tonelada. Non sei se iso é o que quere vostede que paguen aquí os concellos galegos. En Cataluña, SIRUSA, ¿sabe canto lle está facturando aos concellos? Pois 112,70 euros. ¿Iso é o que queren vostedes que paguen os concellos de Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non lle dea voltas; esa é a realidade. Iso é o que factura o País Vasco, iso é o que factura Cataluña e iso é o que pagan os concellos. (*Aplausos.*)



Por outro lado, hai que avanzar. Por suposto que nós estamos aliñados coa directiva europea. Por suposto que hai que incrementar a reciclaxe. Por suposto que temos que chegar ao vertido técnico cero, tal e como está establecido para o ano 2030; e estamos nese 21 por cento. Pero, para ser tan tan malo o sistema implementado en Galicia, fíxense que hai 504 plantas en toda Europa. Xa que ese sistema é terrible, ¿como é posible que haxa 504 plantas? Pero, por outro lado, o sistema que sempre defendeu sobre todo o BNG, que é o sistema húmido-seco, que é o implantado por Nostián e por Barbanza, é aquel que di a Unión Europea que xa non ten razón de ser. E, polo tanto, hai que facer o peche ou hai que facer a remuda correspondente. E hai que avanzar, porque hai que implementar o quinto contedor. Si, señor Bará.

Ben, estes son dous dos exemplos. E, a partir de aí, está a xerarquía de residuos, que sabemos moi ben. Efectivamente, o primeiro é «non produza vostede residuos». Iso é o mellor que lle pode pasar ao planeta. Esa é a primeira. É dicir, conteñamos os residuos. A seguinte é, á parte de facer esa prevención, que reutilicemos. É fantástico, pero hai que seguir concienciando para reutilizar. Non hai máis que ver todos os puntos limpos móbiles que financiou a Xunta de Galicia; que, grazas a todo iso e a outro esforzo a maiores, todos os galegos teñen un punto limpo a menos de cincuenta quilómetros. Vaíamos pola vía da reutilización e aí, señora Castro, tamén estamos traballando e traballamos moito. O seguinte é o reciclado; sigamos concienciando e fagámolo todos xuntos. Por suposto, a seguinte vía é a valorización. E, por último, o defenestrado —como debe ser— é todo aquilo que vai ao vertedoiro. Esa é a liña que nós pretendemos: prevención, reutilización, reciclado e ir avanzando. E créanme que en breve lles imos presentar o modelo de Sogama para os próximos cinco anos.

Pero eu teño que insistir e, ademais, teño que unha vez máis ser clarísima: a actualización do canon de Sogama responde única e exclusivamente ás decisións do señor Pedro Sánchez e da súa comparsa; e, entre eles, pois parece ser que o BNG vai da man neste sentido. Ademais —recórdolles—, é certo que este é un sistema que é voluntario. Entendemos que é o mellor sistema que ten agora mesmo implantado Galicia, pero tamén lles queremos recordar que en España hai trece plantas de valorización como a de Galicia; pero dentro do ranking, e ademais preestablecido e cos distintos estudos do ministerio, a galega é a máis eficiente. Apostaron por ese modelo 295 dos 313 concellos e nós agora, por suposto, estaremos ao seu carón. E estar ao seu carón é que a Xunta de Galicia se vai facer cargo do sesenta por cento do incremento dese canon.

O noso sistema está plenamente avalado pola Unión Europea. Porque dá a impresión aquí que se di: «fíxense, estes señores con este sistema que leva moitos anos...» Pero, mire, é que o investimento foi moi grande nos últimos anos; é que se non non cumpriríamos. Non é que sexa dos anos 90, quedase aí e xa está; en absoluto. Eses incrementos traducíronse nuns cen millóns de euros. Pero, á parte de todo isto, nos últimos anos os concellos recibiron preto de quince millóns de euros para ir adaptándose de xeito paulatino á nova lei. Aquela lei que ¿lembran vostedes que eu vin aquí para dicir que os concellos ían ser incapaces de cumprir? Porque o Goberno español —unha vez máis, tildándose de moi verde— se quería anticipar aos retos marcados pola Unión Europea e, polo tanto, dicía: «xa tiña que estar implantado o contedor marrón hai tres anos»? Bueno, pois aí estivemos traballando coas entidades para que fixesen a súa implantación. Pero tamén nos dotamos dunha rede de infraestruturas, que ao final son dezasete instalacións, que foron 45 millóns de euros, dos



cales fondos europeos foron 30 millóns de euros certificados e avalados pola Comisión para ter esas catro plantas de biorresiduos para esa compostaxe certificada, señor Bará, que parece ser que a vostede non lle gusta. A min o que non me gusta é que vaian tan poucas toneladas e, para iso, hai que facer un labor moi importante de concienciación. Pero a compostaxe ha de estar certificada porque, se non se certifica, non se pode utilizar nas nosas hortas, non se pode utilizar nos nosos montes e non se pode utilizar nos nosos xardíns. Catro novas e trece plantas que adaptamos e, á parte, que remodelamos.

E, por suposto, Sogama en 2028 concellos, á parte de centros educativos e colectivos sociais, fixo a repartición de 22.000 composteiros. E non só fixo a repartición, senón que a través de especialistas estiveron ao seu carón para conciencialos e para que esta compostaxe ao final sexa ese abono orgánico tan desexado. *(Aplausos.)* Polo tanto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...o que teño que dicir é que vimos de aprobar o Plan de xestión de residuos municipais, que estamos dando un paso máis dentro das distintas estratexias a impulsar. Pero é que neste momento, efectivamente, temos un problema. E este problema —eu síntoo dicírllelo— son vostedes, que algo lles pasa co señor Pedro Sánchez para que non queiran pedirle que retire o imposto, igual que non hai imposto en dezaoto países da Unión Europea.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(Aplausos.)

Imos á última interpelación da mañá.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, logo da autorización para a súa defensa polos interpelantes, que levaba o número de documento 11722, ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

¿Leu vostede o informe do Consello da Cultura sobre Altri, señora Vázquez? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ou é vostede do fan club de Rueda que saca peito de non ler? *(Aplausos.)* E, o peor de todo, gábase desa ignorancia, de opinar do que non sabe. É un fenómeno.



Porque, miren, desde que saíu... (*Murmurios.*) (*Apáganse as luces e o pleno queda en silencio e practicamente ás escuras durante uns segundos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos interromper o tempo a ver se se eliminan estes efectos especiais. (*Risos.*) (*Acéndense de novo as luces.*)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: É nomear a bicha... Isto ía por Altri.

Dícialle se era do *fan club* do presidente da Xunta, que sacaba peito de non ler e de opinar do que non sabía. Porque seguro que vostedes, señorías —todas as señorías das bancadas do Parlamento—, verían estes días como desde que se publicou o Informe do Consello da Cultura sobre Altri, o Partido Popular intentou por todas as vías que lles foron posibles —por terra, por mar e por aire— atacar ese informe. Atacaron e desprezaron as persoas que o fixeron; dez persoas académicas, investigadoras da maior relevancia científica dentro e fóra deste país, algunhas delas asesoras da propia Xunta de Galiza en materia agraria en máis dunha ocasión. Atacaron a lexitimidade do propio Consello para emitir un informe destas características. «*Opinións oficiosas*», chegou a dicir algún membro do Executivo galego.

Teñen hoxe a oportunidade, en primeiro lugar, señora Vázquez, de pedir desculpas aquí nesta Cámara pola falta de respecto institucional a un órgano —quero lembrar— que emana e nace do mesmo Estatuto de autonomía, que fai que vostede teña un asento no Consello da Xunta no que sentarse. Pero vostedes realmente, señora Vázquez e señorías do Partido Popular, o que intentaron desde o primeiro momento en que saíu á luz ese informe foi desprezar as análises contidas nel, porque poñen negro sobre branco os enormes prexuízos en moitos e múltiples ámbitos que tería a instalación de Altri, desa megacelulosa de Altri, na Ulloa.

¿Que di o informe? En primeiro lugar —non hai que avanzar moito nas páxinas, para eses que acostuman ler pouco—, di que ese proxecto desa megacelulosa que Altri quere instalar no concello de Palas de Rei é un proxecto que responde a intereses alleos, pero non aos intereses de Galiza. Esa megacelulosa responde basicamente aos intereses dunha empresa portuguesa que quere ampliar o seu negocio e busca onde instalar esa megafábrica que non pode poñer en Portugal, como todo o mundo sabe. E, o máis importante, busca quen lle regue con cartos públicos ese proxecto de expansión empresarial; nada máis e nada menos que douscentos millóns de euros públicos, para ser exactas, é o que anda buscando.

Para iso a empresa portuguesa atopou o mellor dos *partners* —como lle chaman agora—, a mellor das parellas no Partido Popular de Galiza. Vostedes, conselleira, decidiron converterse en promotores do proxecto, desa empresa que Altri pretende instalar no noso país, nos seus mellores comerciais e nos seus maiores valedores; contra todo e contra todos. Tanto lles teñen as consecuencias brutais demoledoras que tería, de levarse a cabo. Élles exactamente igual o que leven por diante, como a destrución irreparable de espazos naturais únicos coma o Careón e a súa contorna, que a súa consellería e o Partido Popular paralizou a ampliación dese grao de protección máxima desa Rede Natura 2000, precisamente para favorecer a rapiña desta parte do territorio. Tanto lles ten engadir máis verteduras a un río Ulla que xa está hoxe incumprindo a normativa, a Directiva marco da auga, por altos niveis de contaminación e tanto lles teñen os enormes prexuízos que vai



ocasionar a fábrica para os sectores produtivos galegos, nomeadamente para o sector agrogandeiro e o pesqueiro, do que comen milleiros de familias ao longo e ancho de toda a bacía do río Ulla. E éelles absolutamente igual, conselleira, porque no Partido Popular teñen, desde o primeiro día, desde o minuto cero, un obxectivo, que é pórllle a alfombra vermella a esta megacelulosa, a esta empresa portuguesa, para que instale esa fábrica no concello de Palas de Rei.

E virá cos informes técnicos. Non, non, nin os informes técnicos nin nada. Dicíano vos-tesdes ao pouquiño de coñecerse. Había oito días que saía publicado o anuncio no DOG do Proxecto Gama e toda a documentación, na que coñecemos a tremenda fraude e o tremendo engano ao que vostedes someteran este país e mesmo este Parlamento— e dicía naquela altura —insisto, oito días despois de saír o anuncio no DOG do Proxecto Gama— a conselleira de Industria —a máxima valedora, a máxima comercial, e está publicado nun medio de comunicación de pouca dúbida de ser do Bloque—: É redondo —dicíao— desde todos os puntos de vista. E a aquelas persoas, veciñas e veciños da comarca da Ulloa principalmente, que xa advertían das nefastas consecuencias que tería e de todas as voces que se opoñían á instalación desa megafábrica de celulosa no concello de Palas de Reis, vostedes dinlles dende aquela e até hoxe que —vou usar as propias palabras—: «Queremos que a xente sexa máis pobre e queremos condenar á pobreza aos habitantes dunha comarca que podería ser moi rica». Vostedes ou non saben ou, o que é peor de todo, non lles importa o máis mínimo como é esa parte deste país (*Aplausos.*) e, sobre todo, canta riqueza, canta vangarda e canto dinamismo hai nas comarcas directamente afectadas por este proxecto, como son A Ulloa, a Terra de Melide —que vostede coñece mellor, probablemente, ca min— Arzúa e O Deza. ¿Como vai ser pobre un país onde só nos concellos directamente afectados por este proxecto de megacelulosa —só nos concellos directamente afectados— hai 3.000 explotacións gandeiras, máis de 70.000 cabezas de gando de leite e a segunda denominación de orixe máis produtiva de España. ¡Como pode este país ser pobre!

Non somos pobres, conselleira, nin, señorías do Partido Popular, nin Altri é moito menos o que nos vai traer riqueza, benestar e traballo ás galegas e aos galegos. A así o sinalan os técnicos, as persoas expertas, académicas e científicas que asinan ese informe do Consello da Cultura. Por iso non queren nin ler o informe.

Altri —din eses expertos, esas dez persoas académicas e investigadoras— non pecha ningún ciclo produtivo, afonda no que xa coñecemos abondo ben aquí en Galiza, que é producir materia prima para exportar para fóra. Non vai xerar nin sequera os postos de traballo que anunciaron. No escenario dos máis optimistas, se chega ben, roza a metade do que anuncia a empresa e está moi lonxe do que anunciaba a Xunta de Galiza en marzo de 2024 dicindo que ían crearse 2.500 postos de traballo directos; serán 281 en *el mejor de los escenarios*.

O que si que van facer é poñer en xaque —porque é un ataque na liña de flotación— os sectores económicos e produtivos deste país, especialmente o sector agrogandeiro, ao que vai incrementarlle a presión sobre un ben e un recurso esencial, como son as terras, para incrementar as bases territoriais das explotacións —insisto— que se atopan nesta parte tan importante do noso país.



O incremento —sinalan tamén os informes do Consello da Cultura— da demanda de eucalipto vai impactar directamente no acceso das explotacións ás terras, nun contexto como o que sufrimos en Galiza desde hai anos, onde perdemos unha superficie agraria útil desde o ano 2009 de máis de 50.000 hectáreas. Perdemos o 14 por cento desa base territorial que necesitan as nosas explotacións desde o ano 1999.

Comerciais de Altri, as señorías e o Goberno do Partido Popular en contra dos intereses de Galiza. ¿Sabe canto tempo levan esperando as explotacións gandeiras do concello de Agolada, afectados directamente pola implantación desta megacelulosa, polas concentracións parcelarias? Vinte e catro anos. ¿Sabe canto tempo —e para iso lles reformaron, ademais expresamente, a lexislación vostedes— lle dá de prazo máximo a Xunta de Galiza, a propia Xunta, para tramitar un proxecto industrial estratéxico como o de Altri? Un ano. Vinte e catro para unha concentración parcelaria e un único ano e indemnización mediante medio millón de euros, se a Administración, se a Xunta de Galiza, non cumpre, para poñerlle a alfombra vermella a un proxecto industrial que vostedes consideran estratéxico e que nós dicimos que é unha auténtica bomba ambiental no corazón de Galiza. ¿Quen é o que condena este país á pobreza e lles nega ás galegas e aos galegos, aos gandeiros deste país, o que é seu?

Vostedes, señorías do Partido Popular, conselleira, ven neste país só un pedazo de terra que entregarlle á rapiña das multinacionais. E o peor de todo é que nos pretenden facer crer e vender isto coma se fose o progreso. Pois, mire, non; nin é progreso, nin é innovador, nin é redondo, nin é sustentable, nin é bo. É o máis vello que vimos sempre: intentar instalarse aquí para aproveitarse dos recursos naturais enormes que ten este país e para enriquecerse coa súa exportación en forma de materia prima.

A riqueza, conselleira, é a que xeran a xente da Ulloa, de Arzúa, de Terra de Melide, de toda a ribeira do Ulla e da ría de Arousa; xente que traballa arreo, que impulsou empresas punteiras e proxectos vangardistas, que estes si xeran miles de postos de traballo —eses si xa hoxe— e unha enorme riqueza sen destruír o territorio.

Eu hoxe pídolle —e con isto remato— que lean, que é bo sempre; que lean algo máis e, sobre todo, que escoiten o que lles está a dicir todo o mundo: os técnicos do Consello da Cultura, os consellos reguladores dos queixos de Arzúa-Ulloa e de Tetilla, o Craega (o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza), as produtoras da Ulloa, o sector pesqueiro de Arousa e o tecido empresarial de Palas, de Antas e de Monterroso, e o máis importante, o que lle está dicindo a veciñanza dos concellos afectados...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e o conxunto da xente deste país: deixen de facer de comerciais de Altri e, por unha vez, póñanse na defensa e do lado dos intereses de Galiza.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
Grazas, señora presidenta.

Señora Rodil, comezamos falando de Rueda, se lle parece. Di «o fenómeno de Rueda». É o fenómeno de todos os galegos e as galegas, que o apoiaron por máxima e gran maioría absoluta. *(Aplausos.)* E tamén é o meu fenómeno, hai que dicilo. *(Aplausos.)*

A verdade é que, escoitándoa falar, se eu non fose da zona, se non coñecese polo miúdo cada unha das explotacións, se non vivise alí, se non residise alí, se non tivese alí os meus fillos, estaría tremendo; e estaría tremendo porque, vamos ver, «esa bomba ambiental que se vai instaurar no centro de Galicia»... Está moi manido xa; deixe de falar de «bomba ambiental» e cámbienlle un pouco o título. Dígoo porque hoxe é Altri e mañá é outra cousa. Son unha bomba ambiental as plantacións de eucalipto, aínda que sexan ordenadas; era unha bomba ambiental Alcoa, pero ¡ollo!, agora xa non o é tanto; e podemos seguir así, así e así. A miña pregunta é: ¿podería vostede dar aquí o nome dalgunha empresa innovadora que apoiasen vostedes que se vaia instalar no territorio? Porque falamos de coidar o medio ambiente, falamos de descarbonización, pero non queremos renovables en ningún sitio. Ben, si as queremos, pero non sabemos como, aínda non o sabemos. Non dixeron nunca onde nin como. Ben... Estes son os inicios dunha conversa e, ao final, é o resultado do que traen vostedes aquí continuamente. *(Aplausos.) (Pausa.) (Pequeno corte da subministración eléctrica.)* Case quedaba todo dito, pero veu a luz e continuamos.

Alégrome —e, ademais, moito— de que agora se preocupen vostedes polas explotacións e de que teñan maior base territorial, porque para vostedes unha explotación que pasa de 100 cabezas xa é unha macroexplotación e tamén xa é outro problema medioambiental para Galicia. Ben, benvidos sexan á realidade de que hai que facer avances.

Señora Rodil, en primeiro lugar, eu o que quero lembrarlle é que actualmente estamos nunha fase inicial; é unha fase inicial de tramitación administrativa, como noutros tantos proxectos que temos no territorio. Porque, claro, se só estivésemos traballando por e para Altri... Non, non, traballamos por e para cada unha das empresas, das industrias que se queren instalar no territorio, *(Aplausos.)* e traballamos por e para que se cumpran todas as directivas, sexan as que sexan.

E eu aquí simplemente quero facer unha corrección, porque é certo que moitas veces os medios de comunicación nos chaman e, entón, cometemos un erro, pero a señora Pontón faltou á verdade ou simplemente errou. Eu quería clarificar o que dixi de que xa estaba feita a declaración de impacto ambiental ou que xa estaba publicada. Iso saíu nalgún medio. Ben, por se hai algunha dúbida, quero dicir que aínda a tramitación administrativa é incipiente, porque os galegos e as galegas tampouco teñen por que saber de todo isto, ¿non? E como hai grupos que se dedican a malinformar ou a desinformar, é bo que os que temos responsabilidades polo menos sexamos veraces e, polo tanto, claros.

A claridade partiu dende un primeiro momento onde se dixi que, se a empresa cumpre, terá a autorización ambiental e poderá instalarse en Galicia; e, se non cumpre, non se poderá instalar en Galicia. E eu dígo lle só que, no ano 2023, un total de 49 proxectos que se pre-



sentaron para implantarse no territorio galego non cumprían e, polo tanto, a súa declaración ambiental foi informada desfavorablemente polos mesmos técnicos que tamén están informando de Altri. Porque xa nos gustaría ter centos, pero non, temos uns poucos. Iso si, respectémos, por favor. Nós respectamos a todo o mundo. ¡Respecten os funcionarios da Xunta de Galicia por unha vez! (*Aplausos.*)

Non é de recibo que a xente estea continuamente presionada porque sempre ten a espada de Damocles detrás e, ao final, continuamente se está no xulgado. A Deus grazas, tamén lles direi que saen indemnes porque o fan ben, e faríano ben tamén se vostedes estivesen aí gobernando. Iso si, hai despois a intelixencia dos galegos, que dixeron que están máis a gusto cos do Partido Popular que cun bipartito ou, se fose, cun tripartito.

Dito isto, a Xunta, como non pode ser doutro xeito, vela polo estrito cumprimento da legalidade. Iso é o que fai a Xunta de Galicia, e aplicamos as mesmas exixencias para calquera tipo de iniciativa.

Polo que o pronunciamento final, señora Rodil, vai depender única e exclusivamente non de vostede, non de min, non dunha manifestación — ¡é que xa só faltaría! —, senón que vai depender dos xuízos técnicos que se emitan. E, ao final, emitindo eses xuízos técnicos, a empresa decidirá se se instala ou non se instala, igual que o resto das empresas.

Polo tanto, os informes son técnicos e non son opinións. E moitas veces xorden, por parte dalgún colectivo, opinións. E as opinións son libres, son loables e hai que dicir directamente que se trata dunha opinión e non dun estudo técnico e científico, que iso é o que vimos dicindo dalgúns informes que encargou o Consello da Cultura Galega. (*Murmurios.*) É certo que hai estudos feitos e é certo que foron valorados, e tamén é certo que os lemos, pero, fronte a algún estudo técnico que lles dá a razón aos mesmos informes que xa saíron da Xunta de Galicia, hai moita opinión, ¡hai moita opinión! Esa é a diferenza. Porque, señora Rodil, saber sabemos ler e sabemos diferenciar entre o que é estar conforme coa lei, estudo científico, basearse nos parámetros ou unha opinión. E, entón, podo opinar que, ¡fíxate!, pode ser unha bomba ambiental. Así non se pode opinar ou, polo menos, o que hai que facer é dicilo.

E eu si que lles pediría algo, pero para este proxecto e para outros proxectos, porque Galicia é pequena, pero as empresas fíxanse en Galicia porque hai estabilidade, porque hai recursos, porque hai unha boa planificación, porque esa estabilidade tamén é política. Pero vostedes cara a fóra dan unha serie de impresións que, ao final, chegado o punto, van provocar aquilo que vostedes queren, que é que non se instalen empresas en Galicia e despois dicir: ¡pobres xoves que non teñen onde traballar!, porque é o principio e tamén iso é o final. (*Aplausos.*)

Polo tanto, eu pídolles por favor que sexan prudentes nas súas afirmacións cando as fan e que, por suposto, non alenten difamacións porque, ao final, acaban sempre sendo os mesmos, e non é o «non» a Altri, é o «non» reiterado a moitas cousas. Polo tanto, respecto, respecto polo traballo dos técnicos da Administración, que teñen un bo grao de sabedoría.

Por suposto, non crea vostede que non vou falar do informe do Consello da Cultura galega. (*Murmurios.*) Gustaríame facer algunhas puntualizacións que se extraen da análise, non é



que de repente eu as invente. É unha análise que vai bastante máis alá do que poden ser os titulares.

Sobre as emisións gasosas, que alguén dixo, opinou —jopinou!—, que non estaban, que a Xunta decidiu saltar esas emisións gasosas nos seus estudos, e saben que hai estudos que xa saíron, pois, ben, se xa saíron e son públicos, eu teño que dicilo. Están avaliadas, señora Rodil, e están avaliadas, señores do BNG; todas as que exige a normativa e a recente xurisprudencia comunitaria, que son as partículas finas PM 2,5, é o dióxido de carbono, é o monóxido de carbono e son os compostos orgánicos volátiles. Polo tanto, a ese informe do Consello da Cultura Galega que di que non están analizados, eu aquí teño que dicirlle que si que están analizados; e iso non é non respectar o Consello da Cultura Galega, é simplemente dicir que igual lle fixeron o encargo a alguén que lle apetecía dicir algo que a Xunta non fixo. Esa é a realidade. (*Un señor deputado: ¡Mamma mia!*) ¡Mamma mia!, non; iso é real, porque si están analizados e alguén di que non están analizados. ¡Home!, creo eu que é bo dicir a verdade. (*Aplausos.*)

E, ademais, do resultado desta avaliación conclúese que se cumpre con todos os niveis exixidos na normativa actualmente vixente, incluída a da Organización Mundial da Saúde. A maiores, o propio informe sectorial da Xunta exige que se instalen —á parte de todas as exixencias e o cumprimento— dúas estacións de calidade do aire para poder analizar de continuo todos estes parámetros, garantindo permanentemente o cumprimento da legalidade, que é o que lles exiximos a todas aquelas empresas que teñen IPPC, das que aquí moitas veces falamos como se fose poñer unha chaqueta e sacar unha chaqueta, e hai moito risco, hai moito talento e hai moito investimento.

No que respecta ás emisións...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...—remato agora, señora presidenta—, o propio informe do Consello da Cultura Galega conclúe —e leo literalmente—: «Os valores esperados estarían moi por debaixo dos valores límites obxectivos establecidos pola lexislación española, incluso están moi por debaixo dos suxeridos pola Organización Mundial da Saúde». Esta é parte da conclusión dos informes do Consello da Cultura Galega; dos que son informes, non dos que son opinións.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu, conselleira, convídoa a ler con tanta querenza os nove informes restantes a esa atención e afán que lle colleu a un dos dez que compoñen o informe completo do Consello da Cultura.



(Aplausos.) Porque, efectivamente, eu estou de acordo con ese científico e académico ao que vostede acababa de facer referencia, coas conclusións ás que chega, pero verás que, dos dez —insisto—, os nove restantes son moi críticos e advirten dos enormes prexuízos ambientais e patrimoniais que tería sobre os sectores produtivos, desde un punto de vista social e desde un punto de vista económico, a implantación —vouno repetir— desta auténtica bomba ambiental como a que vostedes e Altri queren instalar no corazón de Galiza, no concello de Palas de Rei.

E aquí o único, o único que non esperou nin polos informes técnicos nin polas valoracións do persoal funcionario da Xunta de Galiza foi o Goberno do Partido Popular desde o primeiro día. E a memoria pode ser fráxil e as palabras lévaas o vento, pero o que está escrito queda aí e eu remítome a unha entrevista —volvo dicilo— da máxima valedora, da principal axente comercial que Altri ten sentada no Consello da Xunta de Galiza, dicindo en marzo deste ano, oito días despois de saír publicado no DOG o proxecto Gama: No momento en que se faga esa tramitación ambiental, pois haberá que acomodar cousas, haberá que facer compensacións, no seu caso, e reducir e cambiar determinadas cuestións, como en calquera outro proxecto, pero o proxecto é redondo desde o punto de vista medioambiental e da sustentabilidade. É ao Goberno do Partido Popular ao que lle importa un pemento o que vaian dicir os informes técnicos do persoal funcionario da Xunta de Galiza. (Aplausos.) ¡Le importan un pito!, porque vostedes decidiron —e algún día deberán explicarllo a este país— arrastrar a toda Galiza, empezando pola comarca da Ulloa, a un precipicio única e exclusivamente para poñerlle alfombra vermella a unha empresa multinacional que non pode instalar no seu país, que non pode instalar en Portugal —e vimos hai recentes días por que—, esta megacelulosa. ¡E dálle a risa! Pero é que o propio empresario de Altri explica perfectamente por que viñan a Galiza: porque había materia prima, mans cheas e, ademais, teñen un goberno —para iso escolleron a bacía de Galiza costa— que non lle ía poñer un só problema administrativo para instalar esta empresa. (Aplausos.) Insisto, alfombra vermella desde o Consello da Xunta ata o *Diario Oficial de Galiza*.

Decía a conselleira: «Nós tratamos a todas as empresas por igual». ¿A todas? ¡Non, perdoe! Vostedes declararon este proxecto en decembro de 2022 como estratéxico (*A señora Rodil Fernández mostra un documento*.) para que entrase en vigor o que funciona, como son os procesos administrativos para proxectos industriais destas características, que é para pasar por encima de todo o mundo —¡por encima de todo o mundo!—, empezando polos concellos. Eu remítome á Lei de medidas fiscais, que está publicada no *Diario Oficial de Galiza*, á Lei 10/2023, artigos 85 e seguintes, onde declaran que Altri está por encima da planificación urbanística do Concello de Palas de Rei, do Concello de Agolada, do Concello de Santiso e do Concello de Melide. Van pasar por riba dese planeamento urbanístico municipal porque, unha vez que o Consello da Xunta declara este proxecto estratéxico, ese carácter está por encima da normativa urbanística municipal. O Concello non pode dicir *ni esta boca es mía*.

E, ademais —insisto no que dicía ao comezo—, atan a propia Xunta de pés e mans no prazo máximo dun ano para ter que darlle saída, darlle para adiante, a ese proxecto industrial, coa ameaza de que, se non o fan no prazo máximo dun ano, vostedes se comprometen a indemnizar con medio millón de euros a empresa promotora. Volvo ao mesmo: non tratan a todo o mundo por igual, porque hai gandeiros neste país, no concello de Agolada, que levan vinte



e catro anos esperando pola Xunta de Galiza, (*Aplausos.*) por unha concentración parcelaria que lles dea base territorial para os seus negocios e as súas empresas. ¿Ou, logo, as explotacións que hai na terra de Melide, en Arzúa, na Ulloa, en Santiso ou en Palas de Rei non son empresas, non xeran emprego e non traen riqueza a este país?

Remato, señora conselleira. Decía vostede que estamos en contra de todo. Non, non. Estamos defendendo os intereses das galegas e dos galegos. Estamos, si, ao lado desas explotacións lácteas que xeran valor engadido, riqueza e postos de traballo neste país, da industria de transformación, das denominacións de orixe Arzúa, Ulloa e Tetilla, da agricultura ecolóxica, de quen produce ovos, de quen ten unha empresa de roupa deportiva ou de quen se dedica a facer infusións en ecolóxico. Estamos do lado de Galiza, das galegas, dos galegos e dos intereses deste país, non dos dunha empresa multinacional á que vostedes lle fixeron de comerciais desde o primeiro día. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

¿Quen diría que de repente a señora Rodil se acorda das galiñas, dos ovos e dos gandeiros? ¡Pero se vostedes, no momento en que ven un pouco de purín, xa din que ¡madre mía!, ¡meme-nuda cantidade de contaminación!! (*Aplausos.*)

En fin, estamos a carón duns ou outros en función do que nos digan. E non é ningunha vergoña, porque se acordan desta concentración parcelaria, cando eu teño exemplos de onde estiveron petardeando vostedes as concentracións parcelarias. (*Murmurios.*) En fin, que non somos nenos, que non acabamos de aterrorizar, que vivimos no territorio e que os coñece perfectamente a poboación, e de aí os resultados.

Pero é que hai outras cousas que chaman moito a atención. É dicir, antes dunhas eleccións autonómicas, como non sabiamos moi ben como ía influír este proxecto, se nos ía quitar votos ou non, dixemos: queremos Altri porque resulta que é fibra téxtil. ¡Fíxate que a Comisión Europea ten unha estratexia!, pero, de repente, dixeron: ¡Uf, que horror!, é que é unha celulosa. ¡Claro!, é que, se non hai celulosa, non hai fibra téxtil. E iso tamén o debían de explicar vostedes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, bueno, cambiaron o paradigma; entón, antes era bo e, se gañasen, sería boísimo, seríamos os primeiros en Europa, pero agora resulta que é malísimo. E, ademais, é que non dubidan. Continúan, e eles din: É que vostedes se posicionaron desde o minuto cero a favor desta empresa. Desde o minuto cero posicionámonos a favor de todas as empresas que se instalen en Galicia, salvo que non cumpran coas directivas. Desta e de calquera outra. (*Aplausos.*)

Por outro lado, non me estraña que, en fin... Imaxino que os primeiros serían ata os funcionarios, que dixeron: ¡Madre mía, se están estes aquí...! Din que esta empresa elixiu onde ten que informar Augas de Galicia, porque Augas de Galicia é moito máis laxa e fai o que lle dá



a gana. Pois fíxense, fíxense, no fósforo nós exiximos como máximo 0,01 miligramos/litro, e dáse a casualidade de que a Confederación Hidrográfica, o Goberno central, pois lles permite ata 0,08 miligramos/litro ¿Quen exixe máis Augas de Galicia ou a Confederación Hidrográfica, sexa Miño-Sil ou sexa calquera outra? ¡Ah! pero é aquí do que se trata é de desprestixiar. Entón, eses señores que teñen que informar, que son funcionarios, danlles o mesmo, porque veñen aquí e, de repente, din: non, é que os están mangoneando pois, non sei, a conselleira, o presidente, a empresa...; aquí todo se compra. ¡Que non, señora Rodil, que isto non é Venezuela!, ¡que xa lles gustaría a vostedes que isto fose Venezuela! Pero estamos nun Estado de dereito, (*Aplausos.*) e estando nun Estado de dereito, seguimos a tramitación, e é unha tramitación ambiental. Están emitidos varios informes por parte dos técnicos.

Por suposto que sempre estamos abertos a aportacións, e unha aportación pode ser a do Consello da Cultura Galega. Vostede di que só me fixo nun informe. A ver, señores, eu fíxome nun informe que é dun señor que é catedrático de Química, e que vin —non só eu, senón tamén o resto dos funcionarios— que analizou parámetro a parámetro e que a conclusión era a mesma que a dos técnicos da Xunta de Galicia. E despois fomos analizando o resto. E pódolle falar, por exemplo, do da biodiversidade, e, en concreto, das valoracións relativas á flora serpentínica, que son totalmente xenéricas.

E aquí, claro, tamén debemos de facer memoria, e, facendo memoria, está a autovía, a A-54. Nun momento determinado, a estes mesmos señores que informan aquí, pois o Goberno central preséntalles un proxecto e dilles que, bueno, se hai medidas para que aqueles viadutos que eran enormes —e xa non podían ser tan enormes porque non se dispoñía economicamente de...— poden ser máis pequeniños; e, entón, hai que facer unha reorganización da flora. E aí informan favorablemente, pero no mesmo presentado para Altri din —fíxese— que vai ser que non; de tres anos para aquí, a un informe díselles que si e a outro informe díselles que non. E non creo eu que sexa meterme con este señor, que pode ser moi técnico, puido estudar moito... Tivo un cambio de criterio, como ten Pedro Sánchez. ¡Claro, se queremos iso para Galicia, o que temos é un problemón! (*Aplausos.*)

E aí téñolle que dicir que no informe de Patrimonio Natural exíxense 55 hectáreas de terreos como hábitat de expansión e consolidación de especies serpentínicas fronte ás 5 hectáreas que hai na actualidade e que, por certo, non están coidadas nin están controladas. E creo que é bo que tamén se saiba.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Poderíamos seguir analizando punto a punto. Pero si é certo que unha vez máis lles digo: sexamos serios co que dicimos. Non alentemos para que a xente teña temor e pavor, porque saben que ese temor e ese pavor váiselles volver en contra despois cos informes técnicos. E, por Dios, digan nalgún momento que proxectos queren vostedes para Galicia que vaian máis alá dos arados, os carros e as corredeiras.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata a tarde, e será reanudada ás 16.00 horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto 9, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia co fin de acadar o traspaso dos medios materiais e persoais para asumir a xestión completa do litoral galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes.

Señorías, conselleira.

A Lei de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia reconece as competencias exclusivas da Comunidade nesta materia. Iso inclúe a capacidade de Galicia para outorgar, prorrogar, modificar ou extinguir concesións para uso e ocupación do dominio público marítimo-terrestre; sen extralimitarse, por suposto, nas súas competencias e sen invadir tampouco as competencias estatais.

Unha lei que foi recorrida polo Goberno central, que non foi apoiada polos deputados do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, pero que saíu adiante polo apoio da maioría dos galegos. A lei fíxose co apoio do Consello Consultivo de Galicia e co apoio tamén dos mellores expertos en dereitos administrativos de Galicia. Pero isto non serviu para que a esquerda se puxese do lado dos galegos e de acadar unha reivindicación histórica para Galicia.

Chamóusenos de todo, incluso ata independentistas, que para algúns é algo bastante ofensivo; díxosenos que non sabemos legislar e que tiñamos que modificar o noso Estatuto antes. En función diso, pois o Goberno central tamén presentou un recurso a 72 supostos de inconstitucionalidade, nun exercicio de puro matonismo administrativo. Recorreron o lexítimo dereito á boa xestión do noso litoral, pero despois de meses de ataques do Goberno central, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, chegou por fin a sentenza do Constitucional dando máis dun noventa e sete por cento de razón a Galicia e menos dun tres por cento á bancada de enfronte. Dos 72 supostos de inconstitucionalidade, para o Constitucional só dous foron estimados, e seguramente foi por non deixar aínda máis en ridículo o Goberno central.

Unha vez que a sentenza do Tribunal Constitucional avala a validez e o contido da lei, a Xunta de Galicia, no seu compromiso continuo por mellorar e fortalecer a autonomía e as competencias de Galicia, tomou a decisión de solicitar formalmente ao Estado o traspaso das fun-



cións e servizos necesarios para asumir a xestión completa do seu litoral. O obxectivo principal desta solicitude é garantir que Galicia teña capacidade para tomar decisións e actuar de maneira efectiva na xestión da nosa costa, superando así a actual situación na que o Goberno central exerce un papel que non lle corresponde nesta materia. O Grupo Parlamentario Popular espera que o proceso de traspaso sexa rápido, para poder aplicar a normativa autonómica canto antes e así asegurar unha xestión eficiente e adecuada sobre o noso litoral.

O traspaso destas funcións e servizos é fundamental para poder exercer plenamente as facultades executivas relacionadas coa ordenación do litoral. Isto permitirá completar o proceso de transferencia de competencias sobre a costa iniciado hai máis de corenta anos e considerar o autogoberno pleno sobre os máis de dous mil cincocentos quilómetros de costa.

Por todo isto, conselleira, ¿que xestións ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia co obxecto de acadar o efectivo traspaso dos medios materiais e persoais que permitirían asumir a xestión completa sobre o noso litoral?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Trenor, é certo que lexislamos. En realidade lexislou Galicia, porque esta é unha lei de Galicia para Galicia, para protexer Galicia, cunha visión totalmente integral. Diciámolo dende un principio: non era unha lei que ía contra ninguén; era para defender os nosos lexítimos dereitos. Tiñamos claro que tiñamos as competencias. Outros non o tiñan tan claro; enredouse e enredouse.

Ao final, somos líderes e hai que presumir de Galicia; para defenestrala xa están outros. Dígolle que hai que presumir. Primeiro, porque temos o litoral máis grande: 2.500 quilómetros. En segundo lugar, porque temos un gran sector produtivo ligado ao mar: 40.000 postos de traballo. En terceiro lugar, porque dispoñemos duns ecosistemas marítimo-terrestres que son dos máis variados, pero tamén dos máis ricos do mundo.

Tamén somos líderes nesa xestión integral. Agora estana copiando varias comunidades autónomas; a algunhas pónselles un pouquiño máis doado por parte do señor Pedro Sánchez. De feito, acaba de dicirlle ao País Vasco que en catro meses vai ter absolutamente todo; incluso aquilo que se nos está negando a nós, que son os medios persoais e tamén os medios naturais. E niso andamos.

Pero tamén temos que recordar algo fundamental, que é que hai cinco meses recibimos ese aval por unanimidade do Tribunal Constitucional que garante esa validez que nos dá seguridade xurídica e que recoñeceu o que nós viñamos defendendo. Unha vez que coñecemos a



sentenza, iniciamos os trámites lexítimos. Aínda que eu creo que nin sequera deberíamos telos feito; debería rular isto doutro xeito. Pero, se queren que pidamos esa comisión mixta de transferencias Xunta-Estado, así nos poñemos a facelo. Pero, bueno, vai pasando e, aínda que vimos nun momento determinado luz ao final do túnel, é certo que os galegos dos concellos da costa están agardando a que nós sexamos quen exerzamos todas esas competencias.

Un ano e tres meses dende que se aprobou a lei galega no Parlamento. Cinco meses despois, o tribunal dános a razón. A partir de aí fomos insistentes. Porque non nolo poñen doado, pero nós tamén somos teimudos e ao final conseguímolos; iso si, cun pouquiño máis de traballo. O 23 de maio solicitamos ao Ministerio de Política Territorial formalmente a creación da Comisión. O 13 de xuño respondéusenos que o estaban valorando co Ministerio de Transición Ecolóxica. Ante a falta de noticias, o 26 de xullo dirixímonos por carta á ministra Teresa Ribera para coñecer a súa postura e unha estimación sobre os prazos, dada a urxencia. Bueno, ela derivouno de novo a política territorial e ata o día de hoxe...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

Réplica, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, señora conselleira, parece que a raíz da reunión do presidente da Xunta de Galicia co presidente do Goberno central por fin podemos ver a luz ao final do túnel. Despois de tantos meses de pedras e obstáculos no camiño, pois parece que por fin temos o compromiso do presidente do Goberno. Agora o que queda é seguir traballando como se fixo ata o de agora.

Permítame que a felicite a vostede; que a felicite por defender as nosas competencias, por defender tamén os acordos maioritarios desta Cámara e por defender sobre todo os intereses dos galegos, fronte a unha esquerda submisiva e sucursalista e tamén fronte a un Goberno abusón que non dubida en poñer todos os recursos do Estado ao servizo dos intereses partidistas, aínda que iso implique estar en contra de Galicia. Permítame trasladarlle tamén o agradecemento desta maioría a todos aqueles que axudaron e que estiveron do lado galego en todo este proceso; especialmente, por suposto, ao seu equipo.

Pero, señora conselleira, teña coidado, Sánchez non ten credibilidade. Mentiu a todos e en todo momento. Fixo da mentira a única forma de entender a política, polo que me temo que esta vez tamén vai ser igual. Chegado ese punto, señora conselleira, ¿que vai facer Galicia se Sánchez mente e non convoca a Comisión Mixta de Transferencias?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Trenor, é certo que houbo pasividade total e absoluta; é certo que Galicia non se tiña en conta. Tamén é certo que non crían que o Constitucional nos dese a razón. É certo que



aquí escoitamos absolutamente de todo, incluído ese independentismo. Son meses parados, pero eses meses parados tamén supoñen a economía parada. Polo tanto, isto non pode seguir así. Estamos máis tranquilos, porque xa non periga a actividade industrial asentada, pero esa actividade ten que ir máis alá.

Eu o que agardo é que, aínda que os ministerios e a conselleira non lle fixeron caso, de presidente a presidente entendo que se vai cumprir. Polo tanto, hai un compromiso do presidente Sánchez co presidente Rueda para facer efectiva a constitución desa comisión. Seguiremos contando días, porque eu agardo que non sexan meses; e, se non, tomamos outra determinación. A Galicia non se lle toma o pelo; aos galegos non se lles toma o pelo. De non ser así, créanme que a partir do día 1 de xaneiro do ano 2025 emitiremos nós os informes que nos corresponden da xestión do litoral.

Nós fomos planificando, e esa planificación tradúcese en datas e en feitos. No mes de outubro imos constituír a comisión interdepartamental para coordinar e tamén para impulsar a ordenación do litoral. Unha comisión que vai velar pola elaboración, pola posta en marcha e tamén polo seguimento dos instrumentos de ordenación que son necesarios para garantir a xestión integrada da costa. Ademais, vainos servir de ponte entre os distintos departamentos e administracións con competencia. Polo tanto, non hai escusa. Todo aquilo que está aprobado na lei, o Goberno galego estao executando. Non ten excusas agora o Goberno central. Xa non é a conselleira a que se dirixe aos ministros; é o presidente, que dende o minuto cero foi o principal impulsor desta lei —que é o mellor que lle puido pasar a Galicia—, baixo unhas directrices que son as europeas, con esa visión totalmente integral que algúns non entenden, que é que se pode conservar o litoral e se pode desfrutar do litoral e, ao mesmo tempo, as empresas teñen que seguir vivindo dese litoral, porque é aí onde teñen o recurso.

Ao final, agardemos que non sexa un engano; quedaría demasiado mal. Antes de que remate o ano deberíamos ter todo en marcha. Por suposto, seremos reivindicativos. Non nos van dar as migallas que queden do pan; que non se crean que dos cento vinte funcionarios que teñen ao final nos van dar vinte e quedar tan anchos, ou que dos corenta coches nos van dar dez. Pero...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está claro o tema.

(Aplausos.)

Pregunta de D. Xosé Daniel Pérez López e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a suficiencia da dotación de profesorado do CPIP Cabo da Area, de Laxe, para garantir a atención ao alumnado con necesidades especiais

(O señor Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano do señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Agora.

Vou ir directamente ao gran, señor conselleiro, porque as familias de Laxe que hoxe se desprazaron ata aquí, que están presentes neste hemiciclo, queren oír da súa boca a resposta a



unha pregunta cunha formulación clara: ¿considera que o profesorado asignado no día de hoxe para atender o alumnado con necesidades especiais do colexio público Cabo da Area de Laxe é suficiente para garantirles a atención e o ensino que precisan e ao que teñen dereito estas crianzas? Ante esta pregunta, soamente caben dúas opcións: que vostede conteste «si, porque...» ou «non, pero...». Un «si» ou un «non», que en calquera caso debería ser razoado, porque, independentemente de que a resposta á pregunta sexa positiva ou negativa, esas familias merecen unha explicación.

Unha explicación necesaria, porque estamos a falar dun centro educativo de Laxe no que o vinte por cento do alumnado tiña o curso pasado necesidades específicas de apoio educativo, recoñecidos con diagnósticos procedentes de especialistas da sanidade pública, derivacións específicas de atención temperá —das UDIAF— e diversos graos de discapacidade tamén recoñecidos, que, xunto cos novos alumnos con necesidades específicas previstos para este curso, foron contabilizados polo equipo de orientación do centro e comunicados á Consellería xa no mes de marzo ou abril.

Polo tanto, o mínimo é que vostede, como máximo responsable da Consellería, lles explique ás nais e pais de Laxe que hoxe están aquí por que non se lles asignou ningún docente especialista en audición e linguaxe para este curso e estas crianzas levan case quince días sen a atención á que teñen dereito. Non o entenden. É a verdade é que nós tampouco, porque nos cursos anteriores este mesmo centro contou cun profesor especialista en AL compartido con outros centros. ¿Que non era suficiente para atender as moitas necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro? É certo, pero cando menos contaban con el. Pero é difícil tamén de entender cando neste centro hai para este curso un aumento de diagnósticos en relación ao curso pasado, que incrementan, como é lóxico, o número de nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo. Non o entenden, tampouco, porque a consellería coñecía esas necesidades de docentes especialistas desde o mes de abril.

Vostede pode agora lexitimamente contestar que «si», que considera que os docentes especialistas para a atención da diversidade asignados ao Cabo da Area de Laxe son suficientes para garantirles a esas crianzas a atención á que teñen dereito por lei; pero debería explicar por que. Ou pode tamén contestar que «non», que os docentes especialistas que integran o equipo de atención á diversidade deste centro, por moi válidos que sexan —que o son— e por moi comprometidos que estean —que o están—, non son suficientes para atender á diversidade en Laxe e anunciar agora mesmo, e quedar como un señor, que van vostedes asignar cando menos un docente especialista en AL a tempo completo para este colexio.

Pero, responder, debe responder; por respecto ás crianzas con necesidades específicas de apoio educativo e ao seu dereito, recoñecido por lei, a unha atención digna e de calidade, e tamén por respecto ás familias que ven como as decisións da súa consellería afectan o desenvolvemento persoal e educativo dos seus fillos e fillas. Responda, por favor, a esta pregunta. Por respecto a eles e a elas, responda a esta pregunta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.



O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moi boa tarde.

Grazas, presidente.

Eu tamén saúdo as familias aquí presentes.

Simplemente quero facer unha aclaración mínima. Aquí non é o que eu entenda. Non é o que entende o político de turno, sexa eu ou sexa outro calquera, senón o que entenden os servizos técnicos de inspección e orientación específicas. Non se toman decisións arbitrarias nesta materia, como entendo que calquera persoa con criterio pode saber. Igual que calquera persoa con criterio sabe que as políticas educativas e a xestión dos recursos educativos se desenvolven nun escenario cambiante, nun mapa que muda, nun mapa que cambia, nun escenario onde os profesionais varían en función das características do alumnado.

Digo isto porque, vendo o seu texto, vostede fala constantemente —creo que faltando claramente á verdade, como demostrarei— de aulas con alumnos por encima de *ratios*, de centros con menos profesorado e de falta de especialistas. E concretízao neste centro. Hai unha diferenza enorme entre o seu relato, entre o que escribe, e a realidade. E voulo dicir.

Mire, en primeiro lugar, todas as unidades de Educación Infantil, Primaria e Secundaria están por debaixo das *ratios* establecidas. Todas. Vostede di que estamos por encima... Bah, non pasa nada. Cúmprese coa redución das *ratios* en cuarto de Infantil. Pasamos de 25 a 20 e de aí imos progresivamente ao resto dos cursos. En todas se pondera os alumnos con necesidades educativas especiais por dous ou por tres, en función do nivel de discapacidade. Iso dános que teñamos unha *ratio* moi baixa: temos 7,7 alumnos por cada profesor.

Reforzamos os recursos incrementando o que está por catálogo, —un catálogo do Bipartito, cando a situación económica era moito mellor—. Este curso este centro conta cun especialista de PT a maiores. Ten dous PT: un en catálogo, que é o que fixou o Bipartito no seu momento, nun momento concreto de moi baixa crisis económica, expansivo, e máis outro. Temos dous PT. É dicir, que se amplían as características do profesorado especialista en atender os alumnos con discapacidade. Efectivamente, o ano pasado había un AL que este ano non hai; pero hai dous PT. O ano pasado había un PT e un AL e este ano hai dous PT. E esa non é unha decisión arbitraria; entenderá que non a toma nin o conselleiro nin o director xeral. Iso fundaméntase nos ditames de orientación específica e nos ditames, neste caso, tamén de inspección.

Co cal, creo que está moi ben o que vostede plantexa no seu relato, o que vostede di e escribe, pero a realidade é ben diferente. Non hai aulas por encima de *ratios*, cúmprese perfectamente a ponderación e incrementouse o número de profesores especialistas por riba do catálogo, en concreto dous. Si hai un cambio, en función das características do alumnado e do que os servizos de inspección e tamén os servizos, neste caso de orientación específica, nos din: en vez de un PT e un AL, hai dous PT.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Esa é, segundo vostedes, a gran crise que pode haber.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Señor conselleiro, está claro que non quedou vostede como un señor nin amosa o máis mínimo respecto ás familias que aquí se atopan. *(Aplausos.)*

Atenda un momento: Instituto Agra de Leborís da Laracha, colexio do Pindo, colexios dos Muíños e Virxe da Barca de Muxía, colexio de Canosa-Rus e colexio O Cruce de Cerceda —soamente me estou referindo á Costa da Morte e a Cerceda—. Son todos colexios que están reclamando PT e AL e, ademais, máis horas para a diversidade. E iso, como digo, soamente é na Costa da Morte e Cerceda.

Mais, desgraciadamente, os casos illados que din na súa consellería, eses casos illados que requiren respostas específicas e axustes ao comezo do curso —como dicía onte a portavoz de educación do Partido Popular— espállanse por todo o país curso tras curso e son a constatación de que a tan repetida por vostede «normalidade do comezo do curso» non é tal. *(Aplausos.)*

Todos estes casos illados, que se contan por ducias e ducias por todo o país, constitúen un ritual do habitual para centos de familias con crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. Todo porque a Xunta, a súa consellería, racanea no máis importante, que é a atención á diversidade.

Fallan vostedes precisamente na atención aos que máis o precisan. Estanlle fallando a Teo, con dislexia; a Mauro, con trastorno do espectro autista e 33 por cento de discapacidade e con problemas significativos de comunicación; a Adán e André, con dislalia e discapacidade; a Hugo, con TEA; a Adriana, con problemas graves de visión; a Enzo, con TEA; a Omar, con TEA e con discapacidade; a Pablo, con TEA e necesidade valorada de tres horas de AL. Todos eles, alumnos de Laxe. ¿De verdade me vai dicir que non é necesario, como mínimo, contar cun especialista de AL a tempo completo no Cabo de Area de Laxe?

«A súa negativa de dotar os centros dos recursos que a lei exige non só é un incumprimento legal, senón que supón un ataque directo ao futuro do noso fillo e de tantos outros rapaces en situacións similares». Non son palabras miñas; son as palabras dunha nai dun dos nenos do colexio. E dinllo a vostede directamente, e dixéronllo a través dunha carta que seguramente ten sen abrir encima da mesa do seu escritorio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Escoite e actúe. Eles non van renunciar a loitar... *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López. Terminou o seu tempo.

(O señor Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, está visto que vostedes intentan debuxar un mundo que non é; está visto que viven nun mundo de ensoñación. Tanto é así que, fíxese, hoxe á mañá dixeron que a AP-9 era máis barata que o ano pasado. E agora vén dicir aquí que, claro, estamos facendo un ataque á educación e un ataque á atención e ás necesidades educativas porque, en vez de haber un PT e un AL, hai dous PT. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, nesa decisión entre un AL e un PT e ter dous PT segundo vostede hai unha falta de respecto ás familias, que en ningún caso hai. Co cal, vostede diga o que queira de si mesmo, pero non poña nas palabras doutro o que a vostede lle gustaría que fose. Creo que a súa ensoñación é o habitual, pero despois a realidade desménteo absolutamente.

E, mire, voulle dicir, en atención á diversidade en Galicia levamos feito moito, moitísimo, practicamente máis que ningunha comunidade autónoma. Tamén é certo que quedan moitísimas cousas por facer. E iso non o di a Xunta de Galicia cun interese político; iso dino os informes do Ministerio. ¿Cal é a comunidade autónoma con máis alumnos integrados no sistema educativo ordinario? Galicia, dez puntos por riba da media estatal. ¿Cantos profesionais se adican á atención á diversidade? Máis de catro mil.

Pero, ademais, hai unha gran autoesixencia. Nós estamos facendo algo que non fixo ninguén en España. Ninguén en España fixo o que estamos facendo nós este ano, que é ponderar os alumnos con necesidades educativas especiais en función dun grao acreditado de discapacidade por dous ou por tres. ¿Para que? Para mellorar precisamente a atención concreta aos alumnos que máis o precisan. Iso só o facemos nós. Partindo xa dunha moi boa base no conxunto de España, os únicos de España que facemos isto somos nós. E estamos tamén reducindo as *ratios* educativas, partindo de 4º de Infantil nun vinte por cento progresivamente, para mellorar precisamente a atención educativa a aqueles que máis o precisan.

E, claro, se vostede comeza dicindo na súa iniciativa que estamos por riba das *ratios* e que en ningunha das clases estamos por debaixo das *ratios* e se vostede segue dicindo que hai menos profesorado e realmente hai o mesmo profesorado só que en diferentes especialidades, creo que quen lle falta ao respecto ás familias é vostede, intentando dicir o que non é a realidade. *(Aplausos.)* Creo que é vostede o que lle falta ao respecto ás familias dicindo o que non é a realidade e manipulando conscientemente a realidade.

Mire, neste centro —e xa para rematar— cúmprese coa baixada de *ratios*. En ningún caso se está por riba de *ratios*. Hai unha redución progresiva, contéplase a ponderación de alumnos e están adecuados os recursos para garantir a atención precisamente a aqueles alumnos que



máis o precisan. E —insisto— o gran ataque á diversidade que vostede di é, con base en criterios técnicos, pasar dun AL e un PT a dous PT.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Rianxo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, imos seguir falando de ensoñación. Vostede veu aquí no pleno anterior vender unha calma chicha —que din os mariñeiros— que nin existía daquela nin existe agora nos colexios públicos galegos. De feito, seguen en pé no día de hoxe ducias de mobilizacións e reivindicacións por todo o país.

En realidade, vostede veu aquí presumir dunha normalidade que non hai; e xa sabe: «dime de que presumes e direiche de que careces». É o caso dos centros do concello de Rianxo. No Brea Segade de Taragoña seguen no día de hoxe con 27 alumnos en 3^o de Primaria. Deses 27, 11 teñen NEAE de moi diferente grao. O centro, diante da xordeira da Consellería, decidiu facer os dous grupos, pero á conta de restar horas de dirección do propio director. ¿Onde quedou, señor conselleiro, o tristemente famoso acordo que asinaron cos sindicatos minoritarios do ensino e que vendeu como a solución a todos os problemas? Vinte e dous nenos con necesidades educativas especiais e unicamente dous días de AL —nos outros tres, compartido— e cun orientador a tempo parcial.

No Ana María Diéguez de Asados, que recibe nenos do Castelaio porque no Castelaio xa están saturados —que, por certo, non se atenden tampouco nin se cobre o transporte escolar que hai dun lado a outro como debería—, nalgúns aulas chegan a 28 alumnos. Non poden desdobrar polas propias características do centro e solicitan, para ser quen de cubrir as necesidades do alumnado, máis especialistas, xa que comparten o PT e o AL e tamén o orientador, que non é a tempo completo.

Vostedes a todo isto responden cun parche. Un profesor do PROA a media xornada para cubrir todas esas deficiencias e para apoiar clases amplas con moitos nenos de necesidades educativas especiais; que, por certo, no día de hoxe aínda non chegou. No Castelaio necesitaban un profesor para un desdobre de Primaria, un de inglés e que se cubrise o PT que teñen en comisión de servizos.

Da queima, señor conselleiro, non se salva nin o IES Félix Muriel, que tamén padece a endémica falta de especialistas. Por iso lle preguntamos: ¿vai facer algo para garantir as *ratios*



e a atención do alumnado, sobre todo a dos nenos e nenas que máis o necesitan, nos centros de Rianxo ou vai seguir deixando os nenos e nenas que máis o necesitan tirados?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que volven vostedes plantexar un panorama absolutamente tremebundo. Despois imos aos datos e, realmente, non se parecen en nada.

Creo que —e repito o que dixen antes— se fixo moito en atención á diversidade; estase mellorando o sistema educativo. Queda tamén moitísimo por facer. Pero lanzar esas mensaxes como as que di vostede realmente é algo francamente preocupante para o sistema educativo, ao ver como se plantexa un ataque tan feroz pola súa parte.

Eu creo que a información xa é coñecida. A semana pasada o director xeral de Recursos Humanos —precisamente a unha pregunta, neste caso, do Partido Socialista— xa respondeu. Eu creo que os datos son moi claros. Estes centros que vostede cita cumpren todos coas *ratios* plantexadas no acordo educativo.

Por certo, vostedes denigraron e desprezaron o acordo educativo que asinamos no seu momento e agora son os seus máximos defensores. Iso sempre fala da coherencia habitual do Bloque, que primeiro critica unha cousa e despois son os seus máximos defensores. Bemvidos. Grazas, en todo caso, por defender o acordo que tanto desprezaron no seu momento.

Miren, nos colexios que vostede cita reforzouse persoal. ¿Para que se reforzou o persoal? Para precisamente atender os alumnos que máis o precisan. E todos recibiron profesorado a través do plan Mega, neste caso a través do programa Promociona; non aínda do PROA, que aínda non chegaron os profesores ao centro, pero chegarán.

Voulle dar os datos. Porque, claro, unha persoa que non teña os datos ao mellor a escoita a vostede e a pode crer. Pero mire, a realidade élle esta. Colexio Rodríguez Castelao: 18 alumnos menos que o ano pasado e un profesor máis; *ratio* de 10 alumnos por profesor. Colexio Ana María Diéguez: 7 alumnos menos e 2 profesores máis, un a tempo completo e un a media xornada, e unha unidade máis; *ratio* de 6,5 alumnos por profesor. Colexio Brea Segade, neste caso hai 6 alumnos máis, nos anteriores era todo menos, neste hai 6 alumnos máis, ten 1 docente máis, a *ratio* do centro é 8,3 alumnos por profesor.

Diversidade, atención á diversidade. Todos teñen os seus especialistas. Como dixen, Rodríguez Castelao, 2 PT, e máis 1 PT compartido; Colexio Ana María Diéguez, 1 PT, máis 1 PT compartido; Colexio Brea Segade, 1 PT a maiores.



Señoría, menos alumnos, máis profesores, máis unidades, e vostede segue falando aquí de recortes. Ben, polo menos reconece que o acordo asinado cos sindicatos foi positivo, pero a verdade, co seu discurso, pois cando se poñen os datos encima da mesa, cae, dilúese como un azucarillo. En todo caso, o que se plantexa pola súa parte non corresponde, como acabo de dicir, á realidade, en base aos datos que se poñen encima da mesa.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, quen lanza, quen lanzou aquí mensaxes que nada teñen que ver coa realidade, o primeiro foi vostede, porque veu aquí presumir dun curso que empezaba con total normalidade e na Barbanza temos, cando menos, cando menos, 6 centros que seguen aínda mobilizándose.

Por certo, falando do famoso acordo da vergoña, quen despreza o acordo, o primeiro que desprezou o acordo é vostede, porque nin sequera o cumpre; quen o asinou foi vostede, non nós. *(Aplausos.)*

Mire, os datos que lle dei, señor conselleiro, son de hoxe pola mañá. Ou sexa, que non nos veña aquí vender, igual que veu no pleno anterior, cousas que aínda non están efectivizadas.

Vostedes, a consellería, vostede en particular, atende só a golpe de mobilizacións e de protestas; ou sexa, a súa actuación é unha improvisación manifesta.

Vostede fala unha e outra vez de ratios, de ratios, de ratios. ¿Nós sabe de que falamos? De alumnos, de alumnas, de nenos, de nenas, das familias, das familias. *(Aplausos.)*

Reduciron o horario do profesorado, que está moi ben, mais esqueceulle ao mesmo tempo pensar que había que incrementar o número de docentes para dar unha cobertura suficiente aos centros e sobre todo ao alumnado máis vulnerable.

No Brea Segade, por exemplo, son 11 docentes. A cada un redúcenselle dúas horas de libre disposición. O resultado é 22 horas que se perden á semana, ou, o que é o mesmo, 1 profesor, que evidentemente vostedes non substitúen por ningún.

A súa política do Partido Popular de facer máis con menos é unha estafa. Pareceralle feroz, pero esa é a realidade. Vostedes fan, si, cada vez menos á conta precisamente de cada vez máis sufrimento das familias, da conciliación inexistente e de complicarlles cada vez máis a vida. A deterioración do funcionamento dos centros é brutal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(Aplausos.)



Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, a verdade, señoría, é que o subconsciente a traizoaa. Acordo da vergoña e agora son vostedes os que impiden que se faga efectivo e o defenden absolutamente. Eu agradézollo, pero o seu subconsciente traizoaa absolutamente.

Mire, este curso académico —díxeno o outro día e repítoo hoxe— temos só en infantil e primaria catro mil alumnos menos e, non obstante, temos moitos máis profesores, e aínda falta unha dotación que xa anunciei que se ía materializar a principios de outubro; díxeno nesta Cámara, señoría.

Mire, garántese con este acordo a estrutura territorial e laboral do sistema educativo, reforzouse a dotación de profesorado, o maior número de profesores da historia, cun número absolutamente caendo de alumnos, fortísimo, fortísimo. Mire, temos mil cen centros educativos e en todos eles se está producindo unha baixada progresiva de ratio dende 4º de infantil para adiante, un 20 por cento. E non o facemos porque nolo mande o Goberno, facémolo porque temos vontade de mellorar a atención ao alumnado, non nos obriga a lei, facémolo porque queremos, porque quixemos facelo, porque entendemos que é positivo.

E mire, en atención ás necesidades educativas especiais, xa o dixen na anterior pregunta, poderase dicir o que se queira, poderase dicir que é necesario seguir mellorando, e eu son o primeiro en dicilo, hai que seguir mellorando. Agora, non se pode, a partir dun caso particular ou dunha análise particular dun número moi limitado de centros, dicir que é todo un desastre, como vostede di, porque está sinxelamente faltando á verdade e xerando un desprestixio, porque despois, cando saen os informes do ministerio, de PISA, de propias organizacións sindicais a nivel nacional, todo o seu discurso cae.

Porque, claro, vostedes só falan como xestionar, só falan de xestión de recursos, máis profesores, máis isto, máis aquilo, pero sobre os resultados nunca os oín a vostedes facer unha pregunta onde se preocupen polos resultados educativos dos galegos, que, por certo, son dos mellores de España; (*Aplausos.*) en ningún momento o escoitei.

E mire, xa lle dixen os datos concretos de Inspección, non os inventei eu, entenderao. Nos centros de Rianxo, menos alumnos, máis profesores en todos os centros que vostede dixo, só 1 en que hai 7 alumnos máis; menos alumnos en todos, máis profesores en todos, cos profesionais precisos para mellorar a atención á diversidade. ¿Que nunca son suficientes? Por suposto, señoría.

Pero tamén é moi soberbio por parte do Bloque só falar dos máis. Vaia vostede aos colexios de Pontevedra, da cidade de Pontevedra, onde goberna o Bloque, e pregunte polos bedeis, a ver que lle din as familias, a ver que lle din os profesores, a ver que lle din, porque, claro, vostedes aquí chegan como se non tivesen a mínima responsabilidade na xestión educativa do país e, ao final, como xa lle dixen, todos os alumnos necesitan unha atención personalizada...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Terminou o seu tempo. Grazas.

(Aplausos.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo en que o Goberno galego pensa abrir os cinco centros de crise 24 horas prometidos hai máis dun ano

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Hoxe queremos insistir nun tema que nos preocupa profundamente. Vostede coincidirá comigo en que a violencia sexual é unha das expresións máis terribles do machismo, a violencia sexual contra as mulleres, xa que o último informe especifica que 9 de cada 10 vítimas son mulleres, e iso a pesar de que existan persoas como a presidenta Ayuso, que crea centros específicos para protexer homes vítimas de agresións sexuais, unha falla de respecto total cara a nós.

Dicía que a violencia sexual contra as mulleres é unha manifestación da violencia de xénero, unha vulneración dos dereitos humanos e un dos crimes de xénero máis silenciados e máis normalizados do mundo. Hai dous días, o día 23, foi o Día Mundial contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, a escravitude do século XXI, outra forma, outra expresión da violencia sexual.

Pois ben, partindo desta premisa, que creo que é unánime, dende a Administración teñen que facer políticas de prevención destas condutas, e iso, principalmente, pasa pola educación, o control da pornografía e a sensibilización, pero tamén políticas de prevención e apoio ás vítimas, para que saiban que non están soas e que a denuncia destes feitos as vai colocar nun lugar seguro, onde estarán protexidas e sobre todo onde van ser axudadas e asistidas.

E iso, ademais de ser o recomendable, tamén é o que impón o convenio de Istambul, do ano 2014, ou a normativa estatal, a última Lei orgánica 10/2022, de garantía de liberdade sexual, que no seu artigo 35 fala da creación destes centros de atención ás vítimas da violencia sexual.

Pois ben, España, o Goberno socialista de España, no marco do investimento 4 do compoñente 22, recolle a medida *Plan España te protege contra la violencia machista*, que inclúe o proxecto de creación destes servizos de atención integral 24 horas para vítimas de violencia sexual, que implica a creación de polo menos 52 centros por provincia antes do 31 de decembro de 2024, 66 millóns de euros, a distribuír entre os anos 2021, o 30 por cento, 2022, o 70 por cento, e ademais outros 17 millóns adicionais que se repartiron no ano 2023, repartidos entre as comunidades autónomas, por suposto, porque son as competentes para a execución.

Uns centros que teñen como obxecto ofrecer acompañamento e información telefónica, telemática e presencial as 24 horas do día, todos os días do ano, con atención permanente e



urxente, con persoas cualificadas a nivel xurídico, social e psicolóxico. As cantidades asignadas foron transferidas mediante unha aprobación previa do Consello de Ministros e as conferencias sectoriais de igualdade.

A principios do ano 2023, o Goberno galego colleu a luva, dixo que ía crear estes centros, 5 centros en Galicia, nas diferentes áreas sanitarias, adscritos ás mesmas, pero estamos a tres meses de que acabe o prazo e aínda non hai ningún en funcionamento. Por iso, preguntolle: ¿que pasa con estes centros, conselleira? ¿Cal é o problema para a súa implantación? E, tamén, ¿van levar un protocolo de actuación homoxéneo?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Castro, eu podería rematar hoxe esta pregunta cunha soa frase: os 5 centros de crise 24 horas en Galicia estarán en funcionamento antes de que remate este mesmo ano. Pero eu entendo que vostede seguiría hoxe alertando de forma deliberada, cando aínda quedan tres meses para rematar o ano 2024, que esa é a data límite para ter en marcha estes centros.

Así que —repito— no último trimestre deste ano 2024 estarán en marcha os 5 centros de crise 24 horas con profesionais especializados. *(Aplausos.)* De feito, eu mesma visitei o Centro de Crise de Santiago, esta mesma fin de semana estiven no Centro de Crise de Lugo e xa podo comprobar como están todos os centros a punto. Estarano, a pesar, señora Castro, de que o Goberno central non nos achegou ningún tipo de información nin ningún tipo de protocolo para facelo, pero non nolo achegaron a nós nin a ningunha outra comunidade autónoma a nivel nacional.

Pero xa estamos acostumados, estamos acostumados a que o Executivo do señor Pedro Sánchez puxo en marcha esta iniciativa pero sen contar, unha vez máis, coas comunidades autónomas, sen ter en conta a realidade e as necesidades de cada rexión e sen achegar o diñeiro necesario para o seu mantemento.

Pero, pola contra, señora Castro, a Xunta de Galicia foi a que decidiu cantos centros ía ter en Galicia —por certo, máis dos obrigatorios—, foi a que escolleu as localizacións onde ubicar estes centros, que é dentro e ao carón de todos os hospitais, foi a que se encargou de realizar a obra —que xa está rematada—, foi a que os tivo que equipar e a que os ten que manter.

E di vostede que Galicia ten os deberes sen facer. Señora Castro, penso que hai que ser un pouquiño máis serios, porque non se pode obrigar as comunidades autónomas a crear unha



rede de centros de atención especializada como esta sen contar con ningún tipo de información nin de protocolo. Hai poucos exemplos no mundo de centros de crise 24 horas, e a única información que nos achegou o Goberno central aparece no artigo 35.a) da Lei do só si é si.

Así que, por favor, eu pídlle un pouquiño de seriedade, porque fomos nós os que tivemos que deseñar o funcionamento destes centros, os que tivemos que construír e os que imos mantelos de forma unilateral, e o Goberno central, unha vez máis, do que se encarga é de poñer sempre paus nas rodas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora conselleira, vostedes manifestaron que ían empezar en funcionamento no ano 2023, despois pediron unha prórroga, estamos a tres meses de que remate o prazo. Entenda a nosa preocupación porque se poidan perder estes fondos e porque non implanten en Galicia esta medida; non sería tampouco a primeira nin a última promesa que non chegan nunca a facer.

E despois, por outra banda, fala vostede de que non existe colaboración e información por parte do Goberno do Estado. Non é certo. O Ministerio de Igualdade leva dende o ano 2022 mantendo reunións técnicas periódicas coas comunidades autónomas, nas que pon á súa disposición e puxo á súa disposición o asesoramento e o apoio necesarios para a posta en marcha destes recursos.

E a realidade reflíctese nos feitos. Os feitos son que xa hai comunidades autónomas que están a xestionar os fondos de maneira eficiente nos prazos establecidos para pólos en marcha. Pero Galicia deixounos ata o final. ¿Por que? Pois mostrando e demostrando que é unha falla de prioridade absoluta para o Goberno galego a implantación destes centros.

Entendemos tamén, en relación co protocolo, ese protocolo de actuación que lle dicía ao final da miña primeira intervención, que debe ser un protocolo homoxéneo. Polo tanto, a Xunta de Galicia ten que aprobar un protocolo homoxéneo para evitar estas disfuncións que poidan existir entre os diferentes centros. E nós queremos saber se se está tamén a traballar na elaboración dese protocolo e quen o está a facer.

Por outra banda, en relación coa xestión destes centros, teño que dicirlle que dende o Grupo Socialista entendemos que debería tratarse dunha xestión pública. ¿Por que? Porque estamos a falar de datos especialmente sensibles. E díglle, señora conselleira, que a Consellería de Política Social non pode seguir sendo unha axencia de contratos a terceiros, teñen practicamente a xestión de todo externalizada, senón que ten que ser unha entidade prestadora de servizos públicos.



Vostede confirma que estarán en funcionamento a finais deste ano. Eu alégrome profundamente, porque creo que é unha medida esencial para as vítimas de violencia sexual, e que o Goberno galego ten que empezar a optar por un modelo proactivo e deixar de poñer barreiras á loita contra a violencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Castro, estea tranquila. Créame: faltan tres meses e os centros de crise 24 horas estarán abertos antes de que finalice este ano 2024. *(Aplausos.)* Pero eu tamén a podo entender, porque vostedes están moi acostumados aos incumprimentos e ás mentiras do señor Pedro Sánchez, que un día di unha cousa e ao día seguinte se levanta e di exactamente a contraria. Pero eu recórdolle, señora Castro, que vostede está aquí, vostede está en Galicia, e o Goberno galego, a diferenza do Goberno central, cumpre, cumpre sempre o que di, señora Castro, e o único que non fai os deberes é o Goberno do señor Pedro Sánchez; primeiro coa aprobación da Lei do só si é si e despois coa deixación na posta en marcha destes centros de crise 24 horas. E agora vostede e outros pretenden alarmar e alertar a sociedade de que estes centros non se poñen en marcha.

Pois mire, ¿a vostede non lle parece unha irresponsabilidade e unha desidia por parte do Goberno central que non se elaborase un protocolo de actuación que fose común para todos os centros que se van poñer en marcha a nivel nacional? Pois iso non ocorreu. Cada comunidade autónoma tivo que elaborar o seu propio protocolo para que estes centros de crise 24 horas poidan estar funcionando.

Pero, afortunadamente, Galicia é distinta, e Galicia conta cun goberno unido e un goberno comprometido coa erradicación da violencia contra as mulleres, e proba diso é que Galicia conta cunha Lei de prevención e tratamento integral para a violencia de xénero.

Contamos con programas de sensibilización, de prevención e tamén de concienciación desta realidade, tanto no ámbito sanitario como no ámbito educativo, e proximamente Galicia contará con eses cinco centros de crise 24 horas, que lles van prestar unha atención psicolóxica, xurídica e social a todas as vítimas de violencia.

Miren, señorías, o Goberno galego non dá nin dará nunca as costas a unha realidade que urxe combater. Polo tanto, a nosa posición é clara e é rotunda: tolerancia cero contra a violencia de xénero, e, polo tanto, a nosa resposta social e institucional será unha resposta conxunta para previla e tamén para ofrecer sempre esa atención axeitada, tan necesaria para todas as vítimas.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional no pequeno comercio

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Méndez Lopez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Conselleiro.

Sabemos da importancia do comercio local, non só na parte económica, senón tamén como cohesión social, e en moitos concellos o feito de que haxa un negocio, un comercio, xera vida; unha rúa sen negocios é unha rúa sen vida; polo tanto, isto extrapólase tamén a concellos e a vilas.

Entendemos que esa é a filosofía desta orde e deste Bono Remuda para buscar ese relevo xeracional de negocios das persoas que se xubilan ou teñen que deixalo por unha baixa ou por desgraza por unha defunción. E, polo tanto, entendemos e compartimos a filosofía da orde. Pero tamén entendemos que 1,5 millóns de euros onde se disgrega pois 1 millón para concellos de menos de 5.000 habitantes, que serían 200, e 500.000 para concellos de máis de 5.000 habitantes, que serían 113, ou dito doutra forma, para os concellos de menos de 5.000 habitantes podería haber remuda en 33, quedando 167 sen eles, ou en concellos de máis de 5.000, 96 quedarían sen eles e serían beneficiarios 17. Pero, dito doutra forma, 263 concellos sen axuda. É certo que non temos por que ir á contía máxima, pero incluso se imos diminuindo esa porcentaxe pois por 2, por 3, por 4, incluso por 6, serían 300 concellos os que poderían chegar cun importe de 5.000 euros.

Evidentemente, a realidade non concorda coa filosofía da propia orde, e nós o que queremos é que realmente isto sirva para ese relevo xeracional, para que o comercio estea nas vilas, e sobre todo naqueles concellos pequenos, porque, como dicía, ten e permite esa cohesión social, que incluso se converte moitas veces en centros de convivencia.

E pódeme dicir, seguro que me dirá que aínda está a orde en vigor, aínda se pode solicitar ata o 30 de outubro, pero, entendendo e compartindo que pode ser unha boa iniciativa, pois a pregunta é sinxela: ¿ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o orzamento da convocatoria que permita atender ás necesidades reais deste sector para que realmente a finalidade que se persegue se acade, para que haxa ese relevo xeracional e para que poida servir de ali-cerce para que moitos dos 313 concellos e vilas poidan ter esa capacidade real de poder facer unha remuda xeracional?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moi boa tarde, señor presidente.

Señorías.

E digo eu: ¿non lle sería máis fácil preguntar se se vai esgotar a orde, a convocatoria?, e xa llo resolvía, porque, de feito, voulo contestar eu.

Eu creo firmemente na necesidade de que haxa control do Goberno, pero pediríalle —e non mo tome a mal, non é unha cuestión persoal con vostede— que houbera un pouquiño máis de rigor e que polo menos se leran as ordes, xa que lle parecen interesantes, porque a primeira pregunta que nos temos que facer todos aquí, logo de escoitala, é: ¿quen son os beneficiarios? ¿Os da remuda ou os concellos? E en ningún sitio di que non poidan ir 33 remudas nun mesmo concello; igual en Lugo podería haber esa necesidade, ¿non?

E outra cousa que di a orde, que deberíamos ler, é que para poder acceder á orde de axudas os beneficiarios teñen que cumprir uns requisitos, un deles estar na bolsa de remuda da rede de polos de emprendemento de Galicia. Ben, ¿cantos negocios temos na rede de polos á hora de deseñar esta orde de subvención, que, segundo di vostede, só chega para ese número de beneficiarios? 112 negocios, señorías.

Tamén é certo que podían entrar na orde aqueles que pecharan a súa instalación dentro do ano anterior á publicación da orde, sempre que tiveran cinco anos de antigüidade. Pero o certo e verdade é que nesta orde —e é a onde vou agora na resposta— é que hai 32 solicitudes.

Poderíamos entrar aquí a analizar se temos que mellorar o Bono Remuda. Ben, pois ese é un debate; pois fagan unha interpelación e traballamos nese impulso para o labor do Goberno, pero hai 32 solicitudes e neste momento, señorías, 25 xa están aceptadas, cun investimento total de 600.000 euros. Polo tanto, temos aínda 900.000 euros, e eu ánimoa e aproveito a ventá que me ofrece sempre o Parlamento para todos aqueles que cumpran os requisitos de beneficiarios e queiran pedir a orde de axudas pois que o fagan, porque aínda hai 900.000 euros de crédito, e temos todo o mes de outubro para que poidan seguir presentando solicitudes.

Polo tanto, señora Méndez, eu entendo a pregunta e dígolle, respostando claramente, que hai crédito suficiente para cubrir as solicitudes que ata o de agora teñen entrado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Ben, pois indirectamente xa me contestou. Non, non o van seguir incrementando, porque, efectivamente, falla a orde. Se só hai 32 solicitudes, é que ao mellor están mal plantexado e ao mellor é que levamos a cabo iniciativas para parecer que se fai, pero que realmente non se fala co sector.

E, por certo, o sector si que ve con bos ollos esta iniciativa. Eu falei coa Federación de Comercio, e veo con bos ollos. Pero se realmente non se solicita é que algo falla. Pois ao mellor hai que plantexarse o porqué. Porque sacamos unha orde que queda moi ben, buscamos catro titulares, pero realmente non buscamos a efectividade.

E falo dos concellos, porque realmente despois os negocios, que eu saiba, señor conselleiro, se asentán nos concellos. É certo que poden estar nun concello os 32, as 32 solicitudes, pero, se é así, tamén falla, porque ao final a filosofía da propia orde, da súa orde, conselleiro, é outra ben distinta. E, polo tanto, pois se hai 32 solicitudes, está a fallar este plantexamento. Están a fallar as políticas de dinamización económica da súa consellería, está a fallar o Goberno galego.

Polo tanto, eu tendo a man, xa que me dixo que nos sentáramos, sen ningún problema, e ao mellor seguro que algún bo consello lle podo dar, porque temos feito iniciativas tamén a nivel local, incluso cando eu era alcaldesa, con bos resultados, e pódolle dar unha como pode ser un fondo de capital-risco, que tamén axuda, e moito, para outras cuestións.

Pero, volvendo ao tema, hai que falar co sector, hai que levar a cabo iniciativas que realmente cumpran a finalidade, que neste caso non é outra e non é menor dun sector tan importante como o comercio, que, ademais, diversifica e pode estar en todos os concellos, nos 313 concellos, porque esa é a finalidade tamén da propia orde, e do labor que fai o comercio local e os negocios, que non só é económico, senón tamén de cohesión social.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu digo que sempre veño ao Parlamento —e hoxe ademais estaba escoitando a máis compañeiros— coa sensación de que nós queremos que estea todo mal, queremos rematar con toda Galicia, non facer absolutamente nada, e os únicos que discorren algo bo son ou o Bloque ou o Partido Socialista; ben, non me meto con Democracia Ourensana, porque non o escoitei exactamente para saber. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Pero digo eu, ¡home!, ¡home!, algo intentaremos facer ben, señora Méndez. E neste tema claro que se pode afinar o Bono Remuda, e probablemente teñamos que pensar non só no que vai coller o traspaso senón tamén no que deixa o negocio, porque son cuestións das que estamos falando.



É unha convocatoria moi novidosa. Por certo, dáse nesta comunidade autónoma porque o Goberno galego está pensando niso. E chámame especial e poderosamente a atención que diga vostede que non falamos co sector. ¿Sabe onde estaba hoxe esa federación que di vostede, a Federación Galega de Comercio? En Lugo, na reunión preparando a Estratexia do comercio 2025-2030, co director xeral de Comercio. A Federación Galega de Comercio, esa que din que non falamos con ela, pois está, xunto co resto de asociacións de Lugo, os centros comerciais de todas as vilas, as asociacións comerciais e todo o sector absolutamente implicado nunha estratexia que puxemos enriba da mesa nós, porque entendiamos a importancia do comercio polo miúdo, non só nas vilas, senón tamén nas cidades.

Ou sexa, que iso de que non falamos co sector é outra das cousas sobre as que vostedes fan aquí afirmacións —pasou hoxe á mañá tamén—, e temos que contradicilas, porque é así. Diciao tamén o conselleiro de Educación.

Mire, fíxese se é importante o comercio para nós, singularmente para min, que na miña consellería está o nome de Comercio e supuxo un reforzo da estrutura. A Dirección Xeral de Comercio dotouse con máis estrutura, unha segunda subdirección, e ademais imos ver ese esforzo nos orzamentos do ano 2025. Pero, ademais, porque hai que falar co sector e porque é un sector extraordinariamente ligado ao asociacionismo, hai que falar con todos eles, tivemos a primeira xornada de traballo, puxemos en marcha —como digo— a estratexia en colaboración co sector, tivemos máis de 150 persoas na xornada de presentación: as cámaras de comercio, as asociacións, os centros comerciais, as prazas de abastos, todos os que teñen que falar algo do comercio.

E, a maiores, creo que é importantísimo —e lánzolle tamén o guante a vostede, que seguro que ten contacto co presidente da Fegamp— que nesa estratexia estea presente a Administración local. Non podemos falar de comercio polo miúdo, aínda que teña as competencias a Comunidade Autónoma, sen falar coa Administración local.

Polo tanto, eu digo que nese traballo que estamos facendo, no que hai que repensar moitas cousas, dentro do comercio, tamén tendemos a man á Administración local a través da Fegamp, para que poidamos colaborar entre todos, a ver se somos capaces de sacar unha estratexia, co obxectivo —e estou seguro de que coincidimos todos niso—, fundamental, que é revitalizar e manter o comercio polo miúdo nas nosas vilas e nas nosas cidades como un elemento fundamental da vida desas vilas e desas cidades. Dende logo, se non hai comercio, serán outra cousa, pero non o que sempre foron as nosas vilas e cidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central en relación cos descontos nas tarifas das autoestradas estatais en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.



O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

A falta de interese do Goberno de Pedro Sánchez por cumprir os seus compromisos pendentes con Galicia é tan patente como a súa obsesión por manterse a calquera prezo na Moncloa.

Galicia non está entre as prioridades do Goberno do Estado, como temos a desgraza de comprobar unha e outra vez en materias tan importantes como as infraestruturas, a seguridade viaria e a mobilidade. O Goberno central leva anos acumulando incumprimentos na execución das infraestruturas viarias comprometidas en Galicia, especialmente aquelas que resultan vitais para a comunicación coa Meseta e para a vertebración interna do territorio. Polo tanto, é patente a falta de vontade política para avanzar na planificación destas infraestruturas esenciais para Galicia; vontade política que, nembargantes, si hai para outros territorios. Esta é unha situación á que se suma o feito de que en Galicia temos as autoestradas máis caras do Estado.

É certo que garantir unhas autoestradas máis accesibles non semella unha prioridade para o Goberno estatal, como acredita a suba neste ano 2024 dun 6,55 por cento nas tarifas, a pesar do contexto económico tan complicado. Pero é que en Galicia o Executivo que dirixe Pedro Sánchez semella que ten como liña estratéxica que as autoestradas estatais sexan as máis caras de España, o que vai en contra dos intereses dos usuarios destas vías e do conxunto dos galegos e das galegas. Na AP-9, ademais de bloquear nestes cinco anos que leva no goberno a transferencia a Galicia e de subir ano tras ano o prezo das peaxes estatais, agora dinos que non está disposto a aplicar os descontos xa comprometidos cos galegos e as galegas. E na AP-53, a única de España na que non se aplica ningunha bonificación —e pese ás demandas de concellos, colectivos sociais e empresariais, o Parlamento de Galicia e a propia Xunta—, o Goberno central segue lastrando a situación económica das familias e a competitividade de Galicia.

E todo pese a que no Pacto de investidura asinado entre PSOE e BNG se recollía especificamente que se incrementarían as bonificacións da AP-9, pasando do 20 por cento ao 50 por cento, e que esta porcentaxe tamén se repercutiría na AP-53. A realidade é que nin 50 por cento nin nada. A semana pasada o ministro de Transportes contestábanlle ao BNG: este ano non hai cartos e, de momento, para o 2025 o que tampouco non hai é a previsión duns novos orzamentos.

Por todo isto, preguntámoslle, señora conselleira: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia do incumprimento dos compromisos do Goberno de España, que non aplicará de forma inmediata os descontos comprometidos nas autoestradas estatais en Galicia?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.



A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.

Señor deputado, vou ler —se me permite— literalmente: «*En los presupuestos generales del Estado para el año 2024 se incluirán nuevos descuentos en las autopistas AP-9 y AP-53, se implementarán los descuentos para usuarios superrecurrentes, incluidos vehículos pesados, en la AP-9 del 20 % actual hasta el 50 %, se equiparan los descuentos en la AP-53 a los de la AP-9 y seguiremos trabajando para conseguir la gratuidad del peaje*». Este é o punto 6 do acordo do Pacto de investidura do Bloque Nacionalista Galego, co que lle deu o seu voto favorable ao señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) O que levamos dicindo todos estes meses: papel mollado. (*Murmurios.*)

Señores parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, o seu apoio a Pedro Sánchez foi a cambio de nada, (*Murmurios.*) foi unha estafa electoral. Estafa electoral tamén protagonizada polo ministro de Transportes, que hai uns días, efectivamente, confesaba que non había cartos para afrontar ese cumprimento de compromisos cos galegos. E non había cartos porque non ten aprobados os orzamentos, pero é que ten prorrogados uns orzamentos porque ao señor Pedro Sánchez lle deu a gana de non cumprir as súas responsabilidades orzamentarias e non aprobar os orzamentos.

Pero isto non é todo, porque igual que di unha cousa o señor ministro de Transportes, di outra totalmente distinta, porque a semana pasada tamén dixo que non pasaba nada por non ter os orzamentos aprobados e telos prorrogados. Pois se non pasa nada por telos prorrogados, cumprimente os seus compromisos adquiridos cos galegos e aboe esas bonificacións. E pedirémolo aquí e pedirémolo en Madrid, e teñan por seguro que acudirei o vindeiro 16 de outubro para escoitar o ministro e saber cal é a súa posición con respecto á transferencia e ás bonificacións da AP-9, porque foron os compromisos adquiridos con Galicia.

Pero fronte ás promesas electorais (*Murmurios.*) —por favor, silencio— do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, (*Murmurios.*) temos por diante que a realidade é obstinada... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non, claro. Perdón, moléstalle. Está falando, claro.

Silencio. (*Murmurios.*)

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): ...a realidade é que si que pasa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*)

¡Silencio! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O Pleno diríxoo eu, pero ela pode expresar o seu malestar porque vostede está falando. Iso é o que dixo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Claro!, é que as cousas son así. (*Aplausos.*) Está vostede interrompéndoa e molestándolle detrás. (*Aplausos.*) Un pouco de respecto a quen está no uso da palabra. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O Pleno diríxoo eu, ¿vale?



Prosiga, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente, e desculpe.

Pero dicía que a realidade é obstinada e a realidade é que si que ten consecuencias non ter aprobados os orzamentos, e ten consecuencias moi directas para os galegos e para as galegas; consecuencias que se traducen no menoscabo e nos atrasos na execución de actuacións urxentes nas nosas infraestruturas viarias. E tamén —como digo— no cumprimento dos compromisos adquiridos porque non falamos só de bonificacións ou non falamos só da AP-9; falamos da falta de conservación en estradas, en autovías, en autoestradas fundamentalmente, e, nomeadamente, das que permiten a entrada na nosa comunidade autónoma, como son a A-6, a A-52 ou a A-8.

En definitiva, señorías —que non quero estenderme máis—, ¿cal era a valoración deste Goberno, deste Executivo sobre as últimas declaracións do ministro? Pois —e perdóenme a expresión— lamentable. Pero lamentablemente tamén lles teño que dicir que non sorprenden, porque do mesmo xeito que di que non ten 27 millóns de euros para realizar as bonificacións comprometidas cos galegos, do mesmo xeito que o di, si que ten diñeiro para liberar outras autovías como a de Alacante, e ademais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): ...co agravante de que esta si que ten unha alternativa viaria. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outra rolda despois.

Réplica, señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta e pola súa paciencia. *(Risos.)*

Como ben sabe, o balance da reunión que mantivo logo de sete meses de espera o presidente Rueda co presidente Sánchez non puido ser máis desolador, tamén en materia de infraestruturas pendentes con Galicia. O silencio do presidente Sánchez veu ratificar o que xa sabiamos: que para o PSOE non ten valor nin o acordo que apoiaron os socialistas galegos neste Parlamento nin o compromiso electoral que asumiron nas últimas eleccións autonómicas.

Tamén se demostra —como xa dixemos máis dunha vez— que o BNG deu o seu apoio a Sánchez de balde, e que por iso son o nacionalismo que máis barato lle sae a Sánchez e máis caro a Galicia. Non haberá bonificacións este ano nin na AP-9 nin para a única autoestrada que non ten ningunha bonificación en España, a AP-53.

Galicia non está nas prioridades do Goberno central, e por iso o seu ministro de Transportes vén a Galicia anunciar avances en mobilidade para a continuación recoñecer no Senado que



non autorizará de forma inmediata as rebaixas comprometidas con Galicia. Despois de afirmar que a AP-9 non é un problema do seu Goberno, que non ten intención de darlle unha resposta clara á comisión e que prefire xudicializar o tema e seguir dándolles largas aos galegos e ás galegas, o ministro Puente recoñeceu que non hai cartos este ano para bonificar as autoestradas estatais en Galicia. Só lle falta dicirnos que, coma o ferrocarril, as infraestruturas estatais en Galicia viven o seu mellor momento da historia. Para outros territorios si, pero para Galicia nada, e mentres PSOE e BNG seguen a tragar.

Polo tanto, grazas, señora conselleira, polo seu compromiso. Animámola a seguir exixindo o cumprimento íntegro dos compromisos adquiridos en Galicia en materia de infraestruturas polo Goberno do Estado: unha AP-9 galega e unha AP-9 e AP-53 libres de peaxes.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche desta pregunta ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señoría, reitero o que xa dixen: seguiremos exixindo o cumprimento dos compromisos adquiridos con Galicia e cos galegos, tal e como lembrou o presidente Rueda na reunión que mantivo a semana pasada co presidente do Goberno, Pedro Sánchez. Reclamamos e seguiremos reclamando esa transferencia da AP-9. Reclamamos e seguiremos a reclamar un plan integral de conservación das estradas e autoestradas que discorren pola nosa comunidade autónoma; non queremos máis parches, señorías. E, por suposto, seguiremos a reclamar o cumprimento dos compromisos acadados polo Partido Socialista aquí en Galicia e polo Bloque Nacionalista Galego, que cumprimentaron e se comprometeron ao incremento do 20 ao 50 por cento —ou incluso o señor Besteiro falou dun setenta por cento—; comprometéronse tamén á gratuidade da AP-9 e da AP-53, e recorda —como moi ben vostede di, señoría— que a AP-53 non só é que sexa a autoestrada máis cara que temos en España, senón que é a única que non ten ningún tipo de bonificación. Este feito esqueceuse de dicilo o señor ministro o pasado 10 de setembro na súa intervención no Senado, cando recoñecía que, efectivamente, non había cartos para os compromisos acadados cos galegos; dicía que ao mellor para o ano que vén. Semella que si que imos ter que escribirlle esa carta aos Reis Magos para mellorar e conservar as nosas infraestruturas. E falaremos e seguiremos, por suposto, defendendo que non podemos ter as autoestradas estatais máis caras e que, igual que transfere a titularidade de autovías e autoestradas noutras comunidades autónomas, teñen que facelo tamén aquí en Galicia. ¡Deixen de torpedear Galicia!

Señorías, hai que facelo xa e deixar de pór o desleixo que están a facer pola nosa comunidade autónoma. É evidente o profundo desinterese con que o Goberno do Estado —e, nomeadamente, o ministro Óscar Puente— despacha a transferencia da AP-9 e despacha as bonificacións, que —reitero— foron comprometidas. Pero por iso desde o Executivo galego teñan



por seguro que seguiremos a demandar un trato xusto e equitativo para Galicia, que seguiremos reclamando que se remate xa coa arbitrariedade e a falta de interese con que asumen os intereses e os compromisos que teñen con Galicia, que demandaremos un bo servizo para os nosos usuarios, que iso quere dicir unha boa conservación e unha boa seguridade viaria nas estradas, nas autovías e autoestradas nacionais que discorren pola nosa comunidade autónoma.

Señorías —e remato—, Galicia non espera, a mobilidade en Galicia non espera. A competitividade de Galicia non pode seguir agardando polas excusas do señor Óscar Puente. Basta xa de situar a nosa Galicia no último e na cola das prioridades deste Goberno central.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do plan desenvolvido pola Xunta de Galicia para a cobertura especial levada a cabo na atención sanitaria durante o verán

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Amigo Díaz, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Señor conselleiro, a falta de médicos é un problema global que impacta nos sistemas sanitarios de todas as comunidades autónomas deste país; tamén naquelas áreas que son directamente responsabilidade do Ministerio de Sanidade, como poden ser as cidades autónomas de Ceuta e Melilla ou a sanidade penitenciaria. Claro que xa sabemos como manexa esta responsabilidade o Goberno Sánchez. A responsabilidade da sanidade dos cárceres, a penitenciaria, descarga non poucas veces no Sergas ou directamente privatiza este servizo. E nas cidades autónomas a ministra ponlle deberes á *consejera* de Sanidade do Partido Popular de Ceuta para que contrate os MIR, pese a que esa competencia é da propia ministra, e ela supoñemos que o sabe.

O déficit de profesionais hai anos que se detectou. E quero recordar que xa en abril do ano 2018, cun Goberno do Partido Popular e sendo a ministra de Sanidade Dolors Montserrat, se acordou no seo dun consello interterritorial, onde a maioría dos gobernos non era do Partido Popular, senón de diferentes cores políticas, e foron quen de chegar a acordos e asinouse un documento con propostas de solucións para este grave problema. Claro que meses despois, en xuño, logo dunha moción de censura, chegou o señor Sánchez ao Goberno e todas estas medidas quedaron agochadas nun caixón, e, tristemente, seis anos despois e tras seis ministros non vemos solución a este problema. Ningún dos ministros de Sanidade do Goberno Sánchez solucionou o grave problema detectado, estudado e consensuado, e para o que o único que fai falta é vontade política para solucionalo.



Esta problemática de falta de sanitarios é máis acusada, efectivamente, nos meses de verán, polo que hai que compatibilizar o mantemento dunha asistencia sanitaria de calidade en todo o territorio co dereito dos profesionais ás súas merecidas vacacións. Consientes disto, e para facer fronte a este reto, o Goberno galego impulsou un plan de cobertura especial no período estival, un plan que reorganizou o sistema e foi capaz de incorporar diversas medidas de apoio. E somos coñecedores dese esforzo extraordinario que tanto a Xunta coma os profesionais do sistema do Servizo Galego de Saúde fixeron para que todos os galegos e os miles de visitantes que chegaron a Galicia tivesen tranquilidade sanitaria na época estival.

E por iso nós hoxe queríamos formularlle esta pregunta: ¿que balance fai o Goberno galego do desenvolvemento do plan de cobertura especial no período estival na sanidade galega?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Presidente.

Señoría, cando comezou este verán, a situación da axenda sanitaria prevíase complexa. Afrontabamos unha situación complicada derivada do déficit de persoal sanitario que afecta todas as comunidades. Unha situación ante a que o Ministerio de Sanidade, que ten a responsabilidade, permaneceu de brazos cruzados. Unha inacción e unha mala planificación que xa vén de lonxe e que nos leva a preguntarnos se o Ministerio de Sanidade non adopta as medidas necesarias porque ou non sabe ou porque non quere.

Ante esta situación na Xunta decidimos tomar a iniciativa e puxémonos a traballar para asegurar a asistencia sanitaria no verán. Puxemos en marcha un plan dotado con 12,5 millóns de euros para garantir unha asistencia sanitaria de calidade a todos os galegos. Agora, xa rematado o verán e con datos na man, teño que dicir que, fronte aos augurios catastrofistas dos grupos da oposición, o plan de cobertura sanitaria do verán da Xunta funcionou francamente ben e permitiu garantir a asistencia sanitaria en todo o territorio.

Contamos con arredor de catrocentos profesionais que reforzaron a atención aos galegos, trescentas persoas na bolsa de voluntarios, máis de vinte profesionais do 061 e cento once médicos residentes de cuarto curso que aceptaron a encomenda do Servizo Galego de Saúde. Iso pese ás reticencias e ás críticas iniciais infundadas lanzadas pola ministra de Sanidade e coreadas pola oposición galega. Ao final, tivo que rectificar e avalar o plan da Xunta, recoñecendo que os MIR de cuarto curso están perfectamente capacitados para axudar de forma voluntaria e incentivada e baixo supervisión.

Outro tipo de afirmacións como cualificar os médicos residentes como man de obra barata non se sustentan. Supoñen un desprezo ao coñecemento e á experiencia dos médicos residentes en formación. Unha nova metedura de zoca da ministra.



O certo é que o plan de cobertura estival que desenvolvemos nos permitiu dispor este verán de máis profesionais que nunca para prestar servizo. A media diaria de profesionais contratados polo Servizo Galego de Saúde nos meses de xullo e agosto foi de máis de corenta e oito mil, é dicir, de mil cincocentos máis que o ano pasado. A súa dedicación non só nos permitiu manter a actividade, xa que mantivemos o número de consultas en Atención Primaria e tamén as probas diagnósticas. Tamén fomos quen de operar máis e operar máis patoloxías prioritarias reducindo as esperas. Grazas a ese plan demostramos unha vez máis que o verdadeiro valor da sanidade pública galega é o seu capital humano.

Por iso, traballamos para reter no noso sistema a maioría dos médicos residentes. E nese sentido podo avanzarlles xa que temos conseguido captar para o Servizo Galego de Saúde o oitenta e catro por cento dos médicos residentes de Medicina Familiar e Comunitaria que remataron este ano a súa formación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, conselleiro, por poñer branco sobre negro, por transmitir estes datos que lle acabamos de escoitar sobre como se afrontou a situación sanitaria no verán na nosa comunidade autónoma.

Estamos cansados das críticas que acotío escoitamos por parte da oposición. E, afortunadamente, en Galicia contamos cunha sanidade pública excelente, cun Goberno que se ocupa e se preocupa por que a cidadanía conte cos mellores servizos. Somos coñecedores do grave problema de falta de sanitarios que afecta todo o país e tamén na nosa comunidade, como dicía vostede. Mentres, desde o Goberno central, que ten a maior parte das competencias para solucionar este grave problema, non se fai nada; afortunadamente, en Galicia trabállase e soluciónase.

En Galicia, cun Goberno serio, a Consellería de Sanidade que vostede dirixe, consciente deste problema, puxo todos os medios dispoñibles para poñer remedios encamiñados a coidar a saúde dos galegos. Agradecemos que nos transmitise estes datos da xestión feita na etapa estival e ese esforzo a maiores que lle escoitamos por reter aquí o máximo número de médicos internos residentes.

Nesta segunda quenda, gustaríanos que, se pode, nos ampliase un pouco máis os datos da actividade deste verán e coñecer se ademais deses estupendos datos dos médicos de Familia que van quedar aquí, se nalgunha outra especialidade tamén foron capaces de reter.

Agradézolle de novo a súa resposta porque é importante que veña aquí dar datos veraces.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señoría, na consellería somos moi conscientes de que o maior valor da sanidade pública galega son os profesionais, o pilar fundamental do noso Sistema público de saúde. Témolos en conta a diario en calquera decisión que tomamos co obxectivo de poñelos no centro das nosas políticas.

Os datos de cobertura e a asistencia que logramos no verán demostran o compromiso firme de todos os profesionais co sistema sanitario público. Cando se precise arrimar o ombreiro sempre están aí para axudar. Recoñecemos e agradecemosllo.

Grazas ao traballo diario deses corenta e oito mil profesionais logramos facer mil catrocentas cirurxías programadas máis, realizar máis de cincocentas cirurxías de prioridade 1, o que supón un oito por cento máis que no mesmo período do ano pasado; incrementar un seis por cento a atención en Urgencias hospitalarias, con máis de dezaseis mil asistencias atendidas; aumentaron 6,1 % a atención urxente nos PAC, coa conseguinte diminución de derivación aos hospitais; mantivemos o número de probas diagnósticas, un millón e medio de probas, e tamén as consultas de Atención Primaria, e os profesionais do 061 atenderon case duascenas dez mil chamadas, cinco mil máis que o ano pasado, das cales o noventa por cento foron atendidas en menos de dez segundos.

O plan de cobertura sanitaria do verán da Xunta, que algún cualificou absurdamente de ocorrencia, demostrou a súa efectividade na asistencia á poboación e tivo unha grande acollida entre o persoal; demostrou que o verdadeiro valor da sanidade pública galega é o seu capital humano, e deixou claro que, fronte aos catastrofismos e aos intentos de desprestixiar a sanidade pública galega dalgúns, a Xunta adoptou as medidas necesarias para garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación.

A efectividade das medidas que puxemos en marcha fai que nos esteamos plantexando manter a bolsa de voluntarios para as tempadas onde a presión asistencial aumente. Será unha ferramenta que nos permita actuar con axilidade e versatilidade ante os picos de demanda do sistema.

E, como xa dixen, tamén traballamos para reter no noso sistema sanitario público os médicos residentes de Atención Primaria e Pediatría que nos axudaron no verán. A ministra de Sanidade escribiunos unha carta a semana pasada na que nos recomendaba facelo, a cinco días de rematar a formación dos MIR. ¡Menos mal que en Galicia nos lembramos de facelo antes ca ela! Así, logramos reter para o Servizo Galego de Saúde o oitenta e catro por cento dos profesionais de Medicina de Familia e Comunitaria que rematan a súa formación este verán, e serán dezaoto pediatras de Atención Primaria, cinco máis, que logramos reter o pasado ano, e quedarán traballando no sistema público galego un sesenta e nove por cento deles.

Queremos fortalecer o noso sistema sanitario co máximo número de profesionais que se formaron, facendo todo o posible para captar novos especialistas e coido...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): ...que o temos logrado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.


Ben, non hai máis preguntas.

Eu quería darlles as grazas hoxe a todos vostedes, aos deputados, por facilitar que pese a haber pleno puideramos inaugurar hoxe as obras de acceso, que garanten e fan máis fácil a accesibilidade a toda a xente.

Grazas.

Remata a sesión ás cinco e vinte e catro minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

